

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día trinta e un de marzo de dous mil dezasete, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O deputado do Grupo Socialista, don Miguel Bautista Carballo, estivo ausente na votación do punto quinto da orde do día.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación do punto oitavo da orde do día, ausentouse do salón de sesións canto se trataba o punto décimo cuarto e non regresou.

O deputado do Grupo Popular, don Juan Anta Rodríguez, estivo ausente na votación do punto décimo da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2017.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 24 de febreiro de 2017, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 24 de febreiro de 2017 é aprobada por unanimidade.

2º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AO ATENEO DE OURENSE.-

O Sr. presidente anuncia que esta é unha proposta de acordo que se trae a Pleno despois de ser exposta na Xunta de Portavoces que se celebrou antes desta sesión plenaria e a continuación dálle lectura, co seguinte contido:

“Con data 24 de marzo de 2017 recibíuse nesta Deputación Provincial un escrito asinado por don Pablo S. González Prieto, como portavoz do Ateneo de Ourense, no que solicita a adopción por parte do Pleno dunha serie de acordos de apoio á dita institución social e cultural.

Tendo en conta as razóns expostas no dito escrito, propónselle ao Pleno a aprobación da seguinte declaración institucional:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a dispoñer, como titora do Ateneo de Ourense, un local para a exposición das obras de arte así como un salón de actos para a continuidade da actividade cultural da entidade, dotándoo dun espazo de oficinas necesarios para o desenvolvemento do seu traballo.

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia que colabore, como titora do Ateneo, no mantemento das súas actividades.

3º.- En tanto non se resolva o emprazamento definitivo do Ateneo nunhas dependencias dependentes da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense manifesta o seu compromiso de poñer a disposición do Ateneo de Ourense unhas instalacións provisionais que permitan manter a súa actividade. Para tal efecto, a Deputación Provincial procederá a estudar, en colaboración co Ateneo de Ourense, as posibles fórmulas de colaboración ao respecto”.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: sí, bueno Democracia Orensana, como ya citamos ayer en el Concello de Orense, nosotros no

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

estamos a favor de esta declaración institucional, pues nosotros lo que creemos es que, desde luego sí puede haber cierto tipo de locales para que utilicen todos los ciudadanos; pero no se pueden hacer cotos privados, y en este sentido dotar al Ateneo de esta prerrogativa de buscar un local en concreto para el Ateneo, sería algo muy aristocrático. Es decir, simplemente por temas de tener pedigrí a esta asociación sí y a la otra no. La pregunta es, ¿por qué no tienen, por ejemplo asociaciones que hay en el Puente, más consideración? El Ateneo tiene actualmente 85 socios, tiene menos socios que algunas peñas de equipos de fútbol, o sea, tiene menos socios que algunas peñas de equipos de fútbol; si tan importante es para Orense el Ateneo ¿por qué solo tiene 85 socios?, ¿por qué cayó el número de socios exponencialmente?, o sea hacia abajo, ¿por qué?, ¿por qué cayó de esa forma? Un decaimiento exponencial, pues que alguien lo explique. Es decir, si tan importante es, la sociedad no avala esa importancia en socios; al contrario, la sociedad le ha dado la espalda al Ateneo. Sus propios socios le han dado la espalda. Si los socios le han dado la espalda ¿por qué ustedes aquí con dinero público quieren ir en contra de la sociedad? Yo les hago una pregunta, todos ustedes van a apoyar esta declaración institucional excepto Democracia Orensana. ¿Cuántos de los que hay aquí son socios del Ateneo? Porque es algo súper importante. ¿Cuántos son? Posiblemente ninguno. Si alguien es que levante la mano. Yo creo que ninguno. Entonces, si ustedes, ni siquiera ustedes son socios del Ateneo, ¿cómo pueden decir que es vital para esta ciudad y que hay que mantenerlo con dinero público? Si ustedes no se mojan. Es que eso es realmente una auténtica hipocresía. O sea, ustedes quieren que los demás hagan lo que ustedes no quieren hacer con su dinero. Ser solidarios con dinero ajeno es muy fácil, es que así es solidario cualquiera. Además un poco lo que comentábamos ayer en el tema del Concello, quieren un local en Orense, pero no quieren un local en los barrios. El local en los barrios es para conseguir votos, que los barrios son muy importantes; pero a la hora de la verdad: no, no, yo quiero un local en el centro, y es un poco lo que nosotros vemos. Luego está otro tema que es el tema de la contracultura. Lo que realmente hoy en día pretende el Ateneo es meternos a calzador su modo de cultura y hoy en día lo que hace avanzar a las sociedades no es esta cultura que ustedes quieren hacer con temas de pedigrí, sino la contracultura. Y desde luego apadrinando y pagando con dinero público una institución que sus socios le han dado la espalda, es realmente desoír, es realmente no hacerle caso a lo que está

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

demandando el pueblo; y el pueblo realmente no hay un clamor por el Ateneo porque tiene 85 socios. Estos días están recogiendo firmas de apoyo y la gente firma para apoyar al Ateneo, pero como hay que firmar es firmando cheques; es decir, pagando cuotas, dándose de alta. Así se apoya al Ateneo. Tiene, al parecer según el otro día decían, 35 asociaciones que apoyan al Ateneo, 35. Oye, casi más que socios. Con que alguna de esas asociaciones aporte 50 euros, ya está el Ateneo salvado. Entonces, menos boca, como decía aquel o o como era aquilo, como era aquel chiste: menos samba e máis traballar. Pues, menos palabrería y más apoquinar; porque hablamos de gente de clase media, la gente de clase media no es gente pobre. A la gente que está necesitada hay que ayudarla. Democracia Ourensana siempre cree en el libre mercado, pero a los que se queden atrás hay que ayudarles. Una persona que se quede atrás, o una persona que no puede, los tenemos que ayudar. Libre mercado sí, pero el que se quede atrás hay que ayudarlo. Ahora, si son gente de clase media que tienen dinero, ellos sabrán lo qué hacer con su dinero. Entonces, que la gente se asocie o no. Entonces, si alguien no tuviera dinero, habrá que ayudarlo; pero la gente de clase media que haga con su dinero lo que considere. Entonces, el Ateneo, si alguien se quiere dar de alta y pagar esas cuotas, bien y si no, no. Lo mismo que el Club Deportivo Orense, el Club Deportivo Orense es una institución que tenía mucha más historia, mucho más arraigo en la ciudad y por supuesto, arrastraba miles de aficionados y sin embargo esta institución lo dejó caer; y nosotros lo vemos bien, el dinero público no está para socorrer a Club Deportivo Orense, ¿por qué al Ateneo sí? Contéstenme esa incongruencia. Nada más.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Non se producen máis intervencións co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e o voto en contra de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a dispoñer, como titora do Ateneo de Ourense, un local para a exposición das obras de arte así como un salón de actos para a continuidade da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

actividade cultural da entidade, dotándoo dun espazo de oficinas necesarios para o desenvolvemento do seu traballo.

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia que colabore, como titora do Ateneo, no mantemento das súas actividades.

3º.- En tanto non se resolva o emprazamento definitivo do Ateneo nunhas dependencias dependentes da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense manifesta o seu compromiso de poñer a disposición do Ateneo de Ourense unhas instalacións provisionais que permitan manter a súa actividade. Para tal efecto, a Deputación Provincial procederá a estudar, en colaboración do Ateneo de Ourense, as posibles fórmulas de colaboración ao respecto.

3º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO AOS CONCELLOS AFECTADOS POLA AGRUPACIÓN DAS OFICINAS DO REXISTRO DA PROPIEDAD.

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda de engádega ao último parágrafo da declaración, que se tramitará como tal, e por isto cédelle a palabra ao BNG.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas, Sr. Presidente, e bo día a todas e a todos. Ben, como xa explicou esta foi una proposta que se presentou a última hora na xunta de portavoces e nós inicialmente, comprometemos o noso apoio; mais logo despois de ver en que sentido ían os acordos que se tomaron, como por exemplo no Concello de Viana; pois entendemos que o acordo debería ser un pouco máis contundente no sentido da proposta de emenda que presentamos e que simplemente afectaría ao último parágrafo e quedaría redactado do seguinte xeito que, en vez da redacción orixinal, sería: *ao mesmo tempo o Pleno da Corporación provincial demándalle ao Ministerio de Xustiza a derogación do Real decreto 195/2017 e manter en activo estas dependencias, sumándose a todas as acción encamiñadas a defender o mantemento dos mesmos nas condicións actuais.* Entendemos que a forma de poñer na práctica as demandas dos concellos é que as oficinas do Rexistro da Propiedade afectadas non se vexan afectadas e non desaparezan, é precisamente a forma máis práctica é eliminando e derogando o Real decreto, como digo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

É o acordo que se tomou no Concello de Viana e entendemos que é o acordo en que debería ir en todo caso no mesmo sentido, de aí ven a nosa emenda. Nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, bos días a todos. Nós absterémonos neste punto da orde do día. Considerarmos que os Rexistros da Propiedade non son unha das prioridades que ten a cidadanía da provincia á hora de pensar pois si están nun sitio ou están noutro. Temos que ter en conta que o Rexistro da propiedade non é un servizo que un cidadán utilice de xeito permanente, cantas veces ao mellor na vida, xa non digo ao longo do ano, digo na vida, imos a un rexistro da propiedade? A un rexistro da propiedade vaise de xeito moi conxuntural e moi excepcional e chegado o caso, dada esa excepcionalidade do feito, pois non ten maior importancia para o cidadán medio ter que facer un día concreto na vida ou cada dez anos, dez quilómetros máis, ou dez quilómetros menos ou vinte. Establezo a comparación, por exemplo, co que falamos o mes pasado, no que nós presentamos unha moción, un de cuxos puntos era pedir que non se desmantelasen os servizos da Guarda Civil. Moción na que o Partido Popular votou en contra, por exemplo, e o PSOE tamén se non lembro mal. Os postos da Garda Civil si que lle preocupan á cidadanía, sobre todo á cidadanía do rural tal e como se estivo vendo toda esta temporada, polos feitos que xa coñecemos. Entonces, un desmantelamento dos postos da Garda Civil si que é unha cousa que preocupa aos cidadáns. O desmantelamento das sucursais bancarias, aínda que son cousas privadas, pois tamén é un servizo que a cidadanía utiliza de xeito cotiá; aí tamén habería que facer algo, aínda que son cousas privadas. E coma estes, moitos outros servizos que se están desmantelando no rural e que si preocupan ao cidadán. O do Rexistro da Propiedade, home, o que lle dicía antes, que cada cinco anos un teña que ir rexistrar a compra dun piso -ou dunha propiedade- ou de cada dez; non é unha cousa que vexamos importante para á cidadanía. Tampouco nos vamos a opoñer, entón optaremos pola abstención. A nós parécenos que isto, é unha impresión que temos, isto parece máis pensado en defender os dereitos dos rexistradores ou de certos colectivos, ou de certos intereses corporativos, máis que interese propio da cidadanía. Entón, como digo, absterémonos neste punto e tamén nas emendas. Grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, moitas grazas e bo día a todos e a todas. Nós imos a votar a favor da emenda, imos a votar tamén a favor da proposta. Nós estamos en contra, vímolos dicindo varias veces, que se pechen servizos no rural, servizos de proximidade. Hai que lembrar que o Rexistro da Propiedade, a parte de funcionar como un rexistro da propiedade, actúan tamén como oficinas liquidadoras de determinados tributos da Xunta de Galicia, co cal aloxaríamos aínda máis servizos da cidadanía. Hai unha cousa tamén, que este reparto que se fai de novo, os concellos que estaban, por exemplo, que estaban adscritos, pertencían a Pobra de Trives ou Viana do Bolo, e pasalos todos, así sen máis, sen facer un reparto, pois supón unha dificultade engadida para os veciños deses pobos. É dicir, Montederramo non ten sentido que se despracen cara ó Barco, en todo caso quedaríalles máis cerca Ourense, por poñer un exemplo. Imos a votar a favor tanto da emenda, xa digo, danos igual que se derroque, o que nós queremos é que non vaia a diante este reparto. Houbo unha reunión por parte, creo que co señor vicepresidente da Deputación, cos concellos afectados; imaxino que aí se tomarían acordos. Nós vamos a partir diso e vamos a votar a favor

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, grazas presidente, moi bo días señoras e señores deputados e cantos nos acompañan neste Pleno provincial. A verdade é que eu levo unha grande sorpresa, porque estamos diante dun acordo institucional, dunha declaración institucional e polo que oín aquí parece que estamos diante dunha moción ou dunha iniciativa. Haberá que agora pór mocións e iniciativas e non acordos institucionais, porque desde que se poñen emendas a declaracións institucionais, pois *apaga e vámonos*, de declaración institucional isto xa non ten nada. Nós seguimos coa idea de que o presentado e acordado na Xunta de portavoces é o texto orixinal, como declaración institucional; todo o que vén despois é desvirtuar unha declaración institucional, polo tanto eu creo que non é de recibo nin é serio que se veña cunha modificación, tipo emenda, a emendar – valga a redundancia- o que é unha declaración institucional. É máis, deuse unha rolda de prensa cos alcaldes afectados no seu momento, co texto orixinal, polo tanto nós o que imos propiciar, a votar, é o texto orixinal como Declaración institucional e sinto que, se non están de acordo, haxa que votar pois de forma separada unha emenda e despois o texto, porque xa deixa de ser unha declaración institucional. Nada máis e moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (1).

A continuación sométese a votación a proposta de acordo da declaración e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

A Deputación de Ourense expresa o seu rexeitamento a calquera medida que implique a desaparición das oficinas do Rexistro da Propiedade nos concellos de Bande, Celanova, Ribadavia, A Pobra de Trives e Viana do Bolo, así como no futuro de calquera outro municipio que xa conte con este servizo.

Ao mesmo tempo, o Pleno da Corporación provincial insta ao Ministerio de Xustiza a manter en activo estas dependencias, así como clarificar o alcance da denominada "agrupación funcional" e manifestar expresamente se continuarán abertos os cinco rexistros afectados na provincia de Ourense polo Real Decreto 195/2017.

4º.- MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR UN SISTEMA DE CONCERTO PARA FINANCIAR OS SERVIZOS PÚBLICOS EN GALICIA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que defenda o seu contido.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Vou en primeiro lugar dar lectura á exposición de motivos e aos acordos que traemos a este Pleno. O actual sistema estatal de financiamento autonómico, vixente desde o ano 2009, amosou a súa ineficacia para atender os servizos públicos básicos durante a crise. A Conferencia de Presidentes que tivo lugar en xaneiro de 2017 unicamente acordou iniciar os traballos para a súa revisión, xa que desde 2014 estaba prorrogado por decisión unilateral do Goberno central. As conclusións deste conclave deixan entrever que o Goberno central e os gobernos das comunidades autónomas presentes non teñen interese en facer unha revisión a fondo do sistema de financiamento, mantendo en mans da administración central

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

do Estado a maior parte da capacidade fiscal e recadatoria. Desde o BNG cremos necesario mudar o actual modelo, onde Galiza recibe o que se acorda desde Madrid, sen capacidade para exercermos unha política fiscal propia. Galiza ten competencias en políticas sociais fundamentais, xestionando os servizos básicos máis relevantes: sanidade, educación, servizos sociais, ou dependencia. Asume, por tanto, a responsabilidade sobre unha parte importante das denominadas políticas de benestar, que requiren de elevados recursos económicos para o seu funcionamento. A pesar diso, este sistema de financiamento, baseado en transferencias e cesión de impostos, apenas lle permite a Galiza decidir realmente sobre a política fiscal, sobre a xestión e recadación dos impostos que se pagan aquí, que son o soporte que realmente financia as competencias e servizos básicos atribuídos a Galiza. O proceso consecuente coa descentralización competencial habería de configurarse arredor do principio polo cal a quen lle corresponde manter os servizos esenciais para a maioría social, tamén ha de ostentar a responsabilidade da política fiscal. Nestes momentos, a Xunta de Galiza, en virtude da descentralización competencial, é titular dos servizos básicos anteditos co que destina a maior parte do seu orzamento a gastos de políticas sociais. O propio goberno galego actual cifra en 7 de cada 10 euros a porcentaxe de fondos do orzamento da Xunta destinados a políticas sociais e, non obstante, a pesar de exercer as competencias nos servizos públicos básicos e do gasto social, non ten capacidade para responsabilizarse do ingreso para financialo. Así, no que atinxe aos ingresos, case 2 de cada 3 euros do orzamento da Xunta de Galiza dependen do sistema de financiamento común, cuxas decisións fundamentais determina o Estado. Dunha banda, pola capacidade á hora de fixar os mecanismos do reparto, pois o Estado ten os mesmos votos que o conxunto de todas as comunidades autónomas no Consello de Política Fiscal e Financeira; doutra banda, porque estes recursos teñen orixe na política fiscal, cuxo deseño e aplicación a través da regulación e recadación dos principais tributos tamén exerce o tamén goberno central. Se Galiza optase por un sistema de concerto económico co Estado español, sería a Xunta de Galiza, como administración responsable de cada un dos servizos públicos básicos, quen decidise o diñeiro destinado a estes e responsable de decidir sobre os impostos. Iso suporía que as persoas obrigadas pola imposición fiscal poden identificar con maior clareza o custo - beneficio do gasto público. Certamente, cun sistema de concerto para Galiza avanzamos á hora de decidir por nós mesmos, mais tamén nos convén dende o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

punto de vista económico, tamén gañamos diñeiro para atender ás competencias do noso país. O BNG aposta por un sistema máis racional e transparente desde o punto de vista económico que o actual, centralizado e controlado desde o Estado que logo reviste coa denominada “solidariedade interterritorial”, que nunca tivo unha demostración empírica da súa aplicación. Fronte ao actual sistema de financiamento autonómico só dous territorios tiveron un sistema de concerto co Estado, e nunca entraron nas leas sobre a suficiencia do modelo, as eivas para financiar os servizos básicos, e outras similares. Ao contrario, os modelos de concerto vasco e navarro atinxiron sempre altos niveis de consenso entre as administracións implicadas, e conseguiron ademais que as facendas destes territorios gozasen dunha maior suficiencia financeira, e mesmo acreditaron unha maior eficacia á hora da aplicación da política fiscal. Ademais, agora xa se están a expresar voces autorizadas a prol do concerto económico entre o Estado e Cataluña, como foi o caso do propio presidente da Xunta, Núñez Feijoo, quen, en novembro pasado, se amosou disposto a discutir que Cataluña teña un concerto similar ao vasco ou navarro. Iso implicaría que as nacións (nacionalidades históricas na terminoloxía constitucional) gocen dun sistema de relacións económicas e fiscais bilaterais co Estado, co que Galiza non pode ficar á marxe, do contrario estaría a admitirse unha intolerable rebaixa do seu status institucional e político. Por iso queremos un financiamento propio para o noso país, con plena capacidade para deseñar a política fiscal. Sen política fiscal propia, sen un modelo onde a xestión do gasto vaia ligada á do ingreso, sen facenda galega que regule e recade os nosos recursos económicos, non hai garantía de financiamento dos nosos servizos públicos básicos nin do deseño dunha política económica propia de políticas acaídas de estímulo aos nosos sectores produtivos. Non pode haber redistribución social se non podemos incidir directamente cunha política fiscal deseñada e xestionada desde Galiza. As galegas e os galegos estamos a contribuír con máis diñeiro en impostos ao Estado español do que o Goberno central logo transfere para o noso financiamento. Se nos remitimos ás liquidacións tributarias, a recadación dos impostos en Galiza asignados ao sistema de financiamento (datos de 2014, que son os últimos dispoñibles) foi de 9.188 millóns de euros, e engadindo a parte que nos correspondería de impostos totalmente centralizados (entre eles o Imposto de Sociedades) en función do peso económico de Galiza no conxunto do Estado (1.942 millóns máis) a recadación final ascende a 11.131 millóns de euros. Pola súa banda, as remesas do sistema

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

de financiamento a Galiza foron no ano 2014: 7.034 millóns de euros. O sistema de concerto permite mellorar o financiamento dos servizos básicos, ampliar as competencias asumidas para incorporar á administración galega (salvamento marítimo, policía galega, etcétera...) e, sobre todo, asumir a administración do financiamento dos concellos de Galiza e unha distribución acorde á realidade local galega e superar o actual reparto discriminatorio do Estado que para concellos de menos de 75.000 habitantes non ten en conta os maiores custos que supoñen a dispersión xeográfica e o avellentamento, ou premiando a concentración poboacional de Madrid, Barcelona ou Valencia, en detrimento de Vigo, A Coruña ou Ourense. Tamén se evitaría que se dese preferencia desde o Goberno central a destinar os nosos impostos para rescatar a banca privada, manter o avultado financiamento de defensa e armamento militar ou soste un aparello burocrático centralizado sen vinculación coa prestación de servizos. Fronte á idea dunha Galiza deficitaria, o noso país ten capacidade propia, xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos, apoiar aos sectores produtivos, e mesmo mellorar o financiamento dos concellos galegos en base a un reparto con criterios propios. Por todo isto, nós, traemos hoxe a este Pleno a adopción dos seguintes acordos: en primeiro lugar, *instar ao Goberno galego a:*

a) Defender un novo acordo de financiamento para Galiza, baseado no concerto económico, na atribución a Galiza da plena capacidade normativa e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados en Galiza, para asegurar a consecución efectiva do principio de progresividade fiscal no sistema impositivo.

b) Demandar, con base no modelo de concerto económico, a territorialización completa dos tributos do sistema fiscal soportados en Galiza, con capacidade normativa plena para os adaptar ás necesidades de Galiza e para dotar o goberno galego dun elemento esencial de autogoberno: a política fiscal.

c) Impulsar a creación dunha Axencia Tributaria Galega, que tería capacidade para a organización e o exercicio de todas as funcións propias da xestión tributaria (exacción, xestión, recadación, revisión, sanción e inspección), como única administración responsable, de todos os tributos soportados en Galiza. Esta Axencia sería encargada de levar a termo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

- *A transferencia dos recursos necesarios desde Galiza ao Estado en concepto do custo das competencias e dos servizos comúns prestados que afecten a Galiza, que será fixada con carácter plurianual e revisable en función de criterios e parámetros obxectivos.*

- *E a transferencia aos concellos galegos, con base nun modelo propio de financiamento local, dos recursos necesarios para atenderen as súas competencias e servizos locais con criterios propios que permitan unha adaptación ás características do territorio e da organización local galega*

d) *Finalmente, promover a creación dun mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa, que sirva de elemento verdadeiro para a redución das actuais diferenzas nos niveis de servizos e infraestruturas e que contribúa a unha verdadeira converxencia nos niveis de renda entre os diversos territorios do Estado.*

E, en segundo lugar, *trasladar este acordo ao presidente do Goberno galego, ao presidente do Parlamento de Galiza e ás persoas portavoces do grupos parlamentarios.* De momento nada máis, moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: *Hola, muchas gracias otra vez. Dice aquí, la megalomanía es una condición psicopatológica caracterizada por fantasías delirantes de poder, relevancia, omnipotencia y por una hinchida autoestima. Vemos que el tema de la megalomanía que profesa el señor presidente de la Diputación, se contagia. La megalomanía del que lleva ya 19 viajes en un año y Ourense sigue siendo la última provincia de España –ya ves de que sirven -, tiene paranoias de que es ministro del Interior, ministro del Exterior, perdón, Baltar tiene paranoias de ser ministro del exterior; pues eso también se pega aquí, al Bloque, porque vienen con una moción, preciosa, porque el nacionalismo es un debate precioso, para debatir en Europa, en la ONU, en España y en Galicia; pero las competencias de la Diputación, desde luego, no tienen nada que ver con esto que nos trae aquí este señor. Son solamente una pérdida de tiempo y es un tema delirante. Ellos deben pensar que desde aquí podemos hacer algo; aquí solo se puede hacer algo en las urnas, pero en la Diputación el tema de instar para este tema es reírse de los ciudadanos. Por supuesto en esto nos vamos a abstener, como en todas, porque es un tema que no es competencia de Ourense, pero*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

además no es particular de Ourense. Se podría instar a la Xunta, cuando es algo singular de Ourense; en este caso no lo es. Es simplemente propaganda electoral. Decir simplemente que me responda el señor del Bloque algunas preguntas. Si él, como mantiene el discurso de los del Bloque, de los nacionalistas, dicen que las decisiones de los gallegos se toman mejor si las toman los gallegos y se diseñan mejor los sistemas si los diseñan los propios gallegos. Si es para los gallegos, está mejor diseñado por los gallegos. Entonces que me diga por favor, si para hacer teléfonos móviles, los teléfonos móviles que usemos los gallegos, mejor que los diseñen los ingenieros gallegos; porque serán mejores que otro ingeniero. Y los coches que usemos los gallegos mejor que los diseñen los ingenieros gallegos, porque se supone que van a ser mejores, según su razonamiento. Se da a entender que la gente de aquí vamos a diseñar mejor que los de afuera. El mundo realmente para ser eficaz hace otras cosas, se centraliza. Se centraliza para ser mucho más eficaz, no solo en conocimientos, sino también en costes. Y le voy a poner aquí un ejemplo, siempre pongo este ejemplo con el tema de los nacionalismos, primero el de Ourense. O sea, si ese discurso que defiende el Bloque es correcto, también es correcto seguir diseccionando, no parar en Galicia; es decir, hagamos también la disección y que Ourense también sea autosuficiente y cobre sus impuestos, y se autoadministre Ourense y diseñe sus sistemas, ¿por qué tiene que ser Galicia lo mejor? Si es bueno el ir separando en el Estado, no pares en Santiago que también Ourense haga eso y luego que el Barco también haga lo mismo con Ourense, que haga una secesión. Y yo quiero ponerle aquí un ejemplo que siempre pongo con los nacionalismos que es el siguiente: fíjense ustedes la diferencia en los nacionalismos que hay, que esto lo vemos en el mundo claramente, entre Estados Unidos e Sudamérica. Estados Unidos se independizó de Inglaterra, Sudamérica de España; pero cada uno después se siguió independizando, cada uno haciendo su historia. Fíjense que es Estados Unidos y que es Sudamérica, pues eso es lo mismo.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, moitas grazas. Vaia por diante que nós estamos de acordo dun novo financiamento para Galicia, que incremente os fondos que percibimos e que teña en conta singularidades propias de Galicia para financiar o custe deses servizos básicos; como cando falamos de dispersión, de avellentamento, botamos en falta que se teñan en contra estes criterios á hora de financiar, de acordar un novo financiamento local. Pero ao que xa non estamos tanto de acordo é nun

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

sistema baseado no concerto económico similar aos *cupos* vasco e navarro. Di un profesor da Universidade de Santiago de Compostela, Miguel Ángel Vázquez Taín, que os *cupos* vasco e navarro son anacronismos, e di outro profesor de facenda pública da Universidade de Santiago de Compostela e voceiro do Partido Socialista no Parlamento Galego, que os concertos vasco e navarro xeran privilexios inaceptables. Nós creemos que este modelo é prexudicial para Galicia porque prexudícanos, non son para nada equiparables a situación do País Vasco e de Navarra, económica nin socialmente, á galega, e poñería en cuestión a estabilidade financeira da Xunta de Galicia. No caso de implantarse este modelo tamén noutros territorios dos estado, das comunidades autónomas, suporía unha merma para Galicia cifrada nuns mil millóns de euros. Poderíamos, poderíase dar o caso que, quedándonos co cen por cento da recadación, non chegaríamos a pagar todo o que precisa a comunidade autónoma. Nós defendemos unha reforma do modelo de financiamento autonómico que camiñe ou que afonde no federalismo fiscal. As comunidades autónomas teñen competencias heteroxéneas e polo tanto precisamos dun financiamento heteroxéneo. Un financiamento, que segundo nós, debería estar baseada nos seguintes criterios: primeiro, na corrección dos desequilibrios e insuficiencia financeira; segundo, na equidade e solidariedade plena; terceiro, na estabilidade; cuarto, na autonomía financeira entendida como participación das comunidades autónomas nas decisións tributarias daqueles impostos que comparten as bases –como o IVE- tamén nos tributos cedidos á avanzar na capacidade normativa tamén das comunidades autónomas, e ter tamén unha participación efectiva nos órganos de dirección da Axencia Tributaria a nivel estatal; o quinto criterio sería a lealdade constitucional e coordinación e o sexto a sustentabilidade. Criterios que son por certo os mesmos que defendeu o grupo parlamentario socialista no Parlamento de Galicia a principios deste ano. Polo tanto, nós non imos a apoiar esta moción aínda estando de acordo na necesidade dunha mellora do financiamento autonómico, e tamén, por certo que creo que ao mellor sería máis acaído traelo aquí, do financiamento local. Cando se fala de financiamento autonómica sempre queda atrás e sempre se fala de levala ao mesmo tempo e que sexa unha negociación paralela, pero sempre queda adiada e esa é unha gran eiva que temos. Botamos en falta que se trouxera aquí, aínda estamos a tempo de traer tamén unha moción instando a que se mellore o financiamento local. Nos datos que se manexan, que é unha cousa importante porque o que é medible non é opinable, nós

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

botamos en falta e non sabemos –igual se nos aclara- si neses datos que nos ofrecen están incluídos tamén as pensións da Seguridade Social, que é un dato tamén que nos estimamos que se debería de ter en conta. Non moito máis para esta primeira intervención, en todo caso expresarémonos na seguinte.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, moitas grazas presidente. A verdade señor Rodríguez Suárez sabemos que o BNG ten, e eu creo, que a todo tren, que buscar seu espazo dentro do nacionalismo. Andan as mareas por aí, verdade? En determinadas propostas como estas prima máis os intereses de partido, os intereses partidarios y os intereses nacionalistas que os intereses de Galicia, ao Partido Popular interésanlle os intereses de Galicia, é o que lle importa. E para os nacionalistas, e o sabemos desde hai moito tempo, falar de concertos, falar de *cupos*, resolver cuestións identitarias ás que tanto apelan no modelo do financiamento probablemente lle sexa a que lle é máis positivo, élle máis positivo que falar de Galicia; pero para Galicia a moción que trae aquí, a iniciativa que trae aquí, non lle é importante, non lle é un bo negocio, como dirían os franceses, *rien de rien*. Hai que falar con propiedade e ben informados ademais, señor Rodríguez Suárez, Galicia non recada tanto como din vostedes. Non sei de onde sacan os 11.131 millóns de euros, non sei de onde lle saen as contas. Agora, dicir que Galicia ten unha capacidade recadatoria moi elevada equiparable á das outras comunidades autónomas non é unha realidade, lamentablemente. Mire, sendo como é Galicia unha comunidade autónoma cunha renda *per capita* por debaixo da media, non o vamos a discutir, así o é, sería prexudicial para Galicia o sistema de concerto como o do País Vasco. As cifras oficiais a verdade que non lle son as de máis de once mil millóns de euros. Por certo, o BNG fala da necesidade dunha Axencia Tributaria propia, di vostede no acordo que propoñen, do punto C: “*impulsar a creación dunha axencia tributaria galega*”. Oia, que é a ATRIGA? Axencia Tributaria Galega. Existe a Axencia Tributaria Galega que foi creada por Decreto 202/2012 de 18 de outubro e entrou en función o 1 de xaneiro de 2013; polo tanto dende hai catro anos, señor Rodríguez Suárez, Galicia está liquidando os impostos transferidos nunha axencia propia, a ATRIGA, non a nomeou, está creada. Os expertos en economía tamén opinan diferente ao BNG. Os expertos en economía tamén opinan diferente ao BNG. O Foro Económico de Galicia, dixo o señor Fraga Civeira nomeou ao señor Taín – por certo, da Merca-, pero eu dígolle o Foro Económico de Galicia, non será o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

Foro Económico de Galicia do Partido Popular, igual son tan atrevidos que din que é do Partido Popular o Foro Económico de Galicia; pero o Foro Económico de Galicia di textualmente, cifra en mil millóns de euros o prexuízo para Galicia. O seu informe di, textualmente: *”si o concerto non se aplicara só a algunhas comunidades e se convertese no sistema que adoptasen as comunidades autónomas, Galicia afrontaría unha perda aínda maior que no caso anterior; xa que si todos os recursos do sistema dependerán da capacidade fiscal propia a comunidade galega perdería ao redor dos mil millóns”*. Foro Económico de Galicia *dixit*, non o digo eu. Señores do BNG, o sistema de financiamento autonómico non pode servir para resolver os problemas identitarios. O obxectivo é obxectivar, valla a redundancia, o custo efectivo da prestación de servizos públicos. O Partido Popular nunca fala de territorios, fala de persoas. Trátase de prestar os mellores servizos en igualdade de condicións ás persoas, sexan as persoas maiores, sexan as persoas novas, sexan as persoas nenos e vivan onde vivan, sexan do rural, sexan do medio urbano. É por iso que na Conferencia de Presidentes o goberno galego traballou para lograr que se recoñecese a necesidade de tratar, especificamente, unha partida como é a do gasto sanitario, que como saben todos vostedes representa o 40% do orzamentos da Comunidade Autónoma, non é un tema tampouco baladí. Polo tanto, se queren chegar a acordos co Partido Popular, unámonos, únase tamén o BNG, e ten que pensar, como o PP, que Galicia si que ten encaixe no estado das autonomías; porque vemos que o BNG non, e introduce debates como este, que son estériles. Fíxense ben, o señor Fraga Civeira xa dixo cal ía ser a súa posición; foron socios do goberno galego, daquel goberno galego que grazas a Deus pouco durou e agora xa non están nin de acordo. Xa non estaban de acordo daquela, o que pasa é que tiñan que gobernar por conveniencia propia, por conveniencia partidaria como traen vostedes aquí esta iniciativa. Pídolle que lle diga aos seus correlixionarios do Bloque que hai que ter unha postura común en Galicia, a unión fai a forza, e que participe no deseño dun mellor modelo de financiamento autonómico partindo dunha posición, que hai que defender, que todos os cidadáns teñen dereito a acceder aos mesmos servizos con independencia do lugar onde residen. Os servizos préstanse para os cidadáns, non para os territorios. Polo tanto, iniciativas e acordos de modelos identitarios para resolver problemas do nacionalismo e de partido, porque a todo tren digo, e acabo como empecei, teñen que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

buscar o seu espazo, que llo están comendo, non. A nós interésanos Galicia e non nos interesa ningunha cuestión partidaria nin identitaria. Nada máis e moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. En primeiro lugar, o que me gustaría é que o señor vicepresidente, xa que parece ser que ten as cifras reais, gustaríanos a todos coñecer cales son esas cifras reais; porque precisamente son unha das incógnitas máis grandes ao falar deste tema. Nós fixemos un estudo, un estudo serio, un estudo documentado e un estudo que se pode analizar e que se pode revisar por calquera e se hai que poñerlle algunha corrección ou algunha emenda, pois está aí para facelo. Nós temos ese estudo, as cifras reais son descoñecidas e é un estudo que teño que dicir que é serio, que se fixo ao longo do tempo e que se fixo cuns parámetros conservadores á hora de facer as estimacións do que se recada e do que realmente ingresa o Estado español polos impostos recadados na nosa Nación. En todo caso, Todas as persoas que se ocuparon de estudar os recursos económicos de Galiza desde a perspectiva de termos vontade de existirmos politicamente, defenderon o concerto como sistema de financiamento dunha Galiza inserida nun Estado español democrático: Alfredo Brañas, as Irmandades da Fala e o Partido Galeguista, con Alexandre Bóveda á cabeza. A alternativa do concerto está, pois, na tradición do pensamento económico galego. Fronte á suposta incapacidade de Galiza, que por iso precisaría da tutela, dependencia e subordinación do Estado, para converter a autonomía nunha simple descentralización administrativa, o concerto fundaméntase na capacidade propia, na responsabilidade e na unión en pé de igualdade. O sistema actual e calquera modificación das súas variables están na liña de manter a idea de que Galiza vive grazas á solidariedade do Estado, no canto de comprobar de que vivimos do noso propio esforzo, sendo o Estado o resultado económico final de todas as persoas que o soportamos. O actual modelo de financiamento aplicado ao noso país (o sistema de financiamento común) atribúe ao Estado capacidade fiscal, de imposición dos tributos esenciais, tanto a nivel normativo como de recadación, xestión, liquidación e inspección, funcións que exerce a través da Axencia Tributaria. Este é un modelo centralizado, onde logo hai unha distribución entre as restantes administracións territoriais, Comunidades Autónomas e entidades locais (concellos e deputacións). Por iso entendemos relevante dar ese debate aquí, porque estamos a falar dun pilar básico da nosa administración local. Así, no caso de Galiza, a Administración Central do Estado controla

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

de xeito case absoluto os ingresos recadados e ademais resérvase a capacidade para determinar que parte queda para as institucións dependentes do goberno central e que porción destinará ao sistema de financiamento doutras administracións, distribuíndoos, por unha banda, á Xunta de Galiza, e, por outra parte, ás entidades locais. Aínda que ese reparto do sistema de financiamento se acorda no seo de institucións multilaterais, como o Consello de Política Fiscal e Financeira, con presenza das CCAA, ou a Comisión de Administración Local, que conta con representantes das administracións locais a nivel estatal, o Ministerio de Facenda ostenta a metade dos dereitos de votación, co cal a súa postura convértese en determinante. O Estado determina e xestiona a política fiscal en Galiza. Para alén diso, co pretexto da crise, introducíronse novos mecanismos de control dos orzamentos do noso país, que aferrollaron a nosa capacidade real para exercer plenamente as competencias e aplicar políticas económicas propias para recuperármonos da crise. O concerto económico é unha ferramenta necesaria para superar a dependencia de Galiza. Nestas alturas, padecemos un triplo espolio: espolio fiscal, da man deste modelo de financiamento dos servizos públicos e competencias, insuficiente para atender as necesidades reais do país; un espolio financeiro, coa privatización e expatriación do aforro galego mediante a privatización das nosas caixas; e un espolio enerxético, cun modelo de *esquilmación* dos nosos recursos sen posibilidade de dotarnos dunha tarifa eléctrica diferenciada. Mudar estes tres piares é imprescindible para ter unha Galiza con futuro, diferente, con control dos seus recursos e capacidade real de sacarlle todo o proveito ás nosas potencialidades e poñelas ao servizo das maiorías sociais, facendo así de Galiza, unha nación máis libre, próspera e xusta. De momento nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: nada máis en mi segunda intervención.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas. A ver, eu creo que podemos discutir sobre as interpretacións, pero o que non é aconsellable é discutir sobre os datos; deberíamos poñernos de acordo, fálase aquí de diferentes datos. Isto parte dos estudos das chamadas balanzas fiscais. Eu teño que lembrar que o Ministerio de Facenda, daquela pola petición reiterada de Cataluña, que alegaba precisamente tamén a súa condición de espoliada, encargou un informe a un comité de economistas, con Ángel de la Fuente á cabeza, que calculou e publicou os datos referidos ao 2012, e segundo ese

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

informe Galiza recibira 3.946 millóns de euros máis do que aportara ás arcas do Estado. Eu creo que ao falar de balanzas fiscais deberíamos poñernos de acordo antes sobre cal é a metodoloxía empregada nas mesmas, porque senón, claro, poden darnos estas cifras tan dispares. Volvo a insistir, temos en conta ou non as cifras das pensións da Seguridade Social? Porque ese é un dato moi importante para Galicia. Despois hai que ter en conta tamén, hai que dicir tamén si nas balanzas fiscais se aposta unicamente polo fluxo monetario no territorio ou se teñen en conta tamén fóra deste territorio, é dicir, aféctanos ou non a inversión que se está facendo en Zamora agora no AVE para Galicia?, ten transcendencia, si ou non? Eu coido que si. Polo tanto, xa o dixen antes, nós non podemos estar de acordo cun concerto económico como o que teñen no País Vasco e Navarra, na Comunidade Foral, porque parten dunha situación económica e social moi diferente. Ese mesmo informe, do que antes falaba, dicía que no 2012 só había catro comunidades autónomas do réxime común, é dicir o resto, que achegaban máis do que recibían que son: Cataluña, Madrid, a Comunidade Valenciana e Baleares. Imaxínense que todas as Comunidades Autónomas queiran tamén un cupo, a cifra que se dixo antes – que é certo que sae do Foro Económico de Galicia- mil millóns de euros menos. Melloramos o financiamento económico, é certo que as Comunidades Autónomas por mor da crise foron as máis afectadas á hora do financiamento; pero, e non son palabras miñas senón que vounas copiar e vounas expresar aquí que son do portavoz do meu grupo parlamentario, que é un experto nesta materia, di que *este modelo é prexudicial para Galicia e significa sacrificar os intereses de Galicia no altar da ideoloxía dunha formación política*. Con isto remato. Imos votar que non.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Efectivamente, coincido maioritariamente co que acaba de dicir o señor Fraga Civeira, que hai que defender un modelo que hai que revísalo e temos que revísalo entre todos. É o que estou a propoñer aquí dende esta atalaia provincial: que haxa un mapa de servizos e que se fixe o seu custo real, por suposto, e que se ponderen os factores que encarecen a prestación de servizos xa ditos dende antigamente, que son o envellecemento e a dispersión. Sempre tantas veces dito e nunca conseguido, que é verdade. Nós defendemos un novo modelo. Hai que ter un novo modelo, ten que ser consensuado entre todos. Non é unha negociación bilateral como quere o Bloque, sempre anda coa negociación bilateral,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

nin nas necesidades electorais nin partidarias ou partidistas que acabo de dicir. Pero vostedes, señores do BNG, señor Rodríguez Suárez, parece como que lle gustaban máis as Conferencias de Presidentes do 2005 e do 2007. Mire, na exposición de motivos fala vostede: *o Goberno Central e os gobernos das Comunidades Autónomas presentes non teñen interese en facer unha revisión a fondo*. Do 2005 ao 2007 da Conferencia de Presidentes, ás que vostedes asistían e votaban a favor do goberno de Zapatero 2005-2007, fixeron algo por este tema?. Pide vostede: *dende o BNG cremos necesario mudar o actual modelo*. O actual modelo era o do 2005-2007. Foron á Conferencia de Presidentes apoiando ao señor Zapatero, mudaron algo? Ata en dúas ocasións foron, que foran á primeira de miranda, e á segunda xa con máis experiencia, pero non o fixeron. *O BNG aposta por un sistema máis racional e transparente*; do 2005 ao 2007, sendo vostedes parte do goberno de Galicia, puideron facer algo porque apoiaban ao señor Zapatero; é máis apoiaron os orzamentos xerais do estado do señor Zapatero, e non arranxalo agora. Señor Rodríguez Suárez, por iso queremos un financiamento propio, por que do 2005 ao 2007 non loitaron por el? Porque vostedes asistiron á Conferencia de Presidentes do 2005 ao 2007. No 2005, recórdolle, houbo un acordo sobre financiamento da sanidade, e no 2007 chegouse a un acordo sobre I+D e sobre a creación de Conferencias Sectoriais. Que supuxeron eses acordos no avance do autogoberno de Galicia do que tanto falan, señor Rodríguez Suárez?, ou daquela estaban máis atentos a ver como se conservaba o goberno de Galicia? Por certo, asistían por presión ou asistían por convicción? Ou asistían para oír? Polo tanto, mire, se lle gustaban aquelas Conferencias, mal asunto, non resolveron nada. Non veñan a resolvelo agora. Non estamos polas declaración nin polos acordos identitarios. Estamos por acordos onde as persoas, independentemente do lugar onde vivan ou residan, si se teñan en conta e avogamos, que quede moi claro, por un novo modelo de financiamento; pero non do que vostedes falan. E por suposto, mire, espolios, tampouco fixeron vostedes nada por resolver espolios; porque en todo caso os espolios que vostede dixo aquí – como o enerxético e o financeiro- sería o mesmo espolio de cando vostedes gobernaban en Galicia, ou co - gobernaban, e cando vostedes apoiaban os orzamentos xerais do Estado do señor Zapatero. Polo tanto, aquí, explicacións e doutrinas as menos. Trallemos que é o outro tema e vaimos unidos no tema do financiamento autonómico e do que lle corresponde para Galicia. Nada máis e moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas señor presidente. Eu vou deixar un par de preguntas no aire, falando das pensións, a quen se lle imputan as pensións da xente que traballou fóra e despois regresou ao país? Onde tributan as grandes empresas, Inditex, os bancos, as eléctricas? Xa tamén a xeito de resumo, e nesta última quenda, dicir que o modelo de concerto entendemos que permite que fose Galiza quen repartise os recursos fiscais entre os concellos galegos, o que permitiría dunha banda incrementar o volume total de recursos destinados aos concellos galegos, e doutra aplicar criterios de reparto acordes á realidade local galega negociados co municipalismo galego, de xeito que se tivesen en conta factores propios nosos como a dispersión ou o avellentamento. Permitiría incrementar en case 140 millóns de euros a asignación aos concellos correspondente cos tributos xerais e esenciais para equipararse de inmediato co ingreso medio dos concellos do Estado. Ademais, posibilitaría que Galiza, co aumento de recursos tributarios que obtería, priorizase os servizos públicos locais e acometera un plan de mellora do financiamento local que ademais do incremento inicial, situase o financiamento medio no entorno do que reciben os concellos das CCAA que máis achegan ao financiamento local. As melloras adicionais de financiamento das entidades locais galegas só dependerían da negociación en Galicia, entre o Goberno galego e a representación do mundo municipal galego, co que se poderían ademais escoller, e ponderar axeitadamente, criterios propios relacionados coa realidade do país e que inflúen decisivamente no custe dos servizos e o Estado non ten en conta; como xa dixen: dispersión xeográfica, avellentamento, etcétera.... nin terá que negociarse no ámbito do Estado o modelo de financiamento dos concellos galegos. Nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto cuarto](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

5º.-DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE MELÓN EN MATERIA DE XESTIÓN RECADATORIA.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, nós como de momento non temos representación no Concello de Melón, que non se sabe moi ben quen é o alcalde ou a alcaldesa, ímonos abster. Grazas

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencia efectuada polo Concello de melón a favor da Deputación Provincial, mediante acordo o 29 de agosto de 2016, exclusivamente no referido á competencia para a recadación executiva do imposto de bens inmobles (IBI) e do imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM) do Concello de Melón.

O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.

Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto dos tributos aos que se refire.

A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora ta taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

A presente delegación estará vixente ata o 30 de setembro de 2020, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

6º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE NATUREZA CATASTRAL POLOS SERVIZOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (BOP N.º 164, DO 18 DE XULLO DE 2012).

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, bos días a todos e todas, deputadas, deputados, señores da sala, señor presidente, vicepresidentes, secretarios. En coherencia co que este Grupo vén a defender dende hai tempo nesta Institución, non estamos de acordo coa modificación desta ordenanza porque non ten en conta nin o contexto social, nin as carencias da provincia. Para pagar uns certificados, que poden supor unha cantidades comprendidas entre cinco e seis euros, fan vostedes dar voltas á xente ao eliminar que se poida pagar na caixa. Non se lle facilitan as cousas, senón que se lle fan dar voltas e hai que ter en conta, como dixen antes, a carencia da provincia no eido da fenda dixital desta provincia e da imposibilidade que ten moitísima xente para utilizar a pasarela de pagos da sede electrónica desta Deputación Provincial. A maioría da xente da nosa provincia non da sacado un certificado dixital, ou non pode usar a sinatura dixital. Entón, no canto de facilitar que a xente pague as súas taxas do xeito máis cómodo posible, estamos a complicarlle a vida. Queremos que se siga mantendo este servizo tal e como se viña prestando, facilitando que a xente poida pagar no mesmo lugar ao mesmo tempo que obtén a certificación catastral. Hai que facilitarlle as cousas á xente, non quitarlle servizos, e creo que esta Deputación pode manter este servizo; ou como mal menor manter as dúas opcións para que de forma voluntaria os ourensáns e ourensás poidan elixir o que lles resulte máis

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

cómodo e menos custoso. Gustaríanos tamén saber si a a implantación que queren facer, mediante esta modificación deste novo sistema, supón un pago adicional de comisións bancarias. Tamén nos gustaría saber, como preguntamos na comisión informativa, sobre o volume de recadación dos usuarios que utilizan este servizo. Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, grazas presidente. A verdade é que non ía intervir, pero despois de oír á señora Gil teño que intervir forzosamente; porque hai aquel dito: si non podes convencer coa razón, tende á confusión. Entón non quero que se confundan os temas. Mire, señora Gil, facilitar si; modernizar e actualizarse aos novos tempos, tamén. O que non pode ser é que esta Deputación sexa a única que está facendo o que está facendo, tendo unha caixa aquí para cobrar unha media – pasáronlle os datos segundo me dixeron- de cinco euros por certificación e seis euros por certificación descritiva e gráfica. Pero, voulle a dicir máis, a Deputación de Lugo non ten este servizo, xa non o ten, que eu saiba Lugo é unha provincia parecida en dispersión á de Ourense, pero xa non o ten. E aquí non estamos dicindo que imos a retirar o servizo, nin moito menos. A de Pontevedra, non cobra nin un só euro en caixa, na Deputación; e a da Coruña, menos. Polo tanto nós o que estamos, en todo caso, é actualizándonos aos novos tempos. Mire, para que non xurda a súa confusión, que deixou aquí neste ambiente, trátase de que a persoa veña ao servizo de recadación que ten esta Deputación e se lle emitirá un recibo de liquidación. Con ese recibo de liquidación vai a unha entidade bancaria –que hai moitas aquí ao redor – e paga, vén e dáelle a certificación que pediu. Estamos de acordo? Polo tanto, non sei de que comisión fala vostede. Pero é que ademais hai outras alternativas; hai a opción electrónica, que si, que hai unha fenda, pero a hai tamén, e pagala dende a propia casa o dende onde queira, xerando a persoa o propio recibo. Sabemos que pode ser que aínda haxa esa fenda dixital que non poida moita xente; pero a xente vén igual aquí, e previo recibo, vai á caixa – banco - paga e vén. Porque o que non podemos ter, señora Gil, é unha caixa onde quede depositado o diñeiro cando, segundo as cifras que lle deron a vostede, se trata de sobre 14.500 euros ao ano e unha media de usuarios de cinco ou seis ao día que poden vir en calquera caso. Ben é verdade que cada persoa que vén, cada usuario que vén pode quitar tres, catro ou cinco documentos; pero dende logo é actualizar e modernizar. O que non podemos ter aquí é que os propios funcionarios e traballadores desta casa sexan os garantes da seguridade do diñeiro; porque non o vou a dicir moi claro pero

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

vostede sabe o que pasou no pavillón de deportes de Ourense e o que pasou no Concello de Ourense, hai catro ou cinco anos, comprende? Polo tanto, non queira facer vostede aos traballadores desta casa responsables da custodia dunha caixa económica, cando xa lle digo, das deputacións de Galicia –xa non busquei de España – unha non ten este servizo e nas outras dúas non se cobra ningún euro en efectivo. Nada máis e moitas grazas.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, moitas grazas señor presidente. Señor Rosendo Fernández, eu estou aquí en Ourense, non estou en Lugo nin Pontevedra – aínda que o meu home é de Pontevedra-; pero estou aquí en Ourense, polo tanto tócame defender o meu territorio que é Ourense. Estamos falando de aquí de Ourense. Si a Deputación de Ourense tiña un servizo de caixa e agora o quere modificar, podemos dar ese servizo e os seus argumentos son os seguintes efectivamente; pero é que agora esta Ordenanza que se vai a modificar, o usuario viña aquí, pagaba aquí e marchaba co certificado na man; non tiña que vir aquí, ir ao banco e volver aquí, polo tanto estamos facéndolle dar voltas por cinco euros. Di vostede que non podemos sobrecargar aos funcionarios con esta custodia de diñeiro, vostede mesmo me acaba de dicir que os usuarios ao día son cinco máis ou menos ou seis, que poden pedir dous ou tres certificados; estamos a falar de 100 a 150 euros que probablemente, ao mellor, lévaos vostede no peto; entón aquí hai moita máis xente para defender eses 100 euros diarios. Polo tanto, é un servizo que está dando esta Deputación, é un bo servizo, facilítalle á xente da nosa provincia obter o certificado, vindo aquí resolve todo e pódese manter. Daríalle unha segunda opción que é a que propoño eu. Ben, como temos que modernizarnos, que tamén a moita xente ao mellor élle moito máis fácil usar os medios dixitais e a sede de pago electrónico da Deputación, a moita xente nova, pois démoslle esas dúas opcións que é o que propoñemos nós como mal menor. Manter as dúas opcións, a antiga e máis a nova modificación, para que de forma voluntaria os ourensáns e ourensás puidesen elixir o que lle resultase máis barato, máis cómodo e menos custoso. Creo que podemos chegar a un acordo a así facemos as dúas cousas: dar servizo e manter un servizo e modernizalo, señor compañeiro Rosendo Fernández.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, para non entrar en dilema. Primeiro, eu non falei de sobrecargar aos funcionarios, falei de custodiar unha caixa económica nesta institución; polo tanto non me confunda sobrecargar con custodiar.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

Segundo, deféndese a provincia de Ourense que non é diferente a algunha que aquí dixen, tamén dándolle modernización e actualización. E en terceiro lugar, para non entrar en máis dilema, aquí non se está modificando unha ordenanza, a ordenanza continúa, estamos modificando o artigo 8.1, non a ordenanza; polo tanto nós pensamos que temos que modernizar, como fixeron outras institucións tamén para outro tipo de recibos e responsabilidades, e estamos facendo o mesmo; non podemos quedar no vagón da cola. Polo tanto modernicémonos e actualicémonos porque si non é agora tería que ser en calquera momento; o que non podemos ser é o furgón da cola da modernización e da actualización. Nada máis e moitas grazas presidente.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourense (2) e do BNG (1), o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 8.1 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de certificacións de natureza catastral polos servizos da Deputación Provincial de Ourense, coa seguinte redacción:

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación mediante o impreso que se facilite nas oficinas do Servizo de Recadación da Deputación. Con este impreso o interesado realizará o ingreso en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen na autoliquidación ou a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial. Un duplicado da autoliquidación cobrada unirase ó escrito presentado.

O prazo de pagamento en período voluntario das autoliquidacións será de dous días naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2º.- Someter esta modificación da ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, de conformidade co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, realizándose tamén a pertinente publicación no

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

taboleiro de edictos da Corporación en nun diario dos de maior difusión na provincia. Durante o expresado prazo poden presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso, da modificación da ordenanza. Se non se presentan reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado, procedéndose á publicación da modificación no BOP.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO DE 2017.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, moitas grazas presidente. A verdade é que a exposición de motivos está no seu poder, xa se fixo público, ademais, nunha rolda de prensa e polo tanto non a vou a ler literalmente porque a teñen. Pero si que é unha iniciativa, teño que dicilo, que está baseada en que é palpable e obxectivo que grazas á Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local, de 2013, e ao resto de normas e medidas aprobadas a favor das corporacións locais por parte do goberno popular, todo hai que dicilo, o conxunto das entidades locais, os concellos, están en superávit a día de hoxe. Ademais, a inmensa maioría dos concellos españois cumpren coas súas obrigas de pago, isto é evidente tamén, e desmontouse aquel vello estigma de *despilfarro* que tiñan as corporacións locais, ou se *tildaban* como tal. As cifras e os datos a día de hoxe son elocuentes por evidentes, ou se queren vostedes: evidentes por elocuentes. O 0,44% de superávit en 2015, cando no 2011 tiñan déficit. Un superávit que alcanza, a día de hoxe a 4.765 millóns de euros e todo indica que se repetirá este superávit no ano 2016. Señoritas e señores deputados, que facemos con este superávit? Precisamente porque a actuación dos concellos e demais entes locais contribuíu no seu momento, en época de vacas fracas, a mellorar o clima e a estabilidade nos momentos duros - nos momentos de grandes dificultades económicas- , hoxe é xusto a necesidade de contar con mecanismos actualizados de xestión que permitan reinvestir ese superávit, que os concellos poidan dispor de ese superávit suavizando a regra de gasto e mellorando a ratio de taxa de reposición da oferta de emprego público e aumentando así a calidade dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

servizos públicos. En definitiva, favorecendo a creación de emprego. De todos é sabido, tamén, que existen reivindicacións históricas dos concellos relativas á participación dos ingresos do Estado; toda esta planificación pódese paralizar se non están aprobados e non entran en vigor as grandes liñas mestras da economía española a través dos orzamentos xerais do Estado. Todo o conseguido, de non ser así, pode sufrir un grave retroceso e sería imperdoable, do que serían os cidadáns os máis prexudicados e os máis prexudicados das políticas locais, porque son os concellos os que están máis cerca dos cidadáns ou os cidadáns os que están máis cerca onde se aplica a política local. Urxe a negociación, urxe a aprobación dos orzamentos do Estado, porque desta aprobación derívase o mantemento da folla de ruta dos servizos públicos; e non só iso, sen os orzamentos non se pode investir o superávit municipal. Eu creo que isto é clave: sen orzamentos non se pode investir o superávit municipal, que se traduce en detrimento da creación de emprego e dificulta a xestión do fondo de financiamento creado polo goberno para atender ás necesidades financeiras dos gobernos locais. En virtude do dito e máis. Proponse a este plenario a adopción do acordo:

1.º Que a Deputación de Ourense inste aos grupos políticos, con representación parlamentaria nas Cortes Xerais, a asentar as bases e alcanzar os acordos necesarios que permitan chegar á aprobación definitiva da Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2017.

2.º En segundo lugar, impulsar un amplo acordo para acadar a reforma do financiamento local que cumpra coas expectativas dos gobernos locais reclamadas ao longo do tempo e trasladar a petición que aquí se logre á Vicepresidencia do Goberno de España, ao Ministro de Facenda e Función Pública e aos portavoces dos grupos parlamentarios das Cortes e do Senado e tamén á Federación Española de Municipios e Provincias.

Polo tanto, niso estamos e non me vou a recrear máis porque de todos é sabido esta reivindicación dos concellos, das entidades locais, para que poidan investir ese superávit e que ese superávit non só sirva para amortizar débeda, que tamén. Nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas, señor presidente. Señor Rosendo Fernández, parece que hoxe tocoulle traballar, hoxe estase gañando o soldo. Indo ao tema, non temos moi claro que a presentación desta iniciativa, a día de hoxe, sexa oportuna e forme parte da estratexia do seu partido a nivel estatal. Dicimos isto porque da belixerancia de aí unhas semanas emprendida polo seu partido, co presidente á cabeza, ameazado por activa e por pasiva coa convocatoria de comicios no caso de non aprobarse os orzamentos, pasaron a manter unha posición máis tenue, posición que algúns analistas sitúan nas inmediacións do proceso de primarias do principal partido da oposición. Anunciamos o noso voto en contra por varias razóns. Por unha banda, porque queda demostrada a incapacidade do Partido Popular de tecer acordos, de gobernar contando con outros, tal e como demandou o electorado nas pasadas eleccións xerais. Vostedes representan a un partido autoritario, que se ter maioría absoluta goberna para unha minoría, como se demostrou no período 2012-2016 ou na Xunta con Feijoo, con axudas á banca, recortes sociais e subidas de impostos ás maiorías sociais para pagar o rescate da banca, subidas no IVE, catastrazo, para destinar xa 50 mil millóns á banca a perdas até 2015 como constatou o Tribunal de Contas... Mais ao non contar con esa maioría, tamén se comportan autoritariamente e pretenden que todos asuman a súa posición revestindo iso dunha falsa e pretenciosa responsabilidade. Constátase que vostedes están ancorados nunha posición illada, que a suposta operación de diálogo non é máis que unha pose. Non son quen de asumir a nova realidade política e pretenden con moito menos apoio electoral (3 millóns de votos menos) manter a mesma marxe de manobra para impor o seu programa electoral sen contar con ninguén. Pois vai sendo hora de que aterren, porque hai poucos días xa levaron un revolcón imporante co decreto da estiba, ao non ser quen de o convalidar no pleno do congreso. E o que lles queda. Por outra banda, votamos en contra por non confiar en vostedes para solventar o problema do financiamento dos concellos, pois lembramos que o sistema actual é de 2003 cando o propio Montoro xa era Ministro de Facenda con Aznar, onde se consolidou un financiamento negativo para os concellos galegos, que perciben de media 50 euros menos por habitante que a media do Estado, case 1.500 millóns de euros perdidos desde esa data polos concellos galegos segundo a propia FEGAMP. Máis aínda, cando a tendencia deste Partido Popular que vostedes representan é a centralización, a controlar máis desde Madrid a todas as administracións, pois as continuas subidas de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

impostos, que supuxeron incrementos na recadación global, beneficiaron en exclusiva á administración central, dado que tanto as administracións locais como a autonómica foron infrafinanciadas para asegurar que o Goberno central mantiña, e mesmo incrementaba, o seu nivel de recursos, malia que os servizos básicos –como xa dixen na moción anterior - se prestan sobre todo desde as comunidades autónomas e os concellos. Pero disto xa falamos de abondo na nosa moción do concerto e non imos repetir o discurso. En resumo, por todo ao anunciado dicir que nós imos a votar en contra. De momento nada máis, moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: hola. Democracia Orensana se va a abstener porque obviamente volve a ser outra vez instar a outras administracións en algo que no es singular de Orense. Simplemente es propaganda electoral, es la misma tomadura de pelo de cómo utilizan los recursos de los ciudadanos para seguir tomándonos el pelo a todos trayendo mociones que no son provinciales.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas. A verdade é que nos resulta sorprendente a presentación dunha moción deste tipo nesta institución por parte do grupo de goberno; porque, señor Rosendo Fernández, o portavoz do seu grupo, o señor Álvarez Dobaño, ten votado en contra de mocións presentadas aquí neste plenario polos grupos da oposición alegando que son instancias a outras administracións en asuntos que non teñen que ver con esta Deputación. Pois ben, un exemplo diso que vostedes rexeitan e esta moción pero é que a maiores neste caso non se insta a outra institución, senón que nin máis nin menos ao que se insta é aos grupos parlamentarios. A nós parécenos que non é de recibo instar, dende unha institución coma esta aos grupos parlamentarios, cando a iniciativa para presentar os orzamentos lle corresponde ao Goberno de España e non aos grupos parlamentarios. A maiores disto, estamos instando a grupos parlamentarios a que chegue a acordo de algo que aínda non sabemos, que non se coñece o seu contido; posto que non están presentados. Se non estou mal informado e non lin mal estes días, creo que a estas horas debe de estar reunido o Consello de Ministros para aprobar o proxecto de orzamentos que despois lles será remitido ás Cámaras legislativas. Resúltanos tamén sorprendente a defensa que se fai na moción das virtudes da Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local despois de que vostedes, e como todos nós, votamos nas asociacións de concellos – tanto na FEMP como na FEGAMP- en contra desta propia Lei, adoptando acordos nos que se pedía a derogación; que despois,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

polo que vexo, foron incapaces de cumprir. Acórdome dunha asemblea extraordinaria da FEGAMP pedindo a derogación desta Lei e acórdome, tamén, con posterioridade, dunha lei da Comunidade Autónoma ampliando, renovando e corrixindo aspectos como os do financiamento dos servizos sociais que se facía nesta normativa. Os puntos en si, a verdade, é que son imposibles de rexeitar tal e como están redactados porque, quen se nega a sentar as bases, alcanzar os acordos necesarios que permitan chegar a aprobación definitiva da Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2017? Quen se nega a impulsar un amplo acordo para lograr a reforma do financiamento local que cumpra coas expectativas dos gobernos locais reclamadas ao longo do tempo? É algo que, como xa dixen antes, se leva demandando dende hai moito tempo desde as asembleas das entidades asociativas dos concellos e das deputacións, como a FEGAMP e a FEMP. Pero, que ten que ver isto coa incapacidade do Goberno do Estado para chegar a acordos? Un goberno que ten que decatarse de que está en minoría e que ten que negociar coas demais forzas políticas; polo tanto eu creo que esta moción aquí non ten obxecto. Por outro lado, congratúlanos saber, aos socialistas, que un proceso de primarias como o noso logrou acadar o amainamento nas esixencias do Partido Popular con respecto á aprobación dos orzamentos, nós que pesabamos que ese amainamento se debía á Asemblea Nacional que tivo o BNG a pasada fin de semana na Coruña; pero vemos que non, que é debido ás primarias do Partido Socialista o cal nos alegra e moito. Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. A verdade que aprendín cousas agora, pero por aprendelas non me vou a quedar con elas. Señor Rodríguez Suárez, é paradoxal, fala de tres votos menos do Partido Popular, pero é que vostedes perderon representación. Así que de perdas non fale, queda en evidencia, dende logo non lle é o mellor argumento. Desapareceron do mapa, en Madrid a quen recorreremos agora? Por aí vai mal. Di o señor Jácome que non é singular de Ourense esta iniciativa, tamén fai fincapé o señor Fraga Civeira. Mire, non é de Ourense pero é dos concellos de Ourense que o están solicitando e reivindicando; porque como lle dixen na exposición de motivos, que fan co superávit? Entón, nós a quen non diriximos é aos grupos parlamentarios que son ao final os que van a votar en Madrid. A ver si nos entendemos. Non nos entendemos? Eu creo que si, con poucas palabras entendémonos ben. Polo tanto non lle vou a falar de máis exquisiteces porque o que é a base desta iniciativa sabémola;

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

pero que quede moi claro que nós dirixímonos aos grupos parlamentarios para que aproben os orzamentos porque é unha demanda dos concellos de Ourense, e aquí onde estamos é a representación do concello dos concellos, polo tanto si non lle facemos caso aos concellos isto tería que desaparecer. E non, todo o contrario. Temos que estar e reivindicar o que eles nos poñen enriba da mesa. Non me vou a estender máis señor presidente nin señoras nin señores deputados. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: hola.

Es curioso que Rosendo, una persona con semejante facilidad de palabra, que todavía se recuerda en el Concello de Orense cuando para decir si se podía poner de pie le dijo al alcalde: “por favor, ¿puedo adoptar la posición bípeda frontal?”, pues la persona que dijo eso, que es realmente la persona más culta que tenemos en la provincia, el señor Rosendo, “¿puedo adoptar la estación bípeda frontal?”, eso es lo que había dicho - había sido *trending topic* en Auria TV- bueno, pues esa persona tiene problemas de comprensión lectora. Antes, de hecho, estaba discutiendo aquí con la del PSOE y dijo, textualmente, que no era modificación de la Ordenanza fiscal, y como me apuntó bien Nacho del PSOE, que está atento a todo, me dice: pero mira lo que pone el punto 6, modificación de la Ordenanza fiscal. Este es el nivel que tenemos aquí. O sea, pone aquí modificación de la Ordenanza fiscal, estalle dicindo de palabra: “isto non é unha modificación da Ordenanza fiscal”. Ahora dice que esto sí es un tema singular de Orense. No, lo que es una moción singular de Orense es la siguiente que trae el PSOE que es de la Ribeira Sacra, esa es singular de Orense. Esta, por mucho que dice usted que lo demandan los concellos de Orense, lo pueden demandar todos; pero no es singular de Orense, porque lo que pone en el punto 2 es: *impulsar un amplo acordo para lograr a reforma do financiamento local que cumpra coas expectativas dos gobernos locais reclamadas ao longo do tempo*. No hace mención alguna a Orense, habla de España en general. Estos será en tal caso de financiación de los gobiernos locales de toda España, por mucho que la reclamen los concellos ourensanos. Aquí no dice nada propio de esta tierra que tenga sentido apelar a Madrid, eso se hace si fuera algo típico de Orense. El resto, no tiene sentido porque allí ya hay un Parlamento, es hacer sinceramente el tonto y nada más. Respecto a lo de perder votos, sí que es verdad, antes hablaba de lo que es perder votos, este señor que está aquí, el señor Rosendo, hay que decir una cosa, la persona que lo sucedió en el cargo de candidato (el alcalde de Orense)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

perdió cinco mil votos con respecto a él. Ese sí que los perdió, Rosendo quitó cinco mil votos más que el actual alcalde; pero en la vida las circunstancias son más importantes que la valía personal, por eso está de alcalde quien está.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas. Moi breve porque hai moitos puntos na orde do día e tampouco é conveniente estendernos moito. Pero a pregunta é, como descoñecemos o proxecto de orzamentos e sen ese proxecto de orzamentos do Estado o unas leis de acompañamento do mesmo, vai a derogación da Lei que impide a utilización do superávit por parte dos concellos? Nós, si é así, e senón traia aquí unha moción, e aprobámoslla, votámoslle a favor cos ollos pechados. Polo demais, e xa para pechar, eu creo que a quen vostedes deben de instar, como Grupo do Partido Popular nesta Deputación, é ao seu propio grupo político en Madrid para que se queren orzamentos o que teñen que facer é negociar co resto de formacións que teñen representación no Congreso dos Deputados ata acadar os votos necesarios; algo que por certo vin nos medios de comunicación xa fixeron co Grupo de Ciudadanos, sen necesidade de que nós os instáramos dende aquí. Polo tanto, eu creo que esta moción que aprobemos aquí, que vai ser aprobada cos seus votos evidentemente, de nada ou pouco lle vai a servir para que haxa orzamentos no Estado. Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular: só por curiosidade, e que ademais me parece importante, que dixo o señor Fraga Civeira, efectivamente eu nun primeiro momento, e dende hai xa algunha semana, xa me fixen esa pregunta: si aprobar os orzamentos leva consigo o investimento dese superávit. É así porque a prórroga dos orzamentos xerais do Estado do dezaseis, implica que non se pode reinvestir ese superávit porque nos orzamentos do 2016 mantívose a prórroga da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira que establece regras especiais para o destino do superávit dos concellos, de tal maneira que sen orzamentos xerais do Estado do 2017, non hai prórroga desa disposición adicional sexta citada e sen disposición adicional sexta non hai posibilidade de reinvestir o superávit nin os investimentos financeiramente sostibles, nin ningún outro tipo de investimento. É así, por iso llo dixen agora e o explico ben por esa disposición adicional sexta. Que está a haber contactos e que xa se chegou ademais ao do teito de gasto no seu momento, si, e que o Partido Popular, como partido responsable do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

gobierno - o Grupo Popular do Congreso - está cos demais grupos para acordar aprobar porque tamén alí lle esixen os concellos, as corporacións locais e todas as administracións a que se aproben os orzamentos, por suposto. O que non sería entendible é que se mantivese de brazos cruzados sen lograr acadar acordos para aprobar os orzamentos xerais do Estado. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

A Deputación de Ourense insta aos grupos políticos con representación parlamentaria nas Cortes Xerais a:

1. Sentar as bases e alcanzar os acordos necesarios que permitan chegar á aprobación definitiva da Lei de orzamentos xerais do estado para o exercicio 2017.
2. Impulsar un amplo acordo para lograr a reforma do financiamento local que cumpra coas expectativas dos gobernos locais reclamadas ao longo do tempo.

Para o seu coñecemento, acórdase finalmente trasladar esta petición á Vicepresidencia do Goberno de España, ao Ministerio de Facenda e Función Pública, aos portavoces dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado e á Xunta de Goberno da FEMP.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA O ESTUDO DA VIABILIDADE DE IMPLANTACIÓN DUNHA TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL ÁS LIÑAS DE TRANSPORTE ELÉCTRICO, OLEODUTOS, VIADUTOS E OUTROS.

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda o Grupo Socialista, con n.º de rexistro de entrada 8.676, e cédelle a palabra o Grupo Popular para que expoña o contido da moción:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados e demais persoas que nos acompañan neste plenario, dada a brevidade do texto da moción, permítanme que lle de lectura. Di o seguinte:

O 21 de decembro de 2016 o Tribunal Supremo ditou varias sentenzas referidas ao cobro por parte dos concellos dunha taxa por ocupación do dominio público local ás liñas de transporte eléctrico, oleodutos, viadutos, etcétera ... Estas sentenzas veñen a dar a razón aos concellos que gravan ás empresas eléctricas e de gas por a utilización do dominio público. A Deputación de Ourense no seu labor de defensa e apoio aos municipios da nosa provincia entende que cómpre prestar a colaboración necesaria ao concellos ourensáns para estudar a repercusión que poida ter, de existir, a ocupación do dominio público por parte das citadas empresas e, de ser o caso, a posible implantación desta taxa. En virtude do cal propomos o seguinte acordo: a Deputación de Ourense asumirá o encargo de elaborar un estudo de viabilidade da posible implantación da correspondente taxa pola ocupación do dominio público local ás liñas de transporte eléctrico, oleodutos, viadutos e outros.

Como ben dixo o señor presidente o Grupo Socialista presentou unha emenda de engádega á nosa proposta que, no sentido de vela positiva e de axuda e cooperación cos concellos, non imos ter ningún inconveniente en apoiala, en todo caso, señor Fraga Civeira, direino a continuación, positiva si, pero inconcreta tamén, viable ou non a vostede iso non lle preocupa. Entón eu diríalle: a que concellos? A cantos? Porque depende de concellos e a cantos, e que existencia solicitan? Porque, como direi a continuación, depende de cal soliciten. Iso todo é viable para esta Deputación, si ou non?. É o que pretenderei exporlle a continuación. Pois ben, como mostra da máxima cooperación desta Deputación cos concellos, que iso é obvio, o presidente desta Deputación xa a finais de xaneiro solicitou da asesoría xurídica da Federación Nacional de Asociacións de Municipios con Centrais Hidroeléctricas e Encoros - por certo, da que é vicepresidente - unha proposta de posible colaboración cos concellos interesados neste asunto. En resumo, a proposta é a seguinte, e digo en resumo e moi breve: os ingresos anuais que se prevé recadar por esta taxa, e por certo son cifras orientativas e aproximadas como é obvio, serían para liñas eléctricas entre baixa tensión e moi alta (lémbrolles que inclúe ata 14 tipos de categorías de liñas e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

tensións) a recadación podería oscilar entre 3.000 e 12.000 euros. Para gas e hidrocarburos, entre 1.000 e 12.000 euros/km e para canalizacións de auga entre 600 e 1.800 euros/km. Que incluíría esta proposta que pediu o señor presidente? Pois ben, moi resumida, a tramitación da ordenanza que incluíría o modelo de memoria do Plan, o modelo de expediente e aprobación da ordenanza coa confección do informe técnico, xurídico e económico - que é moi importante - a confección das tarifas, a confección da propia ordenanza, asesoramento en toda a tramitación, etcétera.. Iso, que lle custaría á Deputación si achegase os custos de todo elo? Pois ao redor dos 5.000 euros por concello máis IVE. Pero iso non no é todo, a tramitación da ordenanza esixe –como vostedes comprenderán – un estudo previo moi claro e concreto para a confección do inventario para a liquidación da cota que se prevé para o ano 2018, salvo que os técnicos municipais ou calquera outros así o fixesen. Pois ben, este estudo técnico ou esta realización de inventario destas liñas e instalacións estaría o seu custo nas seguintes cifras:

- En caso de que a lonxitude das instalacións, tras a realización do inventario sobre o dominio público local, fora inferior ou igual a 5.000 metros o prezo estaría nos 4.000 euros máis IVE.
- En caso de que a lonxitude das instalacións, á que me acabo de recibir, estivera entre 5.000 e 22.000, o prezo sería 0,8 euros/m das instalacións inventariadas.
- No caso de que superase eses 22.000 metros, o custe sería de 17.900 euros máis IVE.

Polo tanto, señor Fraga Civeira, estamos a favor de axudar aos concellos; pero, si me seguiron todos neste breve cálculo que lles fixen, a asistencia técnica no estudo completo da ordenanza e do inventario estaría entre os 11.000 e os 12.000 euros por concello; 91 concellos, imos deixar o de Ourense. Como é fácil de comprobar, suporía que esta Deputación tería que habilitar un crédito para atender a eses concellos superior ao millón de euros; de momento, totalmente inviable. Como digo, a colaboración desta Deputación está aí sempre, e o señor presidente, vista esta proposta á que me acabo de referir moi esquematicamente, en breve remitirá a todos os concellos unha enquisa solicitándolle que se dirixan a esta Deputación dicindo si queren participar, ou non, nos estudos que se poidan realizar para a implantación desta taxa e tamén para a realización do inventario. O pre - cálculo que cada concello, estimo, debe facer por si lle interesa ou non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

aprobar este tipo de ordenanza e na miña segunda intervención direilles por que razón entendo eu, humildemente, que o deben facer. Polo tanto, cada concello en breve prazo terá que dirixirse a esta Deputación contestando a ese cuestionario por si quere aprobar esa ordenanza, por si quere facer ese inventario, as dúas cousas ou unha delas. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. A moción expón a necesidade de estudar a idoneidade de que os concellos poidan implantar unha taxa pola ocupación do dominio público local ás liñas de transporte eléctrico, oleodutos ou viadutos. Hai poucos días, o portavoz do Partido Popular, o señor Álvarez, afirmaba: “como a Deputación sempre está a carón dos concellos, queremos prestar colaboración para estudar a repercusión desta taxa, os pros e os contras”. Isto que para o Partido Popular agora é relevante non o foi, por desgraza, no mes de xaneiro cando este Grupo presentaba nesta Deputación unha moción relativa á colaboración da Deputación para a elaboración dunha ordenanza que permita aos concellos a imposición dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos. Daquela, por desgraza, o Partido Popular non entendeu que esta iniciativa fora de interese e rexeitou a súa urxencia na comisión informativa, non podendo pasar ao pleno, e polo tanto furtando un debate do que agora se apropia. Esta forma de proceder do grupo de goberno na Deputación non é nova, e xustifica que a vostedes non lle interesan o máis mínimo as propostas da oposición, por construtivas que estas sexan. Simplemente pretenden a través da súa maioría absoluta condicionar os debates ou alterar o contido das iniciativas, que pleno tras pleno presentamos os grupos, coa única finalidade de obter un réditto partidario a costa de prexudicar claramente os intereses dos veciños e veciñas da provincia. Efectivamente, o Tribunal Supremo vén de avalar en diversas sentenzas que os concellos graven ás empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos pola utilización do dominio público local cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade. E unha vez resolta a controversia xudicial a prol dos concellos, efectivamente cómpre iniciar os procesos e trámites necesarios para poder facer efectiva a taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos concellos. Nós, dende logo, en vista de que xa se anunciou que se ía aceptar a emenda que presentou o Partido Socialista que nos parece acaída, imos optar por apoiar esta iniciativa do grupo de goberno. De momento nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Nós tamén apoiaremos esta iniciativa. Parécenos lóxico que se grave esta ocupación do espazo público. Imos a por algúns exemplos, aí teño en fronte ao alcalde de Baltar, unha fonte de turismo do seu concello é a práctica do parapente, me parece; imos a imaxinar que alí onde practican o parapente, na serra do Larouco, houbese unhas liñas eléctricas que impedisen a práctica dese deporte pois quedaríase neste caso sen un actual recurso, actual en sentido oposto a potencial, sen un recurso que ten. Se tivese ese inconveniente, xa non podería desenvolver esa fonte de ingresos e dinamización. Un pouco despois vai unha moción sobre a Ribeira Sacra para ser declarada Patrimonio da Humanidade, imaxino que de pasar algo parecido, que un oleoduto atravesase unha zona da Ribeira Sacra pola zona da Teixeira ao mellor xa non tiña sentido declarar ese carácter de Patrimonio Histórico da Humanidade da Ribeira Sacra. Quero dicir que esas empresas ocupan espazo físico, non só o espazo ao ras da chan; senón o propio espazo aéreo. Iso produce, ás veces, a inhibición do desenvolvemento doutras actividades económicas; ao mellor hai determinado tipo de empresas que non se poden instalar despois porque por seren incompatibles, polo que sexa, ata mesmo por contaminación visual, xa sabemos que a contaminación visual afecta á parte turística, á práctica deportiva, etcétera ... Parécenos totalmente lóxico que se grave esta ocupación do espazo público, como tamén lle parece lóxico – como acaba de dicir o portavoz do BNG - aos xuíces. No tema das cifras, non sei si serán as correctas, as que di o señor Plácido, porque pensamos que non só inflúe a lonxitude, o impacto que pode ter a ocupación do espazo público por unha liña eléctrica ou por un oleoduto vai moito moito máis alá da propia lonxitude da liña, poden influír infinidade de factores. En todo caso, imos apoiar a moción e tamén, xa que o grupo proponente non ve maior inconveniente en apoiar a emenda do Grupo Socialista, nós tamén nos adheriremos a ese criterio. Grazas.

D^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: grazas señor presidente. Bos días a todos e a todas. Señor Plácido, autor da moción, non sei si é entendemento meu pero aquí fálase do transporte eléctrico, oleodutos, viadutos. Me

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

chascarrilla un pouco iso de viadutos, non pretendemos cobrarlle as estradas, un viaduto entendo eu que é un sitio que salva unha ponte; polo tanto unha vía de comunicación. Polo que teño lido ata o de agora, porque é un tema que descoñecíamos, a taxa por utilización privativa especial do dominio público local de instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos, niso é no que se basean as cinco sentenzas do Tribunal Supremo. Polo tanto, a Lei de facendas locais estableceu no ano 2004 que as eléctricas, cos seus tendidos de todo tipo de tensión, as empresa de gas, auga e hidrocarburos deben pagar aos municipios aos que subministren polo uso do voo, solo ou subsolo unha taxa que é do 1,5% da súa facturación no termo local, e que tamén están obrigadas a pagar por atravesar o municipio aínda que non faga ningún tipo de subministro nese municipio en concreto. Fai referencia así a Lei no artigo 24.1.a) e 25 a este tipo de subministro. Ata o de agora as empresas non pagaban por atravesar o municipio coas súas subministracións, non pagaban por ese tipo do uso do solo; isto vai mudar á raíz desas cinco sentenzas que veñen de pronunciarse a favor dos concellos e, concretamente aquí en Galicia, un como o de Arteixo que foi quen de chegar ata a última instancia do país contra grandes corporacións como son Rede Eléctrica, Unión Fenosa ou Gas Galicia, por non citar outras. O Supremo vén de avalar así que os concellos graven a utilidade do dominio público, a utilidade e o aproveitamento que están a facer empresas e corporacións privadas en beneficio privado. Polo tanto, a exposición de motivos da súa moción fala da repercusión que poida ter, de existir; home, de existir pensamos que si hai sentenzas do Tribunal Supremo que avalan que si hai uso privativo da utilidade pública dos concellos, do domino público, polo tanto existe. Polo que levamos lido desta materia, nos 91 concellos da provincia existen moitos metros de dominio público que se están atravesando con liñas de transporte de diferentes subministracións, sobre todo eléctricas nesta provincia. Cabe recordar o elevado número de encoros que temos, así como o elevado número de pistas agrícolas e vías provinciais, por poñer un caso. Polo tanto, repercusión vai ter e moita, as consecuencias aínda non sabemos cales poden ser as que adopten as eléctricas nun futuro; porque seguramente, de boas a primeiras, non quererán pagar. Sen entrar na contía da taxa, que lle deixamos para os técnicos económicos e financeiros, consideramos de xustiza que esta Deputación faga ese estudo de viabilidade que vostede apunta na proposta de acordo; pero tamén de asegurarlle aos concellos da provincia o necesario asesoramento técnico de cara a que poidan elaborar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

as súas propias ordenanzas, de ahí o sentido da nosa proposta de engádegas á súa moción. Xa nos dixo aquí, xa nos fixo unhas propostas económicas ou uns estudos económicos que encargou o presidente, e nos comenta que vai a ser un custe elevado para os concellos; pero é que ao mellor non todos están a favor de impoñer esa taxa mediante unha ordenanza, e tampouco a todos lle vai a ser rendible intentar cobrar esa taxa. Pero si estamos seguros de que é unha taxa interesante e que vai a ser unha fonte de financiamento para os concellos, vostede sabeo mellor ca min porque ten cerca algún tipo de instalación deste tipo, deste tipo de empresas. Polo tanto, nós en aras de que esta moción vai o máis completa posible e en aras a que esta Institución colabore, como non pode ser doutra maneira, cos concellos para facilitar a súa labor e pensando que hai moitos concellos os que, como temos comentado nesta sala, cada vez lle poñen máis atrancos porque teñen que ter un tesoureiro, teñen que ter habilitados e persoal do que ás veces carecen, engadimos esta emenda en aras de que aos concellos se lles facilite dende aquí o traballo o máis posible. De momento nada máis e moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Señor Rodríguez Suárez, para os asuntos de urxencia sabe vostede ben cal é o criterio deste grupo, que non o cambiamos; polo tanto xa lle dixen que o interese desta Deputación e do seu presidente, polo asunto que nos ocupa, é evidente dado que o 26 de xaneiro pediú esa proposta de asistencia técnica aos concellos á Federación á que me referín. Vostede presentou esa moción por urxencia, a saber por que o fixo, porque a urxencia xa a ve, estámolo falando hoxe; falamos do ano 18 aínda temos tempo para seguir falando deste asunto. Pero sorpréndeme que si tanto interese tiñan vostedes no asunto porque non a presentou polo conduto normal no seguinte pleno. Puido facelo, pasaba por comisión e estaría en pleno, sen problema algún; probablemente en febreiro xa, e non en marzo como estamos agora. En canto ás cifras, señor Ojea, non son un capricho as cifras que dei, son as que resultan dunhas sentenzas ás que me referín aquí e se referiu á señora Lama. Por certo, señora Lama, ten vostede moito optimismo por un lado e xa logo di que moitos concellos, ou supón vostede que algún, xa non se acollerán a isto. As bondades que vostede ve, eu, logo direi, dende a miña modesta opinión dende logo non as vexo; pero vexo que vostede é moi optimista. Espero que algún día o seu optimismo sexa realidade e eu alegrareime, de verdade que me alegrarei polo concello ao que represento e polos do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

resto da provincia e do Estado español. Imos a ver ese optimismo seu no que dá. E dito isto, reitero que cada concello - falei antes de pre - cálculo, señora Lama – debe asesorase ben, e digo ben, valorar se lle merece a pena aprobar esta ordenanza fiscal e previamente gastar un importante diñeiro no tema de facer un inventario, que pode colaborar a Deputación, no seu caso en todo ou en parte, xa veremos si eso é así. En todo caso, vanme a permitir que eu non caia no oportunismo pero si debo dicir o seguinte: a posibilidade, ao marxe da clase maxistral que nos deu da Lei de facendas local a señora Lama que lle agradecemos, a posibilidade, digo, contemplada na moción que presentamos de establecer esta taxa que grava a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local destas instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos, non viadutos (grazas tamén pola súa corrección gramatical, eu agradezo todo, pero evidentemente polos viadutos de momento non pasa á electricidade, é ben que mo recorde señora Lama), pois na actualidade é posible; pero sendo conscientes de que no momento presente xa se está pagando –e vostede fixo referencia a iso – esa taxa no solo urbano que equivale ao 1,5% da factura que se factura anualmente á compañía subministradora en cada municipio. As sentenzas aludidas na moción habilitan para estender a súa aplicación á totalidade do dominio público local polo que se está incluíndo tamén o solo rústico, como é evidente. Recórdolles tamén que esta é unha taxa que grava a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, é dicir, non grava bens inmobles nin actividades económicas, nin vehículos de tracción mecánica, nin construcións, nin instalacións nin obras, é dicir, para que quede claro señora Lama que me debín trabucar, non é un imposto dos contemplados no artigo 59 do Texto refundido da Lei de facendas locais; polo tanto hai un risco contemplado no artigo 16.4, e isto si llo digo claramente, da Lei 24/2013 do sector eléctrico que dispón, leo textualmente, *en caso de que las actividades o instalaciones destinadas al suministro eléctrico fueran gravadas, directa o indirectamente, con tributos propios de las Comunidades Autónomas o recargos sobre tributos estatales, en el peaje de acceso o cargo que corresponda podrá incluirse un suplemento territorial que cubrirá la totalidad del sobrecoste provocado por ese tributo o recargo y que deberá ser abonado por los consumidores* (aos que nos toca todo case sempre) *ubicados en el ámbito territorial de la respectiva Comunidad Autónoma*. E conclúe o artigo: *en el caso de que los tributos sean de carácter local, salvo los*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

contemplados en el artículo 59 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, en el peaje de acceso o cargo que corresponda se le podrá incluir un suplemento territorial que cubra la totalidad del sobrecoste provocado. Non olvidemos tampouco iso. Polo tanto e conclúo xa, señor presidente, dende a miña humilde opinión o máis sensato e prudente sería esperar a que se xeneralice a aplicación deste tributo en toda España e desta forma eliminaríase o risco de que se establecese un suplemento territorial ao que fai referencia a Lei do sector eléctrico, como xa dixen, anteriormente. En todo caso, que quede claro tamén – á marxe da miña humilde opinión - a Deputación estará aí, como debe ser, para colaborar, como xa dixen, con aqueles concellos que así o entendan e aconséllolles desde aquí, tamén humildemente, que respondan ao cuestionario que lle vai a remitir o señor presidente e fagan un pre-cálculo para que sexan consientes de si merece a pena ou non tramitar esta ordenanza e todo o que ela supón. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas señor presidente. Simplemente dúas cousas, en primeiro lugar do seu criterio á hora de avaliar as mocións de urxencia xa temos falado de abondo, non vou a insistir niso, simplemente recordar que se non lembro mal, e senón pido desculpas, esta moción foi presentada por urxencia na propia comisión informativa, co cal entendemos que habería tempo suficiente de avaliala, non foi presentada no pleno, habería tempo de estudala e ese criterio que teñen vostedes ao respecto das mocións de urxencia o único que conseguiu, efectivamente púidose tratar antes, púidose presentar no seguinte pleno pola vía ordinaria, pero en todo caso o que fixo foi retrasar o tratamento do asunto. Despois, simplemente, un consello; voules dar un consello porque igual estanlle dando moitas voltas e a cousa é máis sinxela do que vostedes pensan. O meu consello é que chamen vostedes ao alcalde do meu concello, aínda que agora xa non é do Partido Popular, pero póñanse vostedes en contacto con el porque nós levamos esta iniciativa a nivel local no concello e foi rexeitada dicíndonos que esta taxa nós alí xa a estábamos cobrando dende facía anos. Eu aconséllolles que antes de facer ningún estudo, se poñan en contacto con el a ver cal é o mecanismo e que llo explique porque o mellor a cousa é máis sinxela do que parece. Nada máis, moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: nada, reiterar un pouco a postura á que fixen referencia na miña primeira intervención. Eu non quero pensar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

que esta clase de problema se acelere á súa resolución porque afecte directamente ao Concello de Muíños, parece que algún problemas cando lle afectan ao señor Plácido parece que se resolven ou que se abordan máis rapidamente. Quero pensar que é unha mera coincidencia e que esta medida vai beneficiar por igual a todos os concellos que teñan algún tipo de relación co asunto. Como dicía antes entendemos que é o máis normal do mundo que se pague unha taxa por esta ocupación do espazo público, polos motivos obvios que xa dixemos. Agora, xa por entrar un pouco no rexistro do humor, ao mellor no futuro, ao mellor en cen anos, as ruínas dalgunhas destas instalacións, como torretas eléctricas ou tubos de hidrocarburos ao mellor son recursos turísticos, como é hoxe o acueduto de Segovia que xa non ten ningunha funcionalidade. Ao mellor dentro de cen anos ver unha torreta oxidada é unha fonte de ingresos para o concello, pero de momento é un estorbo e ten que ser gravado. Nada máis.

D^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: grazas presidente. Simplemente creemos entender que o grupo propoñente acepta a nosa emenda de engádega e, en todo caso señor Plácido, deixemos á autonomía municipal, e se lle pasan a enquisa alegrámonos de que a corporación provincial estea de acordo en colaborar cos concellos. Non vaia agora vostede de defensor citándonos esa Lei das eléctricas, seguramente as eléctricas vanse a negar a pagar e farán todo o posible para non facelo porque elas o que non queren será soltar cartos e menos aos concellos. De todos os xeitos poñamos á provincia, como adoita presumir o señor presidente, á cabeza; que sexa esta Deputación a primeira en colaborar con todos os concellos para que fagan a ordenanza. O concello que o queira, de acordo? Polo demais, moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Moi brevemente, señor Rodríguez Suárez, unha vez máis, como di vostede falamos por enésima vez da urxencia dos asuntos. O criterio do Partido Popular está claro, todo aquilo que non se presente antes da convocatoria das comisións, presentarse por urxencia e recoñecerase a urxencia, si ou non; e a verdade é que isto non é nada urxente porque o estamos tratando mire vostede canto tempo despois. Si é urxente para iso votamos a urxencia, señor Rodríguez Suárez entón non fale vostede de desvirtuar nada. Vostede puido reiterar esa moción acto seguido, ao día seguinte para a presentación no seguinte pleno, non o fixo, algunha razón tería para non facelo. Con respecto ao recado que nos pide que lle demos ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

señor alcalde de Xinzo, iso debe facelo vostede que é concelleiro alí e representa a uns cuantos veciños de Xinzo, porque senón non o sería vostede. Dubido moito que xa se aplicara esta taxa porque foi declarada ilegal nalgúns momentos e logo, se estaba ben tramitada a súa aprobación, como viu as sentenzas do Tribunal Supremo acabaron dicindo que estaba ben, non teño o dato de Xinzo pero en todo caso permítame que lle diga que o recado llo leva vostede e non nós. Eu son amigo persoal del, tentarei dicirlle que lle quere dar vostede un recado, pero que llo vai dar vostede. Con respecto ao que di o señor Ojea, home non me de vostede tanta importancia, eu sei que vostede me aprecia persoalmente e eu a vostede tamén, pero aquí élle outra cousa. Son un humilde alcalde e un humilde deputado, de aí non paso e non teño ningunha aspiración máis, pódemo crer aínda que alguén diga algunha outra parvada por aí. Con respecto ao que di a señora Lama, mire vostede, a autonomía municipal, non sei si serei a persoa que máis a cita pero probablemente unha das que máis, de aí o que lle dixen. O señor presidente no ánimo de prestar á máxima colaboración que preside as súas actuacións e as nosas, o grupo que o apoiamos, é que cada concello diga o que queira ao respecto disto. E eu dixen, citeime a min mesmo, dende a miña humilde opinión, dixen, e mantéño, señora Lama, e espero compartir con vostede pasado algún tempo, o menos posible, o ano que vén, o seu optimismo. A verdade é que eu son moi optimista por natureza pero neste caso vamos ver si son capaz de compartilo con vostede. Logo dime que se nega a pagar a empresa, non, mire coas sentenzas ás que nos referimos non se pode negar; o que dixen eu e que a Lei do sector eléctrico di que pode repercutir iso todo, en quen?, nos consumidores, en vostede, en min e nos demais. Iso non ten nada que ver con negarse a pagar, porque probablemente non o podan facer. Iso é o resumo de todo isto que sempre acaba todo no consumidor e non valoremos iso, pero teñámolo en conta. A iso me refería. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e dado que o Grupo Popular aceptou a emenda do Grupo Socialista a Presidencia somete a votación a moción coa emenda, e por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

unanimidade dos vinte e catro (24) deputados/s presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- A Deputación de Ourense asumirá o encargo de elaborar un estudo de viabilidade da posible implantación da correspondente taxa pola ocupación do dominio público local ás liñas de transporte eléctrico, oleodutos, viadutos e outros.

2º.- A Deputación de Ourense prestaralles asistencia e cooperación aos concellos que así o demanden para elaborar a ordenanza de implantación desta taxa, incluíndo os estudos necesarios, en cada caso, pola ocupación do dominio público local ás liñas de transporte eléctrico, oleodutos, viadutos e outros.

9º.- MOCIÓN DO BNG PARA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN ESPECIAL DE AXUDAS E MELLORA RURAL AOS CONCELLOS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Vou a empezar pola exposición de motivos. A alarmante situación demográfica que padecemos, agudizada nos derradeiros anos, como acaba de confirmar o INE con ocasión da aprobación das cifras oficiais dos Padróns municipais de habitantes, pon en serio perigo o desenvolvemento económico da provincia. Galiza suma unha aldea despoboadada cada semana e xa ten 3.562 sen xente, mentres que Ourense, que conta con 3.792 núcleos de poboación, ten 327 que non contan con un só veciño. As causas desta sangría demográfica son estruturais e por iso é preciso que os poderes públicos fagan un esforzo inversor para frear esta situación que ameaza con deixar un deserto arredor da cidade e principais vilas con consecuencias devastadoras a nivel social, económico e medioambiental. As persoas son o noso principal activo e a elas deben estar dedicados todos os nosos esforzos, non soamente porque os programas de actuación da Deputación deban ser coherentes coa finalidade institucional básica da mesma - garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal, no marco da política económica e social, asegurando a prestación integral dos servizos locais básicos - senón porque estamos convencidos da necesidade que crebar esta tendencia, na medida en que a mesma constitúe unha condición, non suficiente, pero si necesaria, para o desenvolvemento económico e social da nosa provincia, que constitúe unha prioridade da Deputación Provincial. Neste

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

contexto o BNG entende que as Administracións Públicas deben converterse no motor que impulse e dinamice os sectores produtivos da nosa provincia, favorecendo así o benestar dos cidadáns e poñendo todos os recursos dispoñibles para dinamizar a economía da provincia. Este Plan Especial, que nós presentamos, aposta pola conservación, posta en valor e impulso do sector primario e das infraestruturas básicas e de interese para o medio rural, entre outros, cos seguintes obxectivos: fomentar o desenvolvemento de actuacións de interese colectivo, que permitan a mellora das infraestruturas e supoñan un beneficio para o proveito de todos os cidadáns da nosa provincia; potenciar o desenvolvemento do sector primario, considerando que constitúe un dos principais motores da nosa economía, e procurar a protección do rural, tratando de evitar o abandono que se está a producir e impulsando e apoiando ás iniciativas que se orienten en torno a esta idea. É precisamente esta perspectiva a que dota de sentido e xustificación ao programa de mellora da mobilidade rural, posta en valor dos núcleos rurais, acción de fomento que se articula mediante a concesión de subvencións en concorrencia competitiva. A Deputación Provincial de Ourense, no marco das competencias que lle outorgan os artigos 31 e 36 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de las bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, así como polo artigo 114 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galiza, polos que se encomendan ás Deputacións Provinciais a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, e que con esta finalidade, as Deputacións poderán outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus fondos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos. As previsións orzamentarias, no tocante ao remanente de tesourería para este ano, din que podemos dispor de aproximadamente 25 millóns de euros adicionais, que garantirían a viabilidade da proposta que se trae a aprobación. Por todo isto, nós, propomos un único acordo que sería: *aprobar un plan especial de axudas e mellora rural aos concellos, dotado con 8 millóns de euros, que teña por obxecto crear as condicións para a fixación de poboación no rural, cooperando na conservación e mellora da mobilidade, accesibilidade e mellora integral do noso medio rural.* De momento nada máis, moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Nós absterémonos neste punto porque, aínda que en termos xerais estamos de acordo coa exposición de motivos, parécenos que adoece de moita falta de concreción; demasiado abstracta. Parécenos un cúmulo de boas intencións. Curiosamente o que se concreta, que é a cifra dos 8 millóns de euros, tampouco se lle ve unha xustificación concreta de por que esa cifra e non outra, cal é a razón de que haxa de dotar de 8 millóns de euros a ese Plan inicial e non outra cifra. Non sei si ten algo que ver co remanente de tesouraría ou con algunha outra cousa. A cuestión está en que entendemos que é demasiado abstracta, demasiado xenérica e polo tanto nesa clase de cousas nas que un sempre está a favor pero en termos demasiado abstractos. En principio ímonos abster.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista: bos días a todos. O Grupo Socialista vai a votar a favor desta moción, aínda que dalgunha maneira, como acaba de dicir Democracia Ourensana, gustaríanos que fose un pouquiño máis concreta. Imos votar a favor porque no debate do estado da provincia o Grupo Socialista presentou unha proposta de resolución neste sentido; aquela si que ía concretada que era a realización dun Plan provincial que tiveran todos todos os concellos, como se fose outro Plan provincial. Despois, presentou outra nese mesmo sentido Democracia Ourensana na cal unha emenda do Partido Socialista viña a dicir exactamente igual, que se executase o Plan adicional; polo tanto estaba cuantificado e clarificado o que pretendíamos: un plan adicional. De todas formas, xa que a través desa proposta de resolución trouxo Democracia Ourensana unha moción xa a este Pleno e agora a trae o Bloque, esperemos que tamén a copie o Partido Popular e a traia. De todas formas creo que está moi inconcreta, porque aí fala dun plan para a concesión de subvencións de carácter competitivo, de fomento e mellora do medio rural. Eu creo que sería moito mellor concretar porque cada concello ten a súa singularidade e, como sempre falamos aquí da autonomía municipal, se houbera unha proposta moito máis concreta cada concello, aínda que estivese limitada aos servizos básicos que son obrigados polos concellos, e que limitara un tipo de actuacións; pero cremos que nese sentido debería mellorarse un pouquiño a moción. De todas formas, como é algo parecido ao que nós presentamos no debate do estado da provincia imos votar a favor.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

D. José Antonio Feijóo Alonso, portavoz do Grupo do Partido Popular: bos días señoras e señores deputados e máis persoas que nos acompañan neste plenario. Señor Rodríguez Suárez, con todo o respecto e cordialidade que vostede merece, polo seu habitual bo talante, permítame que lle cualifique como populista, atrevida, sen estudo, a proposta que nos fai neste día. Vostede creo lembrar que enumeraba, entre outras, que se debería facer nesta provincia investimentos no sector público – esa foi unhas das frases coas que me quedei - tamén do privado, non cremos entón nas iniciativas privadas? Ten que ser pública? Nós cremos nas empresas e nas iniciativas privadas. Oxalá houbese moitas. Tamén vexo que aquí menciona o artigo 114 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, pola que se encomenda ás Deputacións provinciais a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios. Señor Rodríguez Suárez, eu entendo que esta Deputación está a facelo, de todos é coñecido o interese e a planificación do Programa 15-19, e outros, deste presidente e deste grupo de goberno. Probas, pois isto que sería? Outro convenio máis? Outro programa máis? Eu entendo, todos sabemos que temos programas de abondo. Oxalá tivésemos os fondos necesarios para o desenvolvemento dos concellos e a provincia. Esta Deputación creo que está colaborando, está a poñer o seu gran de área investindo e tratando de estar en todos aqueles programas e convenios, que todos coñecemos, eu podería citar algúns que todos vostedes coñecen: cooperación foi aumentando, cada día mellorándose; empregabilidade, choferes, culturais, augas, desfibriladores, xurídica... É un sen fin dos moitos que aínda me quedan por aí. E agora, fariamos un, cal? Como lle chamamos? Un de, me parece, 8 millóns; poderían ser 14, oxalá fosen 25. Pero despois de escoitalo sobre o novo estatuto, a nova fórmula de rexer Galicia e da chea de millóns que nos traeríamos enriba, a verdade empezo a entender que os millóns dende algún punto de vista veñen de forma moi fácil. Por outra banda eu quería reivindicarlle, se mo permite, por respecto ao grupo de goberno que foi elixido maioritariamente, neste caso, e que lle toca gobernar, entón déixenos por favor que gobernemos. Dentro da autonomía municipal que aquí algún deputado citaba e que subscribo pola miña pequena e humilde (como dicía o compañeiro) experiencia, os concellos temos prioridade, non lle fagamos xa aquí os plans especiais, xenéricos ou do tipo que sexa. Eu estou seguro que os concellos trasladan as súas necesidades ao presidente, estúdaas xunto co seu grupo de goberno e xeralmente sen discriminación véñas atendendo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

Eu non quixera estenderme moito máis porque o fundamental é o que lle acabo de dicir, e dicirlle que pode estar vostede moi tranquilo porque coñezo a intención do presidente e se se producen esas cantidades que vostede menciona, oxalá fosen máis, haberá un reparto transparente atendendo ás necesidades da provincia e, como non podería ser menos, vostedes en todo momento terán coñecemento. De momento nada máis. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. De xeito reiterado, neste plenario ténsenos acusado de ser os do non, ou de escribir cartas aos reis magos, de non aportar propostas e unha longa ringleira de descualificacións. Unha vez máis presentamos unha iniciativa que o único que persegue e que os recursos que xestiona a Deputación poidan estar ao servizo dos concellos, dos cidadáns desta provincia, de tal forma que independentemente da cor política do concello de quenda, todos saian beneficiados no reparto dos fondos. Porque, señores do Partido Popular, os recursos son de todos e de todas as ourensáns, e estes deben ser repartidos con criterios obxectivos e non discrecionais como adoita acontecer nesta institución, onde pola vía dos expedientes de modificación de crédito, máis alá de cuestións cosméticas que permiten maquillar a arbitrariedade, o que se fai é clientelismo ao máis puro estilo Baltar. E vostedes, vostede señor Presidente, que se pon como referente mundial, só para o que lle interesa, ten que tomar nota do que xa se está a facer noutras deputacións. O Pleno da Deputación da Coruña aprobou 25 de Novembro de 2016, por certo co único voto en contra do Partido Popular, un Plan único de concellos, un novo programa de investimentos destinado aos 93 concellos coruñeses e dotado con 74 millóns de euros (que resulta ser o 42% do orzamento da Deputación), o maior orzamento contemplado nun plan provincial na historia da Deputación. Este plan está baseado na confianza no principio de autonomía local, que tantas veces se invoca, xa que outorga aos municipios unha maior autonomía e flexibilidade á hora de programar os investimentos que contén con financiamento provincial. Este plan pretende unificar diferentes programas de investimentos existentes nunha única convocatoria anual, permitíndolles aos concellos maior autonomía na elección do destino dos fondos que perciben da Deputación e simplificando a tramitación administrativa, ao eliminar centos de expedientes. Entre as principais vantaxes do plan están o seu carácter dinámico, que por primeira vez permite absorber incrementos orzamentarios procedentes de superávit sen necesidade de tramitar novas convocatorias,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

polo que o orzamento do Plan único podería incrementarse ata os 100 millóns de euros ao final do exercicio 2017. Se falamos do plan de concellos de Pontevedra, presenta varias novidades nesta edición, por una parte, conta con 1,2 millóns máis que en 2016, por outra, aumenta a autonomía dos concellos á hora de decidir as súas prioridades de investimento. Esta nova edición mantén a liña de impulso da xestión municipal; promoverá o desenvolvemento económico e a creación de emprego como bases fundamentais. Como se pode apreciar, por todo o que expliquei, as deputacións están a facer un importante esforzo de investimento, e o que é máis importante, repartindo os fondos a todos os concellos, independentemente da súa cor política, a través de bases obxectivas e por concorrencia competitiva. Si esta Deputación fixera o que desde este grupo modestamente levamos proposto en sucesivos debates, os concellos disporían de máis fondos e de seguro que os cidadáns da provincia verían aumentada a súa calidade de vida. Fálásenos de concreción na nosa proposta; efectivamente é unha proposta xenérica, é unha proposta que non vén concretada porque entendemos que iso, de ser aprobada loxicamente, sería unha labor do grupo de goberno, e esa concreción viría dada polas bases que se aprobaran á hora de establecer este Plan. Os 8 millóns de euros que propuxemos, efectivamente, son unha proposta, son unha cantidade en principio que pode parecer arbitraria, pero dende o noso punto de vista si puidesen ser 10 ou 12 millóns ou 20 millóns pois moitísimo mellor. O que si que non admite ningunha dúbida, e creo que aí estamos todos de acordo, é que o noso rural necesita a cantidade máxima de investimento posible; aquí estamos a falar nunha institución pública co cal nós non desbotamos o investimento privado pero en todo caso sobre o que temos que tomar decisións é sobre os cartos públicos. Como digo, o noso rural está esmorecendo e esta situación a única forma en que se reverte é precisamente con investimento para fixar poboación, para conseguir que a xente que se establece no rural o faga con todos os servizos e con acceso á todas as comodidades que pode ter unha persoa que vive na vila o una cidade; e é a única maneira de fixar poboación no rural e a única maneira de reverter unha situación que nos leva á desaparición do noso rural e á desaparición dunha parte importante dos núcleos da provincia e todas as perdas que iso leva, xa non so no sentido económico senón no sentido cultural, histórico, humano, etcétera... De momento nada máis. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: a min gustaríame que o BNG, creo que aínda ten unha quenda de peche, se pode concretar un pouco máis a razón de ser deses 8 millóns, porque o único que dixó foi que si puidesen ser 10, se puidesen ser 20, si puidesen ser un millón deles. Home claro, de acordo; pero tampouco pedimos unha explicación moi detallada pero polo menos unha idea de por que fan esa estimación dos 8 millóns. Do resto, repetir o que dixen na primeira intervención, parécenos demasiada abstracta. É un fenómeno curioso o que acontece nesta clase de mocións, que canto máis abstracta é, máis acordos, ou máis unanimidade, acada; e canto máis concreta é máis discrepancia se chega a ter. É algo parecido ao principio de incerteza que hai na física, vostedes coñecen ese famoso principio que di que dunha partícula canto máis se coñece a velocidade, menos se coñece a posición, e todo iso, que ás veces pódese utilizar como símil de moitas cousas. Aquí pasa algo parecido entre o grado de abstracción e o grado de acordo; canto máis abstracta é a proposta máis fácil é que todos esteamos de acordo; pero á medida que baixamos ao nivel de concreto, canto máis o concretamos máis aparecen as discrepancias, máis aparece a repulsión entre pareceres. Un fenómeno curioso. Aquí temos representantes dos medios de comunicación e saben moi ben que canto máis concretas son as fontes, máis abstracta é a información que dan porque si unha fonte moi concreta dá unha información moi concreta comprométese moito. Canto máis descoñecida é a fonte, canto máis capacidade ten a fonte de esconderse e de quedar indeterminada, máis concreta pode dar a información. Son cousas moi curiosas que pasan e aquí pasa algo parecido neste tipo de propostas; por iso nós ímonos abster. Sería moi fácil votar a favor deste tipo de abstraccións, pero realmente aquí estamos para mollarnos un pouco máis. Si hai que enfrontarse e hai que discutir, pois discútese, pero deixar as cousas neste grao de abstracción, precisamente ao mellor coa única finalidade de acadar un acordo que pode quedar bonito na prensa, non ten maior sentido. Entón polas razóns que apuntaba, absterémonos. Grazas.

D. Vicente Gómez García, portavoz do Grupo Socialista: a nós tamén nos gustaría que fose máis concreta, de todas formas, deste xeito ata a podería aprobar o Grupo Popular; porque si de subvencións se trata, de 8 millóns de euros, eu creo que no exercicio pasado igual superaron esas subvencións. O problema é como, e a quen. Entón se concretara máis sería moito mellor, porque que elabore un Plan o grupo de goberno con

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

estes 8 millóns de euros, élle moi fácil. Eu ata se estivese no Grupo Popular e puidese, votaba a favor porque non tería ese problema. O ano pasado seguramente que a todos os concellos superaron as subvencións estes 8 millóns de euros, polo tanto creo que debería ir moito máis cuantificada e a quen e para que. De todas formas nós votamos a favor para que se o Partido Popular ten a ben elaborar un plan que fose equitativo para os concellos, pois estaría moi ben.

D. José Antonio Feijóo Alonso, portavoz do Grupo do Partido Popular: grazas presidente. Pouco máis que dicir, si dicir algo importante, estou de acordo con tres afirmacións do señor Rodríguez Suárez e que de verdade sinto o ter feito unha cualificación que teño que repetir: é unha moción populista, penso que lle chamei atrevida, e sen ningún tipo de estudo (recoñecémolo todos aquí) e que podería atentar contra a autonomía municipal, dado que – como moi ben se dixo - os concellos teñen prioridades que exporán no seu momento. Non dubide vostede da vontade que ten este grupo de goberno e o seu presidente de estar preto dos concellos, como non podería ser menos, e que aí se estará analizando cada unha das suxestións e cuestións que cheguen. De todos os xeitos, un convenio máis, un programa máis, citeille antes os 7 ou 8 ou 9 que temos en marcha xa. Eu penso que segundo lle escoito cada día ao presidente, seguirá pensando en cales serán de utilidade para a provincia; porque aquí, señor Rodríguez Suárez, non dubide que o noso interese principal élle a provincia e Ourense e aí estaremos. Pero eu dicía, para rematar, que estou de acordo coas súas tres últimas afirmacións que son as seguintes: o rural está esmorecendo. Si, estamos de acordo, pero por desgraza esta Deputación non pode remédialo, pode paliar e é o que vén facendo cada ano, esforzándose máis. Segundo, dicía vostede que sería, no momento de especificar o dos 8 millóns (vostede dixo oito, como puido dicir 13 ou 14), unha labor do equipo de goberno, iso foi o que eu lle escoitei. Si, sería unha labor do equipo de goberno, non o dubide que o vai ser como corresponde – para iso nos elixiron, para gobernar - e que se atenderá pola presidencia cada un dos casos que se presenten da provincia e que terán un bo destino. Finalmente, agradecerlle a terceira afirmación que vén a dicir algo así como que a boa xestión económica desta Deputación permite que haxa un remanente. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: simplemente aclarar os 8 millóns de euros que nós propomos son unha cifra que daría - sen aplicar ningún

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

criterio de dispersión, de número de núcleos, nin un criterio corrector – 88.000 euros por concello. Teño que lembrar que é máis do que agora se dedica no Plan provincial de cooperación. Esta é unha proposta que xa fixemos no debate do estado da provincia e é unha proposta que ten un único obxectivo que é o de colaborar cos concellos; porque si se fala de autonomía municipal, parécenos que non é un motivo, unha razón para non aprobar un plan destas características, porque senón calquera outro Plan aprobado nesta Deputación tamén interferiría na autonomía local. Nós entendemos que os Plans deben facerse con criterios claros, con criterios obxectivos e este Plan iría nese sentido e o obxectivo final, como xa dixen e insistín na miña segunda intervención, é axudar a paliar esa situación, efectivamente coincidimos que non está no 100% nas mans desta casa o solucionala, pero si revertela ou intentar revertela ou poñer as bases para revertela; que é a situación de abandono nos núcleos rurais, a situación de abandono dos nosos pobos e crear as condicións para que a economía dos pobos tamén funcione con arranxo en infraestruturas, con dotación de infraestruturas que agora non existen e o único obxectivo desta proposta iría nesa dirección. Lamentamos non ter a receptividade do grupo de goberno e, en todo caso, nós seguimos insistindo en que todas as liñas de axudas e todos os plans que se fagan desde esta casa deberían facerse con criterios obxectivos, e eses remanentes de tesouraría que vostede nos acaba de lembrar e dos que sempre presumen, tamén se deberían distribuír con eses mesmos criterios e non quedar ao criterio do presidente desta Deputación para despois repartilos, como se está facendo habitualmente, sen transparencia e sen ningún criterio obxectivo para facer política con letras minúsculas, neste caso, que é a que se fai aquí ultimamente e que se fai dende toda a historia que nós lembramos. De momento nada máis. Grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

10º.- APROBACIÓN DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O CO-FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DE LICENZAS DUN SISTEMA INTEGRAL DE XESTIÓN ELECTRÓNICA DE PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS (2017/2018).

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas señor presidente. Anunciar que o noso voto vai a ser en contra polos seguintes motivos. Unha vez máis, a Deputación chega tarde. Na actualidade hai máis de 40 concellos desta provincia que xa teñen contratada a súa plataforma, e están satisfeitos co seu funcionamento, polo que entendemos que dificilmente, nin por custe, nin por operatividade van cambiar así porque si. A verdade é que a información, nesta cuestión foi bastante contraditoria e difusa. Licítase, por algo máis de cinco millóns de euros a contratación dun sistema integral de xestión electrónica, en base a unha estimación de gasto errada, pois os cálculos en ningún caso, coa incorporación dos 91 concellos e co pago da licenza superarían na oferta máis elevada os 3 millóns. Non entendemos a razón deste cálculo desmesurado e gustaríanos que alguén nolo explicara. Teño que volver facer referencia a outras deputacións, neste caso na Deputación de Pontevedra a implantación dese sistema, dun sistema similar, custou 847.000 euros co IVE engadido. Por non entrar xa na cuestión da achega dos concellos ao programa que foi de 0 euros. Se tomamos outro exemplo, a Deputación da Coruña pon a disposición dos concellos gratuitamente a xestión e administración das sedes electrónicas municipais, e unha plataforma de administración electrónica para a tramitación dos seus expedientes, rexistros de entrada e saída etcétera... así como os programas de contabilidade e de persoal (nóminas, seguridade social, contratos...) e ademais de organizar cursos de formación específicos para o persoal do concello que traballa nesas áreas, ten persoal especializado dedicado case en exclusiva a asesoralos e axudalos no funcionamento do día a día destas aplicacións. Estas son as razón, que nos levan – como xa dixen - a non aprobar esta proposta, pois entendemos que os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

esforzos de colaboración na implantación da sede electrónica deberían ser en todo caso iguais que nas deputacións xa mencionadas. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: hola. Nosotros estamos en contra de esto porque creemos que es, aunque técnicamente no lo sea, para nosotros es una estafa y demuestra como administra el dinero la persona que cree que es un gran gestor, que obviamente no es más que un megalómano que cree que es ministro de exteriores; no tiene ni idea de gestionar. No olvidemos que la Diputación de los 80 o 90 millones que tiene – aunque suelen ser 77 los que salen presupuestados al principio, luego con las modificaciones se va a más - se lleva una gran parte la administración, la forma de administrar. Tú imagínate que a un banco le damos para invertir un millón de euros y el banco te cobra el 50% para gestionar la inversión en un fondo de inversiones. Dirías tú: ¡válgame dios! a un banco lo máximo que le pago yo será el 1% o el cero como algo, no le das el 50. Pues la Diputación se lleva un 40% en administrar los recursos que después reparte arbitrariamente casi todos ellos. El caso es que aquí presupuesta efectivamente unas cantidades que pueden llegar a los 5 millones de euros una aplicación informática de administración electrónica para los concellos. Cinco millones de euros, cuando se lo dije a un amigo mío que tiene una empresa de informática casi se marea. Mira, yo de este tema creo que controlo algo y voy a decir por qué. Hace años en Jolper hicimos un convenio con la Universidad, y de aquellas creo que colaboraba la Diputación, para hacer un programa informático una persona que hizo proyecto de fin de carrera. Había hecho un programa específico por 4.000 euros, esa fue la primera andadura que tuvimos en la programación. Después hicimos ya programaciones profesionales, estamos desarrollando ahora aplicaciones – tema que ya no tiene que ver con Jolper – sino las estoy aplicando yo a nivel personal, temas de inglés a temas profesionales y el otro día hablé con un amigo mío que tiene una empresa con 60 empleados, una empresa informática con 60 empleados y me dice que entregó el otro día un programa informático a una empresa de Barcelona por 100.000 euros. Me dice: vamos, ao programa xa solo lle falta facer a el as ventas e saír de comercial á rúa, por 100.000 euros. Aquí estamos hablando de que podría llegar a los 5 millones de euros, aunque obviamente eso sería en el peor de los casos, no va a llegar a tanto. La forma de contratar este programa se hace con nocturnidad, este pliego se hace con nocturnidad. En este caso, ¿cómo se hace con nocturnidad? Pues se hace en el mes de agosto, con

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

estivalidad y en el mínimo tiempo posible el pliego se pone. Sin embargo, para hacer subvenciones, aquí la Diputación, bien que hace promoción a tope de todas las subvenciones y chorradas que hace, de los viajes estériles de propaganda electoral que hace Baltar se gasta un pastón; se gastó 200.000 euros como luego diremos. Se gasta 200.000 euros en el periódico *El Correo Gallego* para su promoción personal, 200.000 euros. Hombre, pues gástate 10.000 euros para anunciar a bombo y platillo que quieres hacer esta programa para que vengan cantidad de empresas a la baja. No, ahí simplemente lo coloco en el Boletín Oficial de la Provincia y se enterarán una o dos empresas, *e xa está*. Hazlo al revés. Lo que realmente quieres contratar en la Diputación haz cantidad de publicidad de este tema para que vengan empresas a la baja, entonces hubieran venido muchas empresas con programas más baratos. Aunque solo gastemos de aquí un millón o dos millones de euros - que es una estafa - con un millón de euros podríamos contratar durante un año a 25 ingenieros informáticos de Orense – a los que salen de la Escuela de Orense - durante un año entero que no harían un programa, sino 15 distintos. O sea, por esta estafa que va a pagar la Diputación, que no tenéis ni idea de gestionar, por un millón y pico de euros se podría contratar a tiempo completo a 25 ingenieros informáticos de la Facultad de Orense para que hicieran, ya no solo este programa, sino más; es más se podría hacer una empresa pública para que después vendiera estos programas a otras diputaciones. Parecido están gestionando también en el Concello de Orense. Entonces esto es una estafa, no tenéis ni idea y pagar estas animaladas por software es que demostráis que no tenéis ni idea de lo que es el mercado. Por muchos viajes que hagas a Estados Unidos, que no eres más que un pedante inútil.

D. Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo Socialista, bos días señores e señoras deputadas. A Lei 11/2007 que foi a primeira que nos obrigou un pouco ao acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e a Lei 39 e a 40 xa nos obriga aos concellos dende outubro a ter administración electrónica; entón no Grupo Socialista estamos, digamos, a favor de facer este programa provincial porque é unha axuda sobre todo aos concellos, sobre todo aos concellos pequenos, pero estamos en contra da forma na que se contratou todo o tema do software. Quero dicir, no mes de agosto, sen pasar por ningunha comisión, sen nós poder achegar nada; entón dende o grupo socialista ímonos abster. Grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular, moitas grazas. Moi bos días. O programa provincial de cooperación para os concellos para implantar un sistema integral de administración electrónica de procedementos administrativos é un dos obxectivos do Plan Ourense 15-19; quere dicir que xa dende o mes de abril do ano 15 xa se sabía que isto se ía implantar, ademais como programa de cooperación. Foi un proceso totalmente transparente que vostedes mesmos puidérono consultar no perfil do contratante. Viñeron varias empresas e quedáronse as que cumpriron os requisitos coas baixas que vostedes saben. Dicirlle, xa que antes falamos dun programa de cooperación e vostede agora, señor Rodríguez Suárez, oponse a un programa de cooperación., isto é un programa de cooperación máis. Non entendo como antes propón 8 millóns de euros e agora se opón. Vaia novidade que vostede se opoña. Eu propoño para algún grupo aquí presente unhas xornadas. Aquí o señor Doval e eu estudamos Educación Social e tiñamos unha asignatura que era procesos psicolóxicos básicos, é dicir, era o básico; pois eu propoñeríalle ao señor presidente, para algún grupo, unhas xornadas de formación de procesos legislativos básicos que lles ensinase a diferenza de importe de licitación e importe de adxudicación e tamén o importe gastado finalmente; xa que todos sabemos que isto é un programa de cooperación ao cal os concellos se poderán acoller se queren ou non, e se non queren a Deputación non gastará ese diñeiro. E de paso, tamén un caderno Rubio para aprender a sumar, dividir, restar e multiplicar. Por agora non teño máis que dicir. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, yo quería que nos dijera aqueles concellos que no lo necesitan si va a haber alguna colaboración con ellos, ya que ellos hicieron las tareas por otro lado si va a haber algún tipo de colaboración con ellos. Luego, otro tema, a mí me hace gracia porque dices que ya se sabía de hace tiempo; sí, pero lo que he dicho antes, esto también se podría decir cuando hace los viajes a Estados Unidos. ¿Por qué los publicita? También se puede decir: home, xa o dixo fai meses, non fai falta que o repitas. Sin embargo en viajes a Estados Unidos se gasta 200.000 euros. ¿Sabes por qué? Es lo que nos preguntábamos aquí el otro día ¿por qué José Manuel Baltar le paga 200.000 euros al *Correo Gallego* si no es de Orense? Es una auténtica salvajada, le paga mucho más que a *La Voz de Galicia*, está tirando nuestro dinero. A *Telemiño* le está pagando en torno a 120.000 euros al año, a *La Región* le está pagando en torno a 600.000 euros al año; pero ¡al *Correo Gallego* 200.000 si no es de aquí!

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

¿Por qué le paga 200.000? y claro, al final, todo sale. *El Correo Gallego* es el único periódico que le está sacando en portada, sin ser de Orense, todas las trapalladas de ministro de exteriores que anda haciendo. Aquí viene: *Baltar lidera en Bruselas o cumio da rede provincial de concellos de toda Europa*. El otro día cuando fue a Estados Unidos, salió también en portada esto y en *La Voz de Galicia* no salió en portada, le dedicaron un parrafito pequeño en la local. *La Voz de Galicia* que es de Orense, le dedicó un parrafito pequeño en la local y *El Correo Gallego* que no es de Orense lo saca en portada. ¿Por qué hace esto? ¿Por qué publicitarse fuera de Orense? Porque este cateto, el pensar de esta forma es de cateto, cree que haciendo esto intimida a los de la Xunta del PP en Santiago. Y les dice: “¡ey! mirad Baltar que importante es que sale aquí en Santiago, en vuestra ciudad, en el periódico en portada. Mira todo lo que está haciendo por el mundo. No se os ocurra nunca echar a Baltar del PP, ni presionarlo ahora cuando le venga el juicio para que dimita”. Hace esto como especie de presión. Utiliza *El Correo Gallego* como lobby con el PP en Santiago, para que no piensen que es un paleta de la boina, así como el concepto que tenían del padre. Este va en plan de ministro de exteriores y se gasta 200.000 de los orensanos en *El Correo Gallego* para que le den estas contrapartidas: salir en portada. Nos está estafando a todos los orensanos por su megalomanía, es lo que está haciendo este hombre. Lo de gastarse un millón y pico de euros, efectivamente sabemos que no va a llegar a los 5 millones de euros, no hace falta esa arrogancia, señor del Partido Popular. Yo no estudié Graduado Social, xa non me acordo do que era. Lo que le quería decir, efectivamente no va a llegar a los 5 millones de euros; pero gastando uno va a ser igual una estafa porque por un millón de euros se puede contratar a 25 ingenieros informáticos de Orense, darías trabajo a gente de Orense, a 25 ingenieros informáticos de la Facultad de Orense durante un año y no te haría este programa; sino que harían 25.

D. Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo Socialista, imos ver señor deputado. Vostede di que foi no ano 15, que xa o leva no programa. Malo me lo fía entón, porque sácalo en agosto do 16, o concurso, cando había que cumprir a Lei en outubro do 16. Se vostede sabía que no 15, pois puideron telo feito antes e non, en certa forma, en época estival. Porque tamén lle podo dicir eu que sobre iso hai máis cousas no mercado, a min paréceme carísimo; pero unha vez feito iso o que está claro é que os concellos ou collemos o do mercado, ou collemos este. Economicamente, sobre todo para os concellos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

de mil habitantes, é barato; para os outros concellos igual lles é caro xa. Pero para os concellos pequeniños, de menos de 1.000 habitantes onde temos que pagar o 10% polo tema do software, pois ben. Pero hai concellos, sobre todo ós de 5.000, que lle vai a ser bastante caro o sistema. Entón, volvemos a insistir, nós imos absternos porque si entendemos que a Deputación algo tiña que facer; creo que fíxoo tarde e mal.

D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo do Partido Popular: moitas grazas. Nada, rematar un pouquiño alegando á autonomía municipal e este é un programa de cooperación ao que os concellos se poderán adherir se queren. E como solo houbo a intervención dun grupo, pois nada máis.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), a abstención do Grupo Socialista (8), e o voto en contra de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1ª.- Aprobar definitivamente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos de menos de 20.000 habitantes para o co-financiamento da subministración de licenzas dun sistema integral de xestión electrónica de procedementos administrativos (2017/2018, co seguinte contido:

1ª) Obxecto:

1. Constitúe o obxecto destas bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos de menos de 20.000 habitantes para o co-financiamento da subministración de licenzas e instalación e posta en funcionamento dun sistema integral de xestión electrónica de procedementos administrativos durante os exercicios 2017 e 2018.

2. Mediante a súa adhesión ao presente programa, os concellos poderán adquirir, a través da Deputación Provincial, a licenza de uso da Plataforma de Tramitación Electrónica TAO 2.0, desenvolvida pola empresa T – SYSTEMS ITC IBERIA, SAU, adxudicataria do contrato adxudicado pola Deputación Provincial con esta finalidade. En virtude da adhesión dos concellos a este programa, a Deputación adquirirá as licenzas necesarias para os concellos adheridos, subvencionando parcialmente o seu custe de adquisición nos termos establecidos na base 3ª.

A plataforma permite o cumprimento das esixencias en canto á tramitación electrónica integral dos procedementos derivadas da entrada en vigor da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas e da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, contendo os seguintes módulos ou utilidades: rexistro

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

electrónico, xestor de expedientes, xestor documental, notificacións, libros electrónicos, arquivo electrónico, e voto telemático, nos termos indicados nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas recollidos no expediente de contratación da Deputación xestionado pola Deputación, que poden ser obxecto de consulta no perfil do contratante da Deputación, no seguinte enderezo electrónico: <http://www.depourense.es/index.php/perfil-do-contratante>

3. A adquisición da licenza implicará a adquisición do dereito ás seguintes prestacións por parte dos concellos:

1º) A subministración do software e a instalación da plataforma nos seus equipos informáticos para o seu uso na xestión integral da totalidade dos procedementos administrativos que tramiten, así como para o arquivo electrónico dos correspondentes expedientes. A instalación será realizada por técnicos de T-SYSTEMS, coa colaboración do persoal municipal, e baixo a supervisión dos servizos provinciais.

2º) A impartición de formación ao persoal municipal que permita o coñecemento e uso da plataforma tanto dende o punto de vista operativo como técnico (isto último, no caso de que o concello dispoña de persoal técnico). A formación irá destinada tanto aos usuarios especialmente relevantes que sinala o concello como ao persoal técnico informático, de existir. A formación impartirase de xeito agrupado co persoal doutros concellos, conforme ao proxecto de implantación que aprobe a Deputación.

3º) O soporte, asistencia técnica e mantemento necesario durante un prazo de dous anos, computables dende a aprobación da adhesión, e prorrogables por dous máis coa conformidade do concello.

As licenzas de usuario darán dereito ao seu uso polo concello adherido e, ademais, e sen custe engadido, por unha entidade vinculada, dependente, adscrita ou participada polo dito concello (mancomunidade, consorcio, entidade local menor ou outras).

4. O prazo de subministración, configuración, produción e posta en marcha da plataforma para cada concello, incluíndo a formación do seu persoal, estímase en tres meses. Este prazo computarase a partir da data de inicio da execución dos traballos de implantación, que será establecida pola Deputación por grupos de concellos, en función das adhesións recibidas e das dispoñibilidades orzamentarias e de execución, garantíndose, en todo caso, o inicio da execución para cada concello nun prazo máximo de seis meses dende a súa adhesión.

2ª) Beneficiarios:

Poderán obter a condición de beneficiarios do programa regulado nestas bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes que se adhiran a este nos termos indicados na base quinta.

A adhesión implicará a adquisición da licenza nas condicións ofertadas pola Deputación, conforme á base 3ª, obrigándose os concellos adheridos ao co - financiamento nos termos e contías que se indican nas bases 3ª e 7ª, así como ao pagamento á Deputación do importe da prestación de soporte técnico e mantemento, nos prazos que se indican na base 7ª. Para tal efecto, o acto de adhesión implicará a adquisición do correspondente compromiso de gasto.

3ª) Cadro de co - financiamento:

En virtude do contrato formalizado entre a Deputación de Ourense e o seu contratista, os importes para as licenzas adicionais para concellos e o soporte técnico e mantemento destas son os seguintes:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

- 12.100,00 € por unidade de licenza adicional (IVE incluído).
- 1.815,00 € por unidade e ano de soporte técnico e mantemento (IVE incluído).

O cadro de co - financiamento que se establece para os concellos emprega como criterio o da súa poboación, con referencia ao Real decreto 636/2016, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2016, cos seguintes tramos e contías:

POBOACIÓN CONCELLO	PREZO DA LICENZA	CONTÍA PORCENTAXE DEPUTACIÓN	CONTÍA PORCENTAXE CONCELLO
<i>Menos de 1.000 habitantes</i>	12.100,00 €	10.890,00 € / 90 %	1.210,00 € / 10%
<i>Entre 1.000 y 2.000 habitantes</i>	12.100,00 €	8.470,00 € / 70 %	3.630,00 € / 30%
<i>Entre 2.001 y 5.000 habitantes</i>	12.100,00 €	6.050,00 € / 50 %	6.050,00 € / 50%
<i>Entre 5.001 y 10.000 habitantes</i>	12.100,00 €	3.630,00 € / 30%	8.470,00 € / 70%
<i>Máis de 10.000 habitantes</i>	12.100,00 €	2.420,00 € / 20%	9.680,00 € / 80%

Non serán obxecto de co - financiamento os gastos anuais de soporte técnico e mantemento, que serán asumidos integramente polo concello respectivo.

4ª) Disponibilidades orzamentarias (2017/2018):

Para obrigas económicas incluídas nesta convocatoria existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017, por importe global máximo de 296.208,00 €, na aplicación orzamentaria 91211/64100, existindo o compromiso de incluír no Orzamento xeral desta Deputación para o exercicio de 2018 a cantidade de 444.312,00 € para asumir as obrigas económicas correspondentes a esa anualidade.

5ª) Solicitudes de adhesión ao programa: prazos, lugar de presentación e documentación para presentar:

As solicitudes, subscritas polo alcalde ou alcaldesa interesado/a, ou concelleiro/a no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como no Rexistro Xeral da Deputación Provincial, que mantén a súa operatividade ao abeiro do establecido na Disposición final 7ª da devandita Lei 39/2015. Na dita solicitude de adhesión deberá manifestarse a aceptación incondicional das bases e obrigas derivadas deste programa, e incluírse a designación dun responsable político e dun responsable técnico para o proceso de execución da instalación do software e formación do persoal, cos que se entenderán as correspondentes actuacións.

O prazo de presentación das adhesións manterase aberto a partir do día seguinte ao da data de publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia e ata o 19 de xaneiro de 2018.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación da autorización e compromiso do gasto correspondente ao concello para a adquisición da licenza de usuario, segundo o cadro de co - financiamento previsto na base terceira.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

- Manifestación expresa da vontade do órgano municipal competente de asumir o custe correspondente ás anualidades de soporte técnico e mantemento da aplicación, unha vez recibida esta.

6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación:

As solicitudes de adhesión presentadas remitiráselle ao Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión dos concellos solicitantes, agás nos seguintes casos:

a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo

b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen as deficiencias advertidas no prazo concedido.

No suposto en que, coas adhesións producidas no exercicio 2017, se esgotase o crédito dispoñible da Deputación para esta anualidade, a adhesión autorizarase con efectos do 1 de xaneiro de 2018.

As resolucións de autorización de adhesión realizaranse no prazo máximo de dez días hábiles dende a recepción da documentación completa para cada solicitante, a medida que estas se vaian recibindo. Poderán realizarse nunha resolución individualizada para cada concello ou para varios deles, en función dos prazos nos que se teñan presentado e completado as correspondentes solicitudes.

As ditas resolucións de autorización de adhesión serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e cadro de co - financiamento. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

7ª) Subministración e instalación da licenza. Acta de recepción. Pagamento:

1. Unha vez adheridos os concellos, a Deputación determinará os prazos de inicio da execución da instalación e posta en funcionamento da plataforma de tramitación electrónica, incluíndo a formación de persoal, por grupos de concellos, en función das adhesións e das disponibilidades orzamentarias. En todo caso, garántese o inicio da execución para cada concello adherido no prazo máximo de seis meses dende a data de autorización da adhesión.

2. Concluída a instalación da plataforma, redactarase a correspondente acta de recepción, que será asinada pola empresa instaladora, por un representante da Deputación e un representante do concello.

No caso de que o concello non estivese conforme coas prestacións recibidas, por estimar que estas non se axustan ao establecido no programa e no contido das prestacións definido no contrato adxudicado pola Deputación, disporá dun prazo de dez días hábiles para formular as correspondentes alegacións ante a Deputación, que serán resoltas pola presidencia. A resolución da Presidencia terá carácter executivo, e, no caso de desestimar as alegacións do concello, implicará a validez da instalación efectuada, determinando a obriga de pago do concello prevista no apartado seguinte.

Sen prexuízo do anterior, a resolución da Presidencia pola que se desestimen as alegacións do concello poderá ser obxecto de requirimento de anulación ou de recurso contencioso – administrativo, conforme ás normas xerais establecidas no noso ordenamento xurídico.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

3. *Recibida a subministración e instalación, o concello estará obrigado a pagarlle á Deputación a porcentaxe do importe de adquisición da licenza que lle corresponda no prazo máximo de trinta días naturais contados dende a data da acta de recepción ou da resolución da Presidencia desestimando as alegacións do concello contra o acto de recepción. A Deputación, en todo caso, comunicaralles esta circunstancia aos concellos.*

Transcorrido o dito prazo sen realizarse o pagamento, a Deputación quedará facultada para exercer as accións administrativas e xudiciais oportunas para o cobro da débeda, incluíndo a posibilidade de compensar esta con calquera dereito de crédito que o concello teña fronte á Deputación.

4. *O mantemento e soporte técnico prestarase durante un prazo de dous anos contados dende a data da acta de recepción, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga por dous anos máis, tras a previa conformidade expresa do concello.*

A importe do mantemento deberá serlle aboado polo concello á Deputación ao remate de cada exercicio, no prazo de trinta días naturais dende a notificación da oportuna liquidación formulada pola Deputación Provincial.

A resolución de liquidación poderá ser obxecto de requirimento de anulación ou de recurso contencioso – administrativo, conforme ás normas xerais establecidas no noso ordenamento xurídico.

Transcorrido o dito prazo sen realizarse o pagamento, a Deputación quedará facultada para exercer as accións administrativas e xudiciais oportunas para o cobro da débeda, incluíndo a posibilidade de compensar esta con calquera dereito de crédito que o concello teña fronte á Deputación.

8ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os concellos adheridos asumirán todas as obrigas impostas polas bases e pola Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, no que sexa de aplicación consonte á natureza do programa de cooperación e pola normativa que sexa de aplicación.

Establécese a obriga de que na sede electrónica do concello figure de xeito visible e permanente, segundo o modelo que se remitirá desde a Deputación, o financiamento da plataforma de tramitación electrónica por parte da Deputación Provincial de Ourense.

O incumprimento desta obriga poderá dar lugar a unha redución da subvención correspondente, de ata un 30% do seu importe. Esta redución declararase mediante expediente de reintegro, de carácter contraditorio, que será resolto pola Presidencia.

9ª) Normativa supletoria:

De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.

2º.- Publicar no BOP as bases aprobadas aos efectos da formulación de solicitudes polos concellos interesados, nos termos indicados na base quinta das reguladoras do devandito programa.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER.-

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda a esta moción, con número de rexistro de entrada 9.199 e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista: grazas presidente. Moi bos días a todas e todos. En 2016 os xulgados de Galicia acadaron un triste record, rexistraron 5.683 denuncias por violencia de xénero, en Ourense rexistráronse 589. Segundo o informe anual sobre violencia de xénero en Galicia, presentado o pasado mércores, detéctase un repunte da violencia machista. Con estes datos, a situación actual demanda un esforzo colectivo por parte de todas as administracións na loita pola erradicación da violencia machista, a prol da igualdade efectiva entre homes e mulleres. Esta loita require implicación de recursos, require de pactos e consensos que transcendan aos partidos para apostar decididamente pola equidade de xénero. Nos derradeiros anos vimos como as mulleres somos as grandes damnificadas das políticas de recortes, sendo expulsadas do mercado laboral ou precarizando os nosos traballos, sendo sobrecargadas co peso polos coidados debidos aos retallos do cuarto piar do Estado de Benestar. Pero tamén sufrimos a radicalización dalgúns discursos, todos e todas coñecemos termos como *feminazi*, que o único que buscan é desacreditar accións. En Galicia retrocedeuse enormemente neste eido nos últimos anos co goberno do Partido Popular. Pasamos de ser a vangarda de España en materia de igualdade coa primeira Lei de igualdade para homes e mulleres, a que lles vou a lembrar que considera o acoso sexual como un delito de violencia machista; pasamos a ter una Secretaría de Igualdade no lugar dunha Consellería propia. O PP está instalado nunha falta de asunción das responsabilidades e competencias propias en materia de apoio á muller e contra as violencias machistas que nos abraian. A Xunta é a única responsable do mantemento dos CIM, exemplos máis visibles da política de loita pola erradicación da violencia contra a muller. Como ben saben, na provincia de Ourense de 92 concellos so 78 teñen CIM; existindo 3 mancomunados que atenden a varios concellos. Estes centros, como ben saben, dependen dos propios concellos aínda que contan cun sistema de financiamento de axudas, de subvencións, que depende do Fondo Social Europeo nun 80% e da Administración autonómica do 20%. Todas estas cantidades mudan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

dependendo e variando de cada un dos orzamentos da Xunta. Estamos moi preocupados porque os recortes, e o desinterese do PP, están a provocar situacións rocambolescas. Sabemos que nalgúns concellos da provincia levan anos enfrontándose a un baile de cifras e ter que estar financiando o servizo; este proceder fai imposible deseñar e prestar un servizo estable, permanente e de calidade que nos obriga ao concellos a cubrir o déficit do servizo con achegas propias e mesmo temos que contratar persoal de xeito precario para manter os centros abertos. A Xunta é a Administración que debe desenvolver as súas competencias e non descargar sobre as entidades locais a responsabilidade de executalas. É necesario e urxente que configure unha rede integral equilibrada de CIM en toda a provincia para que todas as mulleres, independentemente de onde vivamos, teñamos acceso aos mesmos servizos. Nós como socialistas, e eu particularmente como muller, cremos que se debe actuar coordinadamente entre a Xunta e a Deputación, e coidamos que, tendo en conta os vaivéns aos que nos somete a Xunta de Galicia aos concellos, é hora de que a Deputación asuma as súas competencias e asista ás entidades locais en materia de igualdade. As mulleres representamos nesta provincia máis da metade da poboación, e, no canto de declaracións baleiras de contido, de palabras que leva o vento, máis alá de titulares, de fotos de propaganda 2.0 coa que nos teñen acostumados e nos bombardean, a Deputación debe poñerse a traballar nesta materia. A realidade da provincia é ben distinta da que nos queren vender. É necesaria unha liña provincial de axudas que de xeito estable, permanente, dote de recursos aos concellos de Ourense de menos de 20.000 habitantes – que como saben somos todos menos a cidade - para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención de violencia machista. A verdade é que non sabemos como vostede, señor Baltar, que tanto lle gusta presumir de ser pioneiro en todo siga de brazos cruzados nun tema tan transcendental. Eu non mo podo explicar, de verdade. A igualdade é un tema capital para o noso Grupo e polo cal, traemos esta serie de acordos ao Pleno:

Primeiro acordo, *instar á Xunta de Galicia a que configure unha rede autonómica integral, permanente, equilibrada e sostible de Centros de Información á Muller para garantir a atención ás mulleres en toda a provincia.*

Punto número dous, *instar á Xunta de Galicia a que faga unha dotación económica suficiente para o bo funcionamento destes centros, que garanta as necesidades de persoal e mantemento das instalacións que os concellos poñan a disposición dos CIM3, e que teña*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

continuidade e estabilidade mais alá do horizonte temporal, fixado para o ano 2020, do Fondo Social Europeo. Porque como saben, a partir do 2020 quedámonos sen estes fondos.

Punto número tres, crear unha liña de axudas que, de xeito estable e permanente, dote de recursos aos concellos da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes, para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia machista e para que todos os concellos da provincia contén cun Plan de igualdade de oportunidades municipal.

Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas señor presidente. O compromiso do BNG coa loita contra a violencia de xénero é incuestionable. Impulsamos no seu día a Lei que está vixente e medidas vangardistas como o salario da liberdade, recuperado para todo o ano grazas a unha proposta nosa despois dos recortes do Partido Popular. Entendemos que nesta cuestión a Deputación non debера ter papel algún, é tema entre a Xunta e os Concellos, onde a Xunta debера asumir o orzamento completo dos CIM. Ademais non deixa de resultarnos curioso tratar unha iniciativa destas características precisamente nesta deputación, cando o seu presidente está sendo investigado no xulgado pola comisión duns presuntos delitos de suborno, tráfico de influencias e acoso sexual. En todo caso, entrando no debate da iniciativa, en Ourense funcionan 16 CIM que ofrecen ás súas usuarias tres servizos básicos: asistencia social, apoio psicolóxico e axuda xurídica. Nalgúns, como o da capital dispoñen de persoal administrativo que completa o cadro de traballadores, mais noutros o traballo burocrático e a elaboración dos informes de cada caso ou ata a atención telefónica, recae na responsable do centro. A dispersión xeográfica da poboación e as malas comunicacións viarias son un hándicap engadido para o funcionamento dos que se sitúan no rural ourensán, a pesares do esforzos de moitos concellos. Os perfís das usuarias varían lixeiramente en canto a idade e formación entre o centro da capital, as grandes vilas ou os máis rurais; pero moi pouco en canto ao que as mulleres demandan cando se achegan a eles. A maioría chegan cunha consulta relacionada cunha situación de dificultade económica ou de falta de apoio para facer fronte á conciliación familiar e laboral. Aínda que logo, cando se escarva un pouco, tras esa falta de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

recursos económicos ou sociais que lles fan dar o paso, aparecen outras circunstancias que xeralmente son a orixe real da situación na que se atopan. Na maioría deses casos aparecen dificultades na convivencia conxugal - alcancen ou non a catalogación ou recoñecemento oficial de violencia de xénero - ou incumprimentos das súas ex parellas con respecto ás obrigas de manutención ou de coidados dos fillos en común. A falta de recursos propios, fundamentalmente dun posto de traballo, dificulta en moitas ocasións a ruptura da situación de violencia. E a loita contra a violencia machista e o apoio as vítimas pasa por axudalas a crear o empoderamento necesario para volver recuperar a súa vida non ámbito laboral, que tamén é a mellor forma de que se reincorporen á vida social. E iso non se fai con *padrenuestros*, senón con recursos. Na actualidade os CIM para acceder ás subvencións deben atender a mulleres en situación de vulnerabilidade social pero non computan as mulleres anónimas ou as chamadas. A raíz da última convocatoria comezouse a falar da modificación do decreto que regula os CIM eliminando o anonimato e asumindo os centros tamén a atención ás persoas LGTBI, circunstancia que para o BNG resulta unha monumental chapuza, con consecuencias para as persoas usuarias e saturación de traballo para as profesionais. Pero calquera axuda é pouca. Hai que combater as causas estruturais da violencia machista. E non é doado. O neoliberalismo fixo que aumentaran as desigualdades sociais, que afectan de maneira especial ás mulleres. Este sistema sexista sostense, aínda que non so, co traballo gratuíto ou mal pagado das mulleres. Cada vez traballan máis e teñen menos acceso aos recursos. E os datos son alarmantes. Ao longo do ano 2016, un total de 5.683 mulleres denunciaron ser vítimas da violencia machista en Galiza, o que supón un catro por cento máis que as 5.210 do ano anterior. En Ourense foron 589. Isto, por desgraza, non é máis que a punta do iceberg do que realmente acontece, pois aínda que cada vez son máis as mulleres que denuncian ser vítimas de violencia machista, aínda hai moitas que non o fan e das que se atreven a dar o paso, moitas acaban retirando a denuncia nos xulgados contra os seus maltratadores. A denuncia non é o punto final da espiral da violencia, despois ven todo un percorrido no que as mulleres que a sofren precisan un apoio que non sempre atopan. Fálase moito, sácanse leis, prométense moitas cousas, pero a realidade é que, a día de hoxe, as mulleres contan con moi poucos recursos. Dito isto, nós presentamos unha emenda de engádegas que iría no sentido de *que as axudas que se prestaran deberían estar vinculadas á asociación ou a consecución de obxectivos*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

concretos e que deberían ser avaliadas e supervisadas por parte dos CIM máis próximos, así como por parte da Secretaría de Igualdade, precisamente para garantir a profesionalidade das actuacións e o cumprimento dos obxectivos. Esa era a moción de engádegas que presentamos e que expuñamos ao grupo propoñente. En todo caso anunciar que nós estamos de acordo coa moción e imos votar a favor. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana: ola de novo. Xa adianto que tamén votaremos a favor desta moción do Partido Socialista. É fácil coincidir no diagnóstico que se fai tanto por parte do Partido Socialista, como por parte do BNG. A realidade ás veces admite poucas discusións. Compartimos o apunte de que os casos de violencia que saltan aos medios de comunicación, ou que se levan aos CIM – aínda que non cheguen aos medios - non son máis que a punta do iceberg. Cando unha muller vai ao CIM é que xa houbo un problema - un problema que mellor non tivera aparecido - por iso parécenos importante a prevención. Esas campañas para evitar que haxa ese aspecto sociolóxico, antropolóxico, que o portavoz do BNG chamoulle sexismo estrutural, non sei si a palabra é a axeitada, pero a cuestión está clara de que hai unha base sociolóxica – quizás mesmo antropolóxica – destas situacións. Isto terá que cambiar e como dicía moi ben o portavoz do BNG non se logra con *padrenuestros*; pero tampouco se logra con meros actos protocolarios como concentracións ou solta de globos, esa clase de cousas que para nós son equivalentes aos *padrenuestros*. Non se arranxa con *padrenuestros*, pero moitas veces dásele excesiva importancia a determinados actos - puramente simbólicos - cos que ao mellor pretendemos lavar a conciencia pero que, á persoa que sofre este problema, tampouco lle soluciona nada. Entón, ao final fan falta cartos, efectivamente, porque hai que cambiar todo un substrato antropolóxico, todo un sistema operativo social. Antes falábase de informática, pois por debaixo das aplicacións, por debaixo dos programas, do software da aplicación, están os sistemas operativos que son un substrato aínda máis profundo. Pois aquí pasa algo parecido. Os casos que saen á luz pública son consecuencia dun substrato moi difícil de cambiar, por iso estas axudas posiblemente teñan sentido que sexan estables e permanentes, como di a moción. A emenda do BNG a nós parécenos, no espírito, equivalente ao punto tres do PSOE. Claro, cambia a letra de acordo, pero a verdade é que lendo entre liñas o punto tres da moción do PSOE parécenos equivalente no espírito, aínda que vai a cousas máis concretas a emenda do BNG. Tamén a poderemos apoiar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

loxicamente. Como digo, por motivos que todos entenderán como obvios, imos apoiar esta moción. Grazas.

D.^a Teresa Cerdeira Valiñas, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas presidente. Bos días a todas e a todos. Con respecto á moción do Grupo Socialista dos Centros de Atención á Muller, xa lles adiantamos o noso voto a favor. Dito isto, estamos de acordo en que estes tres primeiros meses do 2017 deixáronnos unha inaceptable cifra de mulleres asasinadas por violencia machista. Un feito ao que temos que mirar lonxe da perspectiva do número de mulleres falecidas, en tanto que unha soa vítima é suficiente para decatarnos de que a sociedade e as administracións en algo estamos a fallar. Tamén estamos de acordo en que é unha cuestión moi grave, a que nos ocupa, e que ten gravísimas consecuencias para o entorno familiar; precisa dun pacto de Estado, máis alá de iniciativas políticas singulares. Onde non hai, nin haberá acordo - máis ben o noso enérxico rexeitamento - é en botarlle as culpas ao Partido Popular. Isto é absolutamente inadmisibile. Feitas estas consideracións, e centrándonos na súa proposta, debemos ter en conta que os Centros de Atención á Muller son recursos de titularidade municipal - como xa se dixo aquí - polo tanto, son as entidades locais as que deciden pór ou non en funcionamento este servizo no seu territorio. Falan vostedes da creación dunha rede integral de Centros de Atención á Muller, pois mire a rede integral que solicitan na súa moción xa está contemplada no Decreto sobre estes centros. Un texto que regula a clase de atención que se debe dar ás usuarias e usuarios de toda Galicia, os horarios, as condicións das instalacións, a formación e capacitación dos profesionais que traballan nos centros; absolutamente todo está regulado. A través deste Decreto a Xunta de Galicia habilita estes centros para poder participar nas convocatorias de axuda que convoque o órgano competente en materia de igualdade do Goberno galego; o mesmo texto establece e recolle os requisitos materiais e funcionais que deben ter os centros para poder recibir financiamento da comunidade autónoma. Propoñen vostedes unha rede integral de centros en Galicia e nós preguntámonos, e xa vexo que si vostedes coñecen, a existencia de 80 Centros de Información á Muller que cobren a práctica totalidade do territorio da comunidade autónoma galega. Por certo, xa que vostedes falan de recortes, 12 centros máis que no ano 2005. Piden tamén unha dotación económica que garanta o bo funcionamento dos Centros e unha liña de axudas estables. Esta dotación económica xa se está producindo a través das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

ordes anuais de convocatorias para as entidades locais, a última delas publicada o 5 de setembro de 2016. Miren vostedes, dende que o Partido Popular goberna na Xunta de Galicia, os orzamentos destinados ás entidades locais medraron preto dun 24% ; pasando de 3.245.000 euros aos 4.235.000 euros. Isto é garantir o bo funcionamento e estabilidade na liña de axudas. Con respecto ao terceiro punto, dicirle que nunha resolución do 1 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral de Igualdade, establécense as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma para a promoción da igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, co - financiadas polo Fondo Social Europeo con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014 - 2020. O orzamento destas axudas, xa o dixen antes, foi de 4.235.000 euros destinados a colaborar economicamente coas entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas, actividades e actuacións para facer efectivo o principio de igualdade, o tratamento integral da violencia de xénero, para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e para a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural e consolidar o funcionamento dos servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres. E aínda máis, a Xunta de Galicia acaba de aumentar o orzamento das axudas que se lle conceden ás mulleres que sofren violencia machista. Orzamento que superará os catro millóns de euros, axudas das que por primeira vez se poderán beneficiar ás mulleres vítimas de trata; sendo Galicia a primeira comunidade que adopta esta medida e sendo os requisitos de acceso máis doados que noutras comunidades autónomas. Unhas axudas que procuran garantir, ás mulleres vítimas de violencia de xénero, unhas condicións de independencia económica respecto do seu agresor. Espero que logo destas explicacións non volvan a poñer en dúbida a labor que o Partido Popular está realizando en apoio da igualdade e contra da violencia machista. Nin levamos oito anos de recortes nin hai á fronte as pantasma cos que queren sementar falsas dúbidas. Sen embargo, tal e como dixen ao principio da miña intervención, temos que seguir traballando, posto que os resultados aínda non son satisfactorios. O obxectivo: cero mulleres mortas. Polo tanto, o noso voto vai a ser favorable á súa moción. De momento, nada máis. Moitas grazas.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, grazas. Por orde, para seguir unha orde. Ao señor Ramiro, creo que esta Deputación, xa solo polo tema no que está implicado o seu presidente, si que ten que investir nisto. E logo, si que é verdade que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

non chega con rezar *padrenuestros*, pero nin tampouco manifestacións; iso visibiliza, pero o que fai falta son recursos económicos. En canto a emenda de engádegas si que a imos aceptar, pero si ben é verdade que temos que dicir que os plans de igualdade recollen obxectivos concretos que teñen que ser avaliados pola Secretaría de Igualdade. Ao Grupo do Partido Popular dicirlle que me alegro de que voten a favor, que espero que non quede nunha declaración baleira de contido, non quede nun brindado ao sol; espero que se poñan a traballar neste sentido. Porque o seu grupo político si ten recortados os orzamentos destinados á accións de igualdade e protección e promoción da muller. Mire, solo para dicirlle, con respecto ao ano 2010 recortaron un 16,48%. Nun goberno presidido por un socialista - unha mágoa que durara tan pouco, aí téñolle que darlle a razón ao vicepresidente - no 2010 se investiron 8,10 millóns, no 2016 - nun goberno presidido polo Partido Popular- investíronse nesta medida 6,9 millóns. Saben vostedes cando foi a última convocatoria de axudas da Xunta para a elaboración de plans de igualdade para os concellos? O 7 de maio de 2014. Dende aquela non se convocou ningún tipo de axudas para a elaboración destes plans de igualdade. Son datos obxectivos que queremos amosar do compromiso da Xunta coa igualdade. O compromiso da Xunta coa igualdade é cero; pero tamén o compromiso desta deputación coa igualdade. Eu quería que me dixeran canto investiu esta Deputación en materia de igualdade?, que programas, accións? Que puxo en marcha? Dígollo eu, cero. Non vai máis aló das axudas de benestar social. É a forma de facer política do PP, téñolle que recordar que non o consideran prioritario, que non o creen. Vostedes non creen na igualdade, vostedes seguen a utilizar o termo de “mulleres mortas” para chamar ás mulleres asasinadas por violencia machista. Vostedes, o seu Grupo, seguen amparando a un presidente dunha Deputación que está en trámites de xulgado; seguen amparando a un alcalde do Concello de Noia, seguen amparando ao subdelegado do goberno de Lugo nas últimas declaracións que fixo. As mulleres conseguimos saír do ámbito privado e formar parte do ámbito público grazas a moitos homes e mulleres, grupos feministas que loitaron por os nosos dereitos. Pero as mulleres seguen sendo asasinadas polo simple feito de ser mulleres, porque hai homes que creen que son da súa propiedade. Declaracións de intencións, neste momento que xa levamos vinte e dúas mulleres asasinadas nos primeiros tres meses, non chegan, creo que case son un insulto. Cando se fixo esta moción levabamos 17 mulleres, esta moción se presentou a primeiro de marzo, a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

día de hoxe son 22 (hai unha pendente de confirmación si é violencia machista ou non). De verdade, isto é moi triste, porque mentres o PP siga recortando en políticas de igualdade, seguirá recortando en vida das mulleres. Por agora nada máis .

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, moi brevemente, señor presidente. Agradecer a predisposición do Partido Socialista para aceptar a emenda que nós propúñamos. Despois tamén, neste caso, non estar de acordo co que dicía o portavoz de Democracia Ourensana en canto ao tema da visibilización. Efectivamente nós dicimos que este tipo de situacións resólvense con recursos, pero ese tipo de campañas ou mobilizacións son necesarias para visibilizar, tamén se dixo, un problema que historicamente estivo soterrado, estivo agochado e que é precisamente a través deste tipo de iniciativas, a través deste tipo de mobilizacións nas que a sociedade toma conciencia de que existe, de que está aí e de que necesita unha solución. Tamén dicir que, efectivamente nós, como ente abstracto o Partido Popular non dubidamos do seu compromiso contra a violencia machista; pero xa se lembrou aquí, cando vamos aos feitos concretos xa nos entran máis dúbidas porque hai actitudes que non se deben amparar nin tolerar dende unha formación política, como o Partido Popular neste caso, onde deberían estar máis castigadas e máis penalizadas dende o punto de vista político porque son absolutamente intolerables e non axudan en nada, precisamente, á resolución do problema que temos enriba da mesa. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Efectivamente ese actos simbólicos si que sensibilizan, pero tamén desde ese punto de vista tamén os *padrenuestros*. Si organizamos unha concentración colectiva intentando bater o record Guinness de persoas que rezan un *padrenuestro* simultaneamente no parque de San Lázaro, porque de feito no pasado facíase, cando había unha guerra tocaban as campás e xuntábanse todos para rezar pola guerra de Corea, é dicir, si algún grupo relixioso organiza –como digo- unha visibilización do rezo dun padrenuestro: mil persoas ou dúas mil persoas rezando un padrenuestro simultaneamente no campo de fútbol, ou en tal sitio. Record guinness de padrenuestro. Nese sentido si, calquera cousa que se faga nese sentido visibiliza; pero o que realmente soluciona o problema son os cartos. Facía referencia a portavoz do PSOE ás persoas que loitaron pola igualdade de dereitos e da muller. Efectivamente a min ás veces faime reflexionar que o feito de que o xerme da liberación da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

muller foi a guerra, curiosamente, sobre todo a II Guerra Mundial, a I e a II Guerra Mundial. Na II Guerra Mundial, cando os homes tiveron que marchar a combater ao fronte e os traballos e os servizos nas fábricas e nas empresas tiveron que ser atendidos polas mulleres, foi cando tiveron a oportunidade de demostrar que eran capaces de facer o mesmo traballo que os homes. Despois, cando volveron os homes, os que non morreron na guerra, e cando intentaron recuperar os seus postos, as mulleres dixéronlle: moi ben, oe, eu son capaz de facer o mesmo traballo ca ti e quero cobrar o mesmo ca ti. É un efecto colateral perverso ou curioso da guerra, ao mellor se non tivera pasado iso a ninguén se lle ocorrería pensar e as cousas seguirían como estaban: a muller na súa casa coa pata crebada e o home desenvolvendo o traballo. Ese substrato de séculos ou de milenios, porque mesmo hai unha base antropolóxica, temos que superar unha barreira realmente formidable no tema da igualdade. E como é unha barreira formidable, si que entendemos que é un tema transversal que involucraría ao máximo de institucións. Alguén puña en cuestión as competencias da Deputación, cando vamos ás comisións hai unha que é Comisión de Igualdade; si a hai será algunha competencia ten a Deputación no asunto, imaxino eu. Eu penso que incluso sumando os esforzos, cada un no seu ámbito de competencias, da Deputación, da Xunta, do Estado ou da ONU, aínda así, o problema é realmente formidable; porque estamos permanentemente nomeando ás vítimas de violencia machista, iso non é máis que a punta do iceberg, iso é o destilado. Cada muller que morre nesas circunstancias, ou que é asasinada nesas circunstancias, é como unha gota do destilado do alambique. Sae unha gota, pero para que saia esa gota do destilado ten que fermentar, eu non sei moi ben como se fai iso da augardente, pero ten que haber unha gran cantidade por detrás. Pois aí pasa algo parecido, cando unha muller é asasinada hai un fermento social, como todo o mundo que está aquí o sabe, porque xa se falou diso, un fermento social que deu ese destilado como síntoma, pero que realmente é unha empresa formidable e dubido que na nosa xeración se termine de resolver, por iso todas as axudas nese sentido serán poucas. Grazas.

D.^a Teresa Cerdeira Valiñas, portavoz do Grupo do Partido Popular, moitas grazas presidente. Dicirlle a Susana, a portavoz do Grupo Socialista, eu falei de mulleres asasinadas, non de mulleres mortas. Un pouco por subliñar o que xa comentei na miña primeira intervención, hai 80 Centros de Información á Muller perfectamente coordinados e cun armazón estable, sen ningún tipo de problema de financiamento; outra cousa é que os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

concellos soliciten as axudas á Xunta en forma e prazo. En referencia a que a Deputación asuma responsabilidades, recordar tamén que dende a Deputación non só se acude a actos ou eventos, os cales son moi beneficiosos se se quere coñecer de primeira man o que pensan as cidadás ou cidadáns de Ourense que é para o que estamos; senón que ademais todas as liñas de axudas que saen desta Deputación están deseñadas para fomentar a igualdade directa ou indirectamente e a mellora das condicións de vida das mulleres. O programa BenOurense, como ben saben, colabora cos concellos da provincia dotándoos dunha achega económica para garantir a contratación de técnicas e técnicos – tanto medios como superiores - para a atención de mulleres, homes e menores. O programa BenOurense Infancia atende especialmente á conciliación da vida laboral e familiar, sabedores de que o coidado de nenas e nenos recae habitualmente nas mulleres. Este é un programa que fomenta directamente a conciliación e, polo tanto, o acceso ao mercado laboral en iguais condicións entre mulleres e homes. A teleasistencia, un servizo ofertado pola Deputación, totalmente gratuíto, e que alivia unha vez máis a carga que pesa sobre as mulleres no coidado dos nosos maiores. A Deputación non é allea ás particularidades de cada muller e por iso na liña de subvencións a entidades sociais sabemos que estas particularidades están cubertas, que se promociona a igualdade de oportunidades, a conciliación, o empoderamento da muller, a través dos seus proxectos, os cales convídoos a escoitar no I Foro Social que se desenvolverá o 4 de abril do presente. E aínda máis, coa existencia dunha liña de axudas específicas para proxectos de conciliación, garantindo unha vez máis a igualdade de oportunidades e a promoción da igualdade e da muller. Iso si, e agora ven o malo, aos gobernos do Partido Popular pónenlle todo en bandexa, pero ás veces cando lles toca a algúns solicitar as subvencións, aí xa din que hai falta de recursos, e moitas veces é por deixadez de non solicitalas ou non solicitalas en prazo. Pero aínda así e con todo isto, nós imos apoiar a moción que vostedes presentan, tamén a engádegas do Bloque Nacionalista Galego por considerar que todas as achegas son poucas para mellorar a igualdade e a loita contra a violencia de xénero. Todas son benvidas, porque se fixo moito e aínda nos queda moito por facer. Como dixen o obxectivo é cero mulleres mortas. Canto máis consenso academos entre todos de seguro redundará en beneficio para toda a sociedade. Nada máis e moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, grazas presidente. Rematar dicindo dúas cousas. Señor Armando, non sei a que guerra se refire, mesturou aí un pouco os conceptos, xa me explicará a guerra á que se refire. Logo despois dicirlle á portavoz do Partido Popular, faltaría máis que as axudas que emite esta Deputación non promovan a igualdade de xénero, faltaría máis. Máis que nada porque serían ilegais. Das axudas que da esta Deputación, so me dixo as de benestar social, non fixo referencia a ningunha axuda máis; polo cal é que son cero as axudas. E dixo cero mulleres mortas, pero tiñamos que falar de moito máis: de cero mulleres mortas, cero vítimas de violencia de xénero, cero a diferenza salarial que temos, etcétera... e que tiñamos moito por onde ir. Máis nada, só para rematar, si que hai que dicir unha cousa, o asesoramento da muller non entra dentro das competencias municipais. O que o meu grupo, o Grupo Socialista, pide é que se configure unha rede integral, sostible, equilibrada e permanente dos CIM de todos os concellos por parte da Xunta. Integral, que todos os concellos teñan este servizo, e que dependa da Xunta de Galicia. Equilibrada, que se optimice a atención segundo necesidades territoriais. Sostible, que se dispoña dos recursos para o seu mantemento, sen as variacións que poden ocasionar a falla de orzamento europeo ou as barreiras do asesoramento autonómico. Permanente, que a rede non poda mudar por problemas laborais ou de localización. Nós estamos aquí para traballar en prol da igualdade real e efectiva, con medidas claras, concisas e adaptadas ao noso entorno; que impliquen á Deputación, aos concellos e á Xunta. Queremos liquidar as carencias que o PP parece empeñado en manter. É necesario asegurar estes recursos, é urxente que desenvolvan programas, actividades e plans de fomento da igualdade efectiva nos concellos do ámbito rural. E tamén é hora de que esta Deputación asuma responsabilidades. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11](#)

Non se producen máis intervencións e dato que o grupo proponente aceptou a emenda do BNG, a Presidencia somete a votación a moción conxuntamente coa dita emenda e, por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

1º.- Instar á Xunta de Galicia para que configure unha rede autonómica integral, permanente, equilibrada e sostible de Centros de Información á Muller, para garantir a atención ás mulleres en toda a provincia.

2º.- Instar á Xunta de Galicia para que faga unha dotación económica suficiente para o bo funcionamento destes centros, que garanta as necesidades de persoal e mantemento das instalacións que os concellos poñan a disposición dos CIM3 e que teña continuidade e estabilidade máis alá do horizonte temporal, fixado para o ano 2020, do Fondo Social Europeo.

3º.- Crear unha liña de axudas que, de xeito estable e permanente, dote de recursos aos concellos da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes, para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia machista e para que todos os concellos da provincia conten cun Plan de igualdade de oportunidades municipal. Axudas que deberán estar vinculadas á consecución de obxectivos concretos e que serán avaliadas e supervisadas por parte dos CIM máis próximos, así como por parte da Secretaría de Igualdade, para garantir a profesionalidade das actuacións e o cumprimento destes obxectivos.

12º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA LOITAR CONTRA AS ESPECIES VEXETAIS INVASORAS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Antes de empezar coa moción, responder á pregunta que me fixo a portavoz do PSOE. Referíame obviamente á Segunda Guerra Mundial, non á Guerra Civil española. Falaba da Guerra Mundial, que foi a que deu lugar ao movemento do *women live*, da liberación da muller, que empezou inicialmente nos Estados Unidos. Curiosamente estas cousas de avanzar solen empezar nos *denostados* Estados Unidos. Imos ao que imos, a adopción de medidas para loitar contra as especies vexetais invasoras. Tratamos un problema ecolóxico, no só da provincia de Ourense, senón un problema realmente global. Imaxino que a moción xa a leron, non a vou a ler, vou falar un pouco por riba do que se di nela e facer algunhas reflexións. O mundo estase globalizando, xa é un tópico, pero hai

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

algúns aspectos nos que a globalización ao mellor non é tan desexable; xa sabemos que moitos deles teñen que ver coa economía, coa deslocalización, etc... Pero aquí estamos falando de algo totalmente distinto, do feito de que especies animais e vexetais se espallen por todo o planeta dunha maneira cada vez máis fácil, porque esas son as cousas, os medios de comunicación, os movemento de persoas, os movementos migratorios, os movementos de mercadorías – que cada vez teñen máis facilidade para traspasar fronteiras – a escaseza de controis en moitos países do mundo; fai que moitos países dos mundo estean tendo estes problemas: sementes de plantas de China que aparecen en Noruega, especies animais, hai que ter en conta que as especies animais non son só as macroscópicas que vemos, os xermes e as bacterias tamén se poden entender a parte dos insectos etc... Como nos imos cinguir á provincia de Ourense e ao que poderían ser competencias municipais, delegadas ao mellor na Deputación, a moción fala solo das especies vexetais invasoras na provincia de Ourense. Hai uns problemas concretos, o que dicía antes da concreción, hai amplas partes do Ribeiro invadidas totalmente pola acacia ou mimosa; hai unhas plantas que están medrando no río Limia (non lembro: xacinto da auga, hai outras cuns nomes que lle poñía o señor Linneo, un pouco largos en latín), o carrizo da campa que está a empezando a ser un problema xa a aquí no noso concello de Ourense. O caso é que determinadas especies son especialmente invasoras do ecosistema ou dos biótotos da provincia. Aquí quero facer unha puntualización, cando digo especies invasoras falo de especies invasoras no sentido ecolóxico, porque na comisión alguén me falaba dos toxos e das silvas porque invaden os camiños. Non, non ten nada que ver iso, isto non ten nada que ver con *desbroces*, nin con que as silvas e os toxos ou plantas de cultivo agrícola (que poidan vir doutra parte de mundo) que se cultiven de forma controlada; non ten nada que ver con iso. Ten que ver coas especies que emiten as súas sementes no monte galego e, en moitos casos como o das acacias, a natureza non ten ningún xeito de frealas. No caso concreto das acacias, emiten unhas substancias químicas que fan que vaian medrando a poboación de mimosas e que non haxa forma de controlalas. Os ecoloxistas saben moi ben todo isto. Vou a ir un pouco a cales son as medidas que propomos. As medidas que propón a moción son:

1.º Analizar a presenza de especies invasoras no territorio. Estas especies poden ser moi diferentes nun concello ou noutro, entón habería que facer unha análise previa. Puxen o exemplo concreto das mimosas, ou do xacinto da auga, do carrizo da pampa, etc..

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

pero despois cada concello – socorrido polos técnicos ou ecoloxistas pertinentes - podería facer esta análise.

2.º Campaña de sensibilización pública para minimizar os efectos que a desatención das parcelas privadas e xardinaría puideran ter en relación ao problema. Moitas destas plantas invasoras fano, ás veces, por xardinaría, polo feito de que unha persoa trae unha planta exótica dalgún país exótico, deixa no seu xardín - ao mellor sen os coñecementos suficientes - e esa planta espállase; e ás veces as propias parcelas privadas que están desatendidas, como dicimos moitas veces, e iso facilita o asunto. Tamén os incendios, sabemos que onde hai un incendio hai determinadas plantas invasoras que medran máis.

3.º Unha vez detectadas estas plantas, estudos acerca da elección das medidas de erradicación. As medidas de erradicación non son sinxelas, deben ser acordadas por expertos no asunto.

4.º Axudas para os medios mecánicos, biolóxicos, químicos (podería incluso meterse aquí persoal humano laboral) para a erradicación das especies invasoras en espazos públicos.

5.º Subvencións á erradicación en parcelas privadas, este xa sei que é un dos problemas máis complicados na práctica. Cando unha destas especies entra nunha parcela privada é un problema privado. Ben, é un problema privado ata unha determinada dimensión. Pero si todas as parcelas privadas empezan a ter ese problema, o problema xa pasa á categoría de público. Entón as medidas xa, ao mellor, terían que ser outras. De todas formas, a subvención podería ser unha primeira maneira de intentar arranxar o problema. Subvencionar a aqueles cidadáns ou a aqueles propietarios de parcelas para que arranquen, da maneira axeitada lóxicamente, ou para que prevexan porque ás veces non só é tomar a medida unha vez que xa está o problema, senón tamén a prevención, como xa se fala despois.

6.º Medidas e análise de riscos e detección precoz de posibles especies que poden supoñer un problema no futuro. O que dicimos sempre, mellor previr. Pasou aquí fai pouco no concello de Ourense, detectouse unha especie invasora no Barbaña; un grupo ecoloxista deuse conta, púxoo en coñecemento da Concellería de Infraestruturas e afortunadamente limpouse, polo menos ata o momento, e non invadiu o río Miño, quedou no Loña

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

controlada, grazas a esa detección precoz dun grupo ecoloxista.

7.º *Cambio no xeito de traballo de calquera labor pública de creación ou mantemento de infraestruturas que poidan favorecer a expansión desas especies.* Xa sabemos que moitas destas especies empezaron a proliferar porque a propia Administración, os propios servizos de infraestruturas da Administración as usaba, as acacias, por exemplo, nas vías dos trens, o carrizo da pampa na parte central das autoestradas. Entón, claro, a labor pública de infraestruturas debería ter en conta isto. Xa digo na moción que hai unha lei en Inglaterra que obriga a certificar aos propietarios de parcelas de que están libres de determinadas raíces e de determinadas especies, porque poden acabar tirando con calquera infraestrutura que se constrúa por riba delas: edificios, pontes, etc...

E ben, nada máis na miña primeira intervención.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Aínda que compartindo o fondo do asunto, que pensamos que é de interese e ademais oportuno; temos que dicir que, en primeiro lugar, a Xunta debe ser a que exerza e intensifique a súa responsabilidade nesta cuestión, da que ten competencias, e para a que vén actuando de maneira errática e insuficiente. Pedir implicación dos concellos está moi ben, pero o punto de mira debería ser a Xunta. Na iniciativa non se fai referencia á cuestión do eucalipto, pois a súa expansión descontrolada xa é motivo, por si so, da problemática propia que orixinan as especies invasoras sobre o territorio; así como a necesidade de que se inclúa ao *Eucalyptus nitens* como altamente perigosa como especie invasora. A Xunta renuncia no borrador de lei de patrimonio natural a que se aprobe un catálogo galego de especies exóticas e invasoras, feito que da mostra do nulo interese en abordar seriamente esta cuestión. A Xunta ten as mans amarradas na loita contra as invasoras e o eucalipto e está claro que quen marca as pautas da política forestal non é a Consellaría, senón ENCE e FINSA. No que atinxe á xestión das especies exóticas invasoras, a norma non contempla o establecemento dun Catálogo Galego de Especies Exóticas Invasoras, quedando a xestión destas especies, e a gravísima problemática que están a provocar en Galicia (as últimas, a couza da pataca, a vespa velutina, aínda que son noutro eido), ao abeiro do que determine o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

Estado e a Unión Europea. Deste xeito, pérdese a perspectiva galega e atráncanse as necesarias actuacións temperás con obxectivos de prevención. Agardando ao recoñecemento como tal dunha especie exótica invasora no respectivo catálogo español, no que mesmo a especie pode non acadar a categoría de invasora malia a selo no noso país, estase coartando non só a capacidade normativa propia do noso país, senón tamén reducindo as posibilidades de éxito e mitigación das consecuencias dunha invasión biolóxica. Curiosamente, o mesmo texto que non aborda a xestión das invasoras dende a perspectiva galega, nin establece medida algunha para evitar a eucaliptización do país, si recolle a posibilidade de xestionar como pragas algunhas especies nativas. Logo analizando polo miúdo algunhas cuestións da moción en si, dicir que en canto á análise da presenza de especies invasoras no territorio a elaboración dunha listaxe de plantas invasoras, marcando as que hai no territorio e hai que eliminar e indicando as que non hai que plantar nun futuro. Subvencións á erradicación en parcelas privadas, sempre por medios axeitados, pensamos que non se debe dar subvencións para particulares, entre outras cousas porque pode favorecer que se metan especies invasoras onde non as había e tamén porque non se pode controlar se o fan por medios axeitados. Que unha particular poida chamar ao concello para que lle limpe gratis a leira ou parcela de plantas invasoras é unha boa medida, sempre e cando haxa un compromiso da dona ou dono de coidar da súa propiedade. Se unha particular ou un particular ten o terreo abandonado e este se enche de plantas invasoras, o concello debería poder actuar limpando ese terreo, en defensa do medio ambiente e da agricultura, e cobrándollo ao propietario ou propietaria (xa existen procedementos cando o desinterese dos propietarios duns bens causan perigo aos demais: un edificio ruinoso, unha selva que atrae carroñeiros no medio das casas...). En canto ao cambio no xeito de traballo de calquera labor pública de creación ou mantemento de infraestruturas que poidan favorecer a expansión desas especies, non temos moi claro a que se refire. Si é ás autoestradas, ou aos movementos de terras para construír. Si se refire a este tipo de cousas, cómpre ampliálo á empresa privada, que é quen fai a maioría destes traballos. É ben sabido que a carriza da pampa, por exemplo, foi introducida por unha empresa á que non se lle esixiu poñer plantas autóctonas na medianeira, e que ten unha terrible expansión nas terras removidas. Esixir aos construtores e ás construtoras cubrir esas terras para que non nazan estaría ben; e no caso de non o faceren cobralles a súa erradicación, da que, en calquera

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

caso, nunca se encargaría eles. É triste ollar como se limpan as beiras da autoestrada por risco de incendios, cando o fan as empresas da autoestrada bótaselles herbicida durante quilómetros e quilómetros e non teñan ningunha sanción. Non haberá solución mentres non se impliquen os concellos, cunha labor moi próxima ás persoas e ao territorio, ao urbanismo; como exemplo, é lamentable ver que os concellos promoven hortas urbanas, e nelas aparecen especies invasoras plantadas (caso de Compostela) sen que se faga nada, nin sequera se inclúa nas normas de uso algo en relación con isto. A grande maioría da xente ten un grande descoñecemento sobre estes temas. É importante reforzar o control con este obxectivo do xeito de traballar nas obras, o movemento de terras facilita a entrada destas especies - como xa dixen - e se xa están cando se leva esa terra a outros lugares, levan con ela sementes e raíces. Entendemos que os pregos de condicións ambientais das obras tamén deberían de incluír algún plan de medidas de prevención da expansión da especies invasoras. Nós anunciar que imos votar a favor. Nada máis moitas grazas.

D. Adolfo González Nóvoa, portavoz do Grupo Socialista: grazas señor presidente. Bos días a todas e a todos. No punto desta moción, opinando que a moción de Democracia Ourensana é moi acaída para certa problemática que levamos anos vivindo no noso país e na noso provincia, lembrarlle, aínda que non ten moi bo cartel, que as xestas e máis os toxos son especies invasoras; sen embargo están moi implantadas porque teñen outra vantaxe que é fixar o nitróxeno no chan, ata o punto que hai xente que coida que son certas especies como propias no noso entorno. Non podemos deixar pasar por alto a existencia do Real Decreto do 2 de agosto do ano 2013, polo que se regula o catálogo español de especies exóticas invasoras, no que aparecen as que vostede cita, entre outras; pero que tamén establece certas disposicións que ben non están a cumprir, ou son reiterativas e mesmo un pouco contraditorias respecto das súas propostas de acordo. Por exemplo, no tocante ao punto no que propoñen subvencións á erradicación en parcelas privadas, sempre por medios axeitados, cómpre subliñar que a Disposición transitoria quinta – referida a especies vexetais en posesión de particulares ou ubicadas en parques urbanos, xardíns públicos o xardíns botánicos- di que *los ejemplares de las especies de plantas incluídas en el catálogo en posesión de particulares o ubicados en parques urbanos, jardines públicos o jardines botánicos, adquiridos antes de la entrada en vigor de este Real Decreto, podrán seguir sendo mantenidos por sus propietarios, localizados en recintos ajardinados, con límites definidos, y siempre que los ejemplares no se*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

propaguen fuera de estos límites. En este supuesto, los poseedores adoptarán medidas de prevención adecuadas para evitar la propagación de los citados ejemplares al medio natural o seminatural y no podrán comercializar, reproducir ni ceder los ejemplares. En el caso de aquellos ejemplares de especies del catálogo localizados en parques o jardines públicos, especialmente los localizados en el dominio público hidráulico, las administraciones competentes eliminarán progresivamente, en los casos en que esté justificado, estas especies.

Entendemos que vostedes coñecen este Real Decreto e por iso establecen o réxime de subvencións como incentivo para a erradicación destas especies, xa que doutro xeito todas as que se queiran erradicar no ámbito privado e que fosen adquiridas antes da entrada en vigor do Real Decreto teñen que seguir como estaban. Entendemos, así mesmo, que vostedes queren implicar á Deputación na loita contra estas especies invasoras e que para iso faga uso das súas competencias; pero non é menos certo que o Estado xa contemplou que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e as Comunidades Autónomas - e as Cidades de Ceuta e Melilla - elaborarán de xeito coordinado estratexias de xestión, control e posible erradicación de especies exóticas invasoras incluídas no catálogo, de conformidade no establecido no artigo 61.5 da Lei 42/2007 do 13 de decembro; é dicir, máis aló do que pode facer esta Deputación, hai unha responsabilidade compartida pola Xunta e polo Estado; estando este obrigado, así o establece o Real Decreto, a prestar axuda económica coa finalidade de actuar de xeito coordinado para conter, erradicar e xestionar estas especies. Por que entendemos nós que nos seus puntos de acordo falta unha referencia a esta institución supramunicipal, en tanto en canto responsable do tema a tratar? Sabemos que a Xunta de Galicia conta na Consellería de Medio Ambiente, cun apartado dedicado á xestión de especies exóticas invasoras que desenvolve proxectos específicos de avaliación - previa diagnose - prevención, convenio con ADEGA para fomento do voluntariado, detección e tamén resposta rápida, erradicación, control, contención en caso de especies xa moi implantadas. Conta ademais cunha rede de alerta temperá de especies exóticas invasoras. Pode facer máis? Sen dúbida algunha. De feito, estaríamos encantados de que se lle pedisen explicacións sobre os plans específicos que ten para a nosa provincia; así como se actuou no sistema fluvial do Ulla - Deza para controlar a propagación da falsa acacia, tamén se pode actuar nas marxes do noso sistema fluvial. Antes de establecer un sistema de cooperación e axuda, co que podemos estar de acordo, é necesario que esta Deputación nos conte que están a facer para que a Xunta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

asuma as súas responsabilidades para con esta provincia. Sabemos que os nosos mozos e mozas – voluntarios todos eles - acoden cada verán en campañas, organizadas por convenios antes referidos, a limpar de especies invasoras as nosas costas; pero non coñecemos grandes campañas que tenten erradicar no que aquí padecemos. Por outra banda, na súa proposta de acordo, botamos de menos que haxa unha referencia clara a que facemos despois da erradicación. Sabemos que hai especies que xa están naturalizadas, que xa só queda contelas e tentar que non se propaguen máis; pero no caso da erradicación, cremos que sería necesario contemplar, así mesmo, un estudo que avalíe a reparación e a recuperación do dano medioambiental causado, e sobre todo das especies que podan ser idóneas para plantar nesa área segundo as súas características. Nada máis nesta primeira intervención. Grazas.

D. José Antonio Feijóo Alonso, portavoz do Grupo Popular: grazas, presidente. A miña intervención de novo é nun punto relacionado co medio ambiente e co rural, tema que a todos apaixónanos e polo que todos loitamos. Dicir, señor Ojea, co máximo respecto, como dixen antes ao anterior compañeiro porque vostede tamén é un home de gran talante e eu persoalmente lle teño unha grande consideración, que isto tamén é unha ocorrencia e por desgraza corresponde a este protagonismo político que tanto abunda na clase política. Porque mire, non é que non teña ningunha importancia, pois claro que a ten; pero o que si é certo é que temos cuestións infinitamente máis importantes ao respecto. O importante sería como afrontar o problema dos nosos montes, públicos e privados, que están nestes momentos cheos de maleza, como se podería afrontar de xeito agrícola a recuperación, a gandaría que creara riqueza; iso si que esixiría un esforzo especial e sería prioritario. Gustaríame falar ao nivel dos paisanos, como son eu, ao nivel do meu *pueblo*, do que sentimos por alí. Ocorrésemme un exemplo *vulgarcíño*, permítanmo, un señor que teña unha ovella, chea de fame, chea de lá porque nunca a rapou, e de momento díga, ímoslle a sacar un parásito, eu sinceramente penso que primeiro habería que empezar a darlle de comer, a rapala e despois miramos o do parásito que seguramente o levamos xa no momento en que lle cortemos a lá. Neste caso penso que o noso medio ambiente, os nosos montes o que precisan é unha actuación xenérica, grande, contundente. Porque miren, eu permitinme coller un par de fotos, si mo permiten velas e é terrible ver unha finca labrada en medio de miles e miles de quilómetros; maleza deste tipo ao lado das casas, esta foto é precisamente na Avenida de Portugal en Xinzo que alguén coñece. Claro, ante esta situación que eu diría

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

roza o dramatismo, pois pornos a elixir sacar unha especie deste tipo, claro que sería bo; pero son infinitamente prioritarias outras cuestións. A min pareceume moi responsable a intervención do deputado socialista falando do complexa que é toda esta situación, analizar as actuacións en público e privado. Afrontar este tema neste momento, como xa dicía antes, non é absolutamente prioritario. Estamos cheos, como dixen antes, de toxos, xestas, de uces, de silvas que invaden totalmente os nosos montes e aí si que faría falta un plus especial do que sempre falta que son os diñeiros. Señor deputado, subvencións, ás veces non queremos que as deamos, outras veces queremos dalas; unhas veces procede, outras parece que non procede. De feito, o compañeiro deputado socialista falaba de que poderían ser incompatibles, o BNG estaba en contra de que se deran as subvencións, iso quixen entender; sen embargo hai unha cousa curiosa señor Rodríguez, di que a actuación efectiva neste caso sería feita a cargo dunha empresa privada. Vexo que tamén cren nas empresas privadas, como dixen antes; eu como creo paréceme unha iniciativa importante a ter en conta. Eu non me vou a alargar moito máis, simplemente dicir que esta actuación neste campo, como xa dixen, non a consideramos neste momento prioritaria e que, en todo caso, debería vir despois de afrontar o outro grande problema que é a limpeza dos nosos montes e do noso rural e a esperanza, esa bomba de osíxeno, esa solución para o desmantelamento deste rural que todos mencionamos; e para a recuperación da nosa provincia, que a todos nos interesa a nosa provincia, non dubiden que este grupo de goberno ten unha grande ilusión pola súa provincia, pola súa terra e polo medio ambiente; poderíase a través de fórmulas, de procuras de recursos que se están a facer; curiosamente, esta noticia de prensa que eu espero que se plasme en realidade: *a Xunta promete crear 3.000 empregos ata 2020 para fixar poboación no rural*, fala duns investimentos de máis de 230 millóns de euros, son cantidades que nos poderían axudar algo a solucionar o problema de verdade. Tamén me quedei co do noso presidente, porque poderase equivocar, eu creo que ás veces se equivoca, penso que non moitas veces, pero o que busca por todos os camiños e por todos os campos o protagonismo e o beneficio para a súa provincia, acudindo aos foros que estima mellores, neste caso acudindo a Bruxelas reclamaba un maior apoio ao desenvolvemento do rural. Por aí, con estas operacións de choque que non poden ser da Deputación Provincial, a Deputación Provincial pode facer moi pouco, deberían de ser autonómicas, estatais, eu digo que europeas, por aí poderíamos atopar a solución señor

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

Ojea, que a min me encantaría. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: grazas, ola de novo. *Por algún sitio hai que empezar*, dicía aquel a quen lle deron o pan redondo para cortar. Vou empezar polo Bloque. Xa sabemos que o Bloque non cre nas provincias, xa sabemos que a súa visión do territorio é a *Nazón*, entón expón o problema dos eucaliptos. Efectivamente, o problema do eucalipto é un problema ecolóxico en Galicia, trágico, dos primeiros problemas ecolóxicos que se presentaron xa nos 70. Sabemos o bosque caducifolio é o bosque autóctono de Galicia, xa sabemos que o eucalipto e o pino, e outras moitas especies arbóreas ou arbustivas, non son propias de Galicia; pero xa o dixen na moción nós cinguímonos á provincia de Ourense porque esta é a Deputación de Ourense; e cinguímonos ás competencias que poida ter, escasas seguramente neste eido, a Deputación de Ourense. Xa sabemos que a Xunta ten competencias neste tema e tamén o Estado – o Ministerio de Medio Ambiente- pero nós para que facemos unha comisión de medio ambiente? Para que existe a comisión de medio ambiente nesta Deputación? Algunha competencia teremos que ter en medio ambiente? A Xunta claro que ten competencias, pero da maneira que se ve que ten proliferado a acacia en toda a beira do Miño, en Ribadavia e en todo o Ribeiro, por poñer só un exemplo, xa se ve o que leva feito a Xunta no tema. A Xunta, fará seis ou sete anos, saíra con *bombo e platillo* que ía facer un plan de erradicación das mimosas a 50 anos. Iso saíu fai uns cantos anos, coincidindo cando foi a época do Prestige, e eu particularmente escribín uns artigos en prensa onde alertaba do que naquel momento lle chamei a *marea amarilla*, un pouco parafraseando a marea negra que estaba de moda naquel momento. Lémbrome que mesmo sacou o *Faro de Vigo* un artigo, aínda estaban os do *Faro* alí no parque de San Lázaro; *La Región* sacara unha páxina enteira, cunha foto na primeira páxina, onde se vía ás mimosas rodeando á torre de Ourense (o fotógrafo escollera un ángulo dende o que se vía á cidade rodeada por unhas mimosas). Xa sabemos que a Xunta aparentemente concienciouse do problema, pero non fixo nada. En todo caso, é o problema deles porque agora mesmo nós non estamos na Xunta – desgraciadamente, xa o estaremos seguramente - e tamén o Estado terá algunha competencia. Entón, o eucalipto si, é un problema, un problema de Galicia, non é particularmente un problema da provincia de Ourense. Hai que diferenciar o que son especies invasoras, das especies alóctonas. Eu tomeime a molestia de mirar en páxinas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

profesionais de ecoloxistas, mesmo da Universidade de Santiago – eu non son biólogo, teño un irmán que o é - cales eran as especies que estaban catalogadas como invasoras; entre elas non estaban nin as xestas nin os toxos, imaxino que se consideraran alóctonas, é dicir que non son autóctonas, que entraron na comunidade pero non son invasoras, non se apropian, non canibalizan o medio; están aí pero se molestar demasiado. Se vostede ten algún dato de que a xesta e os toxos son invasoras tamén os metemos na moción; pero eu penso que non. Falou de que hai uns catálogos, si, eses catálogos xa os vimos, pero estes temas técnicos preferimos deixalos para os que saben, despois a posteriori, para iso hai biólogos, para iso hai asociacións de ecoloxistas, para iso hai técnicos de medio ambiente. Que máis tiña que dicir? Dicía o tema da picaresca, efectivamente, iso xa o pensamos. Si nos damos subvención para que se erradiquen – mediante subvencións privadas dos concellos - plantas invasoras en parcelas privadas é moi probable, máis que probable, coñecendo a picaresca do español, segundo o tópico, “pois mira xa que imos cobrar unha subvención por arrancar unhas acacias, primeiro plantámolas”; pero para iso pon aquí o primeiro punto *análise previa da presenza de especies nos eu territorio*. A análise previa a ver onde as hai, non vale que despois se lle diga ao paisaniño que se lle vai dar unha subvención, as plante adrede e despois cobrar a subvención. En todo caso, é unha medida porque é complicado dicirlle, nunha plantación privada, a un paisaniño que a ten que arrancar. Como é un tema xuridicamente complicado, unha medida pode ser a subvención municipal. Iso non quita o que di o portavoz do PSOE , que haxa outras subvencións. Si hai subvencións doutras administracións amparadas por un Real Decreto, canto mellor! Pero nós estamos agora aquí falando do que podería facer o concello, ao marxe das competencias que ten a Xunta, as competencias que ten o Ministerio de Medio Ambiente e as competencias que poidan ter outros organismos a parte. Son as competencias que temos nós: axudarlle aos concellos a resolver os problemas. Falaba o portavoz do PSOE de que se podería concienciar á poboación, eu propuxen hai uns cantos anos a nivel persoal, segundo houbo aqueles famosos voluntarios do *Prestige* que vestían aqueles mandís brancos ou aquelas caparuzas brancas que carrexaban os capazos do gasoil solidificado, pois organizar tamén unhas campañas de voluntarios en espazos públicos, como se fai no Ribeiro. O que di o señor do Partido Popular, di que non é un problema importante. Eu non sei si vostede sabe o que significa a palabra exponencial, as especies invasoras teñen a particularidade de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

que onde hoxe hai unha, mañá hai dúas; pero pasado hai catro, e para o outro día hai oito. Non sei si coñece vostede a famosa lenda da orixe do xadrez, púñase un grao de area nunha *casilla* e dous na seguinte e ao final non había trigo no mundo que pagara aquilo; pois aquí pasa algo parecido. Este é un problema que é fundamental porque, que non sexa urxente, non quere dicir que non sexa importante. Cada día que o deixe pasar, vai medrar máis rápido. Vostede pretende dicir que isto non ten importancia porque hai outros problemas máis importantes, segundo iso – como di o meu compañeiro Gonzalo moitas veces – para cada problema importante que vostede encontre, sempre lle encontraremos nós outro máis importante; e cando aborde ese outro, deixa que aínda hai outro máis importante. Ao final o único problema importante que hai é a morte, como di aquí moitas veces o meu compañeiro. Se vostede compara cun problema gandeiro, para iso xa está Agricultura, Gandaría, aquí estamos falando de medio ambiente. Soamente dicir, o PSOE non se manifestou en relación á votación, o BNG creo que dixo que si; lamentar o voto en contra do Partido Popular. De momento nada máis

D. Adolfo González Nóvoa, portavoz do Grupo Socialista: grazas señor presidente. A ver, neste apartado cando falamos de medio ambiente, nunca mellor como cando lle poñemos portas ao campo; é dicir, este é un tema que poderíamos estar aquí debatendo o tempo que queiramos; ata que nos dean as doce da noite e volvemos para o día seguinte. Claro, é un tema que temos que coidar entre todos? Si, falouse de moitas cousas: a limpeza, a erradicación. Comentaba antes o señor Feijóo, si está cerca dos pobos, os concellos si é solo urbano podémolos limpar. Xa sabe vostede como temos que facer. Eu creo que cando nalgúns casos, empezando polos concellos que somos os que estamos máis próximos ao cidadán, se nos dote de medios – tamén son interesantes - pero sobre todo de medidas onde podamos actuar: pero, claro, como non podemos actuar libremente xa se nos presenta ese problema. Primeiro, a ver si se arranxa, como non se arranxa, o veciño que presente a denuncia. Chega a denuncia ao concello, o técnico vai facer un informe; vén de volta, o secretario fai un informe e mándao ao xulgado; no xulgado que veña de volta, con iso pasou o mes de setembro, acábanse os lumes queda sen limpar outro ano máis. É dicir, primeiro ímoslle dar aos concellos as ferramentas necesarias para que poidan actuar no seu ámbito e logo, si é necesario, ás deputacións. Ás veces acaecemos diso, ás veces ímonos *polas ramas*. Si, claro que o podemos facer, sería ideal. Falábanse aquí das acacias, o problema do Ribeiro que onde

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

máis estendidas están, nun principio tamén as coidaban porque eran necesarias para facer as estacas para as cepas; é a *pescadilla* que se morde a cola. Coidamos que ten importancia o traballo de loita contra estas especies en todos os termos que vostedes establecen como recuperar as áreas danadas, facer un estudo serio dos nosos ecosistemas e da convivencia, de repoboar en especies axeitadas e autóctonas, tal é o caso de numerosos incendios forestais, que facemos cando hai incendios forestais? Repóboase?. Falábase aquí do eucalipto, na provincia de Ourense estanse plantando eucaliptos actualmente. Eu creo que isto necesita que se faga un estudo máis profundo, empezando polo noso monte, o noso monte galego que está moi abandonado. Antes dicíame o representante de Democracia Ourensana que o PSOE non matizara o seu voto, xa llo digo agora, nós ímonos abster neste punto. Nada máis porque poderíamos estar falando tres días e seguramente non chegaríamos, non a un punto de acordo, a buscarlle solucións de como facelo, quizás tería que vir desde outras alturas. Moitas grazas.

D. José Antonio Feijóo Alonso, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente, moi brevemente porque vai avanzando a hora e porque quero seguir tendo algunha oportunidade de que me deixen vostedes intervir. Como teño fama de alargarme moito, hoxe tratarei de ser bravo, breve quero dicir, non vai comigo iso de bravo, son unha persoa bastante mansa. Era unha pequena gracia a estas alturas da mañá, porque como xa levamos un pouquiño de tempo aquí ás veces xa nos trabucamos, creo que iso é humano. Dicía que, unha vez máis, señor deputado do Grupo Socialista, paréceme responsable a súa intervención, falaba das dificultades xurídicas que temos a nivel dos concellos cos temas privados e outras dificultades tamén para poder afrontar o tema a nivel público. Eu simplemente quería dicir, señor Ojea, que eu valoro a súa maior intención de facer cousas positivas, a todos nos preocupa mellorar o noso territorio, estou seguro que a vostede tamén. Falábase dunha análise de situación, eu quería ilustrar aquí un pouquiño porque, con pouca dedicación, onte fixen algunhas introducións neste campo, e dicir que a Xunta fixo xa no 2012 unha análise do que se chama especies exóticas invasoras, e que hai unhas fichas a disposición para poder consultar, ou sexa, algo se fixo. Sinceramente, creo que non estamos en tempo de duplicar traballos e cousas. A Deputación ten moitos campos, trata de aproveitalos e deixémoslle este á Xunta, ao Goberno central, tamén a Europa, que estamos aí ao lado, ao carón deles. Señor Ojea, outra vez con moi bo talante, non dixen que non fora importante, dixen que non me parecía prioritario. Remato xa dicindo que a Deputación algo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

fixo tamén e é que acaba de incorporar unha rozadora especial que creo que será importante para combater unha desas problemáticas das acacias, e que tamén a Xunta no ano 2016, nesa actuación que lle veño dicindo que ven facendo, xa interveu en varios proxectos, e se lembro ben, hai un que temos bastante próximo. Aquí hai representantes do concello de Ourense, e penso que houbo unha actuación no Barbaña onde participou a Confederación Hidrográfica e o Concello de Ourense. Algo se está facendo ao respecto. Tamén parece ser que se benefician de certas vontades os da Rede Natura, tamén temos aquí algún privilexiado alcalde deses da Rede Natura, como é o noso estupendo portavoz, seguramente por alí chegou algunha axuda porque é especialista en conseguilas. Entón, a Xunta, como lle digo, está a facer algo.eu invítoos a que entren na páxina, sacarán un montón de documentación, como o convenio asinado con ADEGA. Tamén para rematar xa, e non caer no erro de estenderme moito, dicirlle que se acaba de asinar, por parte da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, acábase de licitar un contrato por 303.543 euros que vai destinado precisamente ao que nos ocupa, á persecución destas especies importantes, pero non prioritarias na miña opinión. Prioritaria sería a actuación da que lle falabamos antes. Remato señor Ojea dicíndolle que votaremos en contra pero ánimoo a que siga buscando cousas para o noso medio ambiente, ideas para a nosa provincia, a nós o que nos importa é Ourense; e estou seguro que encontraremos puntos de encontro. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: señor portavoz do Grupo Popular, mire, un dos problemas máis grandes que temos hoxe en Galicia é o dos lumes; voulle dicir unha cousa, un lume cando empeza non hai problema ningún: unha *cerilla*, dun *soplo* apágoa. Cando empeza un lume pequeniño, unha *cerilla* así nun fento, ese non é problema ningún, doulle co pé e apágoo, déixao que ese non é problema. Este é exactamente o símil. Aí hai unha planta invasora: oh, son poucas! Isto medra, iso non queda así, esas cousas inchan. Segundo, creo que non entenderon, non sei si consultaron algunha cousa. As plantas invasoras, a moción, refírese ás que invaden soas. Os eucaliptos hai xente que os planta, é distinto. O eucalipto é unha especie foránea, invasora; o problema do eucalipto é que hai xente interesada en plantalo e ese problema é distinto, é outro problema totalmente diferente; dende logo o eucalipto solo, solo, non ten a capacidade invasora que teñen as especies das que estamos falando. Din que a Xunta fai

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

unhas fichas. Home, isto recórdame a aqueles herbolarios que faciamos cando eramos nenos, collendo unha folla de cada árbore, meténdoa entre dúas follas para que secase, para coñecer as especies. A Xunta terá que facer algo máis que fichas que podamos consultar. A cuestión aquí é saír e ver. Non sei si recorda vostede aquel famoso equipo, aquí pódelle ensinar ó señor Rosendo que sabe moito de historia grecorromana, había dous filósofos: Parménides e Heráclito. Un dicía que o movemento non existía - Parménides - e empezoulle a razoar que o movemento non existía e Heráclito púxose de pé e dixo: “voy a caminar, el movimiento se demuestra andando”. Aquí pasa algo parecido, vostede poderame dicir que a Xunta fai, sae aí cunhas actuacións, cun papeis; pero mire, vostede dea unha volta pola provincia e vai ver que hai determinadas zonas, estámonos centrando moito no tema da acacia, pero é un mero exemplo, a acacia vese polo color, pero hai máis problema co da acacia. Vostedes parece que quixeron asimilar o problema das especies invasoras ao problema das rozas e dos camiños; é totalmente distinto. Pero é que nós trouxemos hai uns cantos meses unha moción para solicitar axuda para as rozas dos camiños, para recuperar os camiños, con moito máis que a mera finalidade de prevención de incendios; naquela moción falábase de que para rozar os camiños de carro, dicía a propia moción, podería ter moitas máis vantaxes que a prevención de incendios, pódena recuperar que estará nas actas: turísticas, históricas, ecolóxicas, etc.. e con todo votaron en contra daquela moción. Non sei que dicir a cerca do seu verdadeiro interese nesta clase de cousas. Creo que xa non teño nada máis que dicir. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8).

13º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A DECLARACIÓN DA RIBEIRA SACRA COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

moción.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Boas de novo. A Ribeira Sacra compendia, nos concellos aos que abrangue, unha serie de paisaxes espectaculares, patrimonio milenario, natureza e tamén orixe de moitos produtos galegos de calidade. É un espazo que debe ser recoñecido para protexelo e tamén para potencialo. Hai un potencial turístico e económico desa zona, que compartimos con Lugo, que é evidente; de feito datos da actividade turística referidos ao ano 2015 falan de 289.000 pernoitas, só por baixo e moi cerca do binomio Ourense-Allariz (con 293.000), situándose a gran distancia das outras comarcas. Permítanme que agora faga un pouco de historia, pero tranquilidade que non me vou ir alá, aos movementos tectónicos nin á oroxenia posterior que derivou na creación desta zona; senón vai ser unha historia un pouco máis recente. Voume a remontar a case 18 anos nos que se iniciou a inclusión da Ribeira Sacra na lista de candidatos ao máximo recoñecemento da UNESCO. Tres anos tamén atrás, despois de anunciar da presidencia da Deputación unha batería de actuacións para a obtención inmediata do título, segue sen haber un recoñecemento polo comité do Patrimonio cultural da UNESCO con respecto a esta zona e segue sen ser declarada como Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia tras anos de trámite e tamén sen determinados graos de protección para as distintas zonas que compoñen este espazo. Si ostentamos ese título, outro título que é o do que, tras case 18 anos como dixen na lista indicativa de bens e sitios excepcionais propostos para ser declarados patrimonio da humanidade, somos a entrada máis antiga nesa listaxe que aglutina ás propostas de España. Remontámonos ao ano 1999 cando o Goberno de España, rexistrou a proposta de recoñecemento por primeira vez. Pasaron case dúas décadas e pouco se fixo dende a Administración estatal e dende e o Goberno galego para acadar ese recoñecemento. Como dicía, hai tres anos e pico, en agosto de 2013, o presidente da Deputación de Ourense mantivo un encontro con alcaldes ourensáns para lograr lograr esta declaración en cuestión de meses, segundo manifestou o propio presidente. Un mes despois, o Partido Popular presentou unha moción aquí nesta casa, que foi aprobada por unanimidade na que se instaba a iniciar o proceso para o recoñecemento da UNESCO. Ese mesmo ano, en novembro, reclamóuselle ao Valedor do Pobo a súa implicación na coordinación da candidatura e o pleno do Senado de España manifestou, tamén por unanimidade, o seu *caloroso apoio a iniciativa de impulsar a declaración*. Pouco máis tarde, en decembro de 2013, as deputacións provinciais de Lugo e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

Ourense firmaron un convenio de colaboración para traballar activa e conxuntamente nesta candidatura. Ese acordo foi incumprido unilateralmente, tanto pola Xunta como pola Deputación de Ourense, cando rexeitaron asistir a unha reunión convocada pola Deputación de Lugo en xullo de 2016 ante a parálise que estaba a sufrir de novo este proceso de recoñecemento. De novo, a Deputación de Lugo, ante a evidente parálise que vimos de destapar os socialistas, vén de propoñer por segunda vez unha reunión de traballo para os vindeiros días; di en concreto nun escrito dirixido á directora xeral de Patrimonio, ao presidente da Deputación de Ourense e á Valedora do Pobo que propón nos vindeiros días que se manteña unha reunión no pazo de San Marcos da Deputación de Lugo na que participen técnicos das institucións para poder avanzar na presentación desta candidatura. Dito isto e lido isto, e visto que no 2016 non se acudiu a esa reunión, os socialistas preguntámonos si o Partido Popular vai volver pasar de traballar outra vez por esta merecida declaración como xa se fixo naquel momento. Hai outra cousa que tampouco debemos esquecer, no discurso de investidura o propio presidente da Xunta de Galicia apostou por acadar o recoñecemento da Reserva da Biosfera para a Ribeira Sacra, e non o de BIC o que supón un cambio radical nos plans e prazos. Isto lévanos a preguntar si este cambio oculta algo. Simultaneamente a esta sucesión de encontros e desencontros, no ano 2014, designouse a un grupo multidisciplinar de expertos en historia, agricultura, economía e medio ambiente, coordinados polo polo Valedor do Pobo, para elaborar un informe técnico cun custe duns 100.000 euros, aportados polas deputacións de Ourense e Lugo. Informe que foi entregado á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia – máis ou menos dun milleiro de páxinas - sobre a declaración como BIC (Ben de Interese cultural) da Ribeira Sacra, documento que ademais serviría como base para a candidatura ante a UNESCO. Falaba de xullo de 2015 cando lle foi entregado á Dirección Xeral de Administración Local, pois ben, a comezos de 2016 a Dirección Xeral de Patrimonio ditaminou que o informe debía de ser revisado porque é incompleto e non se axusta aos parámetros esixidos pola UNESCO. Neste intre, a Valedora do Pobo solicitoulle á Dirección Xeral de Patrimonio que designase a un técnico da consellería para que técnicos expertos revisasen e validasen conxuntamente esa documentación. Estase agardando aínda pola resposta da Administración autonómica á Valedora. Os socialistas preguntámonos de novo que está a pasar na Xunta de Galicia para non responder a unha cuestión tan relevante

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

coma esta. É algo que non dicimos nós solos, aquí acudiuse a un xornal, ao que se lle deron 200.000 euros en publicidade, que di textualmente: *el presidente de la Diputación de Lugo, en julio del pasado año, propuso a su homólogo de Ourense y de la Xunta una reunión para tratar de reanimar el proceso de paralización. Baltar y la Xunta hicieron mutis por el foro hasta ahora*. Isto é o que di este medio de comunicación. O PP non respondeu á actual Valedora, é dicir á Administración da Xunta de Galicia, pero é que o anterior Valedor - o que iniciou o proceso e que foi nomeado pola maioría absoluta do Partido Popular - está a denunciar intereses escuros. So hai que ler literalmente noutro medio de comunicación, de hai uns oito días, que di: “non vexo moita lóxica que cada concello polo que pasa o Canón do Sil poda actuar pola súa conta”, afirma el anterior Valedor, al que “preocupa la falta de avances en la candidatura para la declaración de Patrimonio de la Humanidad”, e di textualmente: “dáme a impresión de que os axentes implicados non teñen o mesmo interese por conseguila que demostraban antes”. Afirma o propio Valedor do Pobo na *Voz de Galicia* do 23 deste mes. Xa digo que non o dicimos nós, o di o anterior Valedor do Pobo, D, Julio José Fernández. Pois ben, o procedemento volveu encaiar porque a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que é a responsable de presentar a candidatura ao Ministerio de Cultura, quen tras a súa aprobación por parte do Consello de Patrimonio Histórico Español ten que dirixila á UNESCO, ten o expediente paralizado. Segundo nos explican desde o Consorcio da Ribeira Sacra, dende a aprobación da declaración como BIC - o recoñecemento máximo, é dicir, o recoñecemento como Patrimonio Universal da Humanidade - pode tardar aínda dous anos en chegar á UNESCO debido á tramitación pendente en España. Pasou máis dun ano dende que a Xunta de Galicia, como dixen antes, ordenou a revisión dese expediente, dese informe, e case dous dende que se entregou o informe, e nada se sabe nin sobre o informe coordinado polo Valedor do Pobo, nin sobre o estado de tramitación do BIC, nin sobre a especial protección que merece esta zona que en parte xa é LIC (Lugar de Interese Comunitario) e Rede Natura, figuras legais que, en todo caso, a nós nos parecen insuficientes para un espazo que aglutina un inmenso patrimonio natural, pero tamén arquitectónico e cultural. Por todo isto é polo que traemos esta moción para o seu debate, para que este proceso se retome con ganas, con forza e coa ilusión da que é merecente. Exposto isto, as propostas de acordo, que nós sometemos aquí á súa consideración, son as seguintes:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

- *Esixirle a Xunta de Galicia o inmediato remate dos trámites pendentes para a declaración da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural e o inicio das xestións ante o Ministerio de Cultura para a declaración como Patrimonio da Humanidade.*

- *Instar ao Goberno de España á axilización dos trámites da súa competencia.*

- *Reclamarlle ao Valedor do Pobo un informe sobre os atrasos que está a sufrir o documento que se utilizará como base para a candidatura da Ribeira Sacra.*

Eses son os tres puntos que sometemos á súa consideración. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, señor presidente. Eu tamén vou empezar facendo un pequeno percorrido polo que é a historia ou por uns fitos que me parecen relevantes. Efectivamente, levamos 17 anos de boas intencións pero de escasos progresos. Témonos que remontar a xuño do ano 1999, cando o Ministerio de Asuntos Exteriores rexistrou a proposta de recoñecemento de Patrimonio da Humanidade para a Ribeira Sacra. Uns anos máis tarde, en xuño de 2004, o conselleiro daquelas, Pérez Varela, anuncia un Plan Director para rehabilitar documentos e obter o “si” da UNESCO xa no ano 2005. En xuño de 2011, o presidente da Deputación de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, anuncia que quere re - impulsar a candidatura. En setembro de 2013 o presidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar, reúnese cos alcaldes ourensáns para lograr a declaración en cuestión de meses. En decembro de 2013, tras meses de competición por atribuírse o mérito, as Deputacións de Lugo e Ourense acordan traballar en común a favor deste proxecto. Xa máis recentemente, en xullo de 2015, o Valedor do Pobo entrega á Dirección Xeral de Patrimonio un informe técnico sobre a declaración da Ribeira Sacra como BIC. Pode dar a sensación de que o longo camiño da Ribeira Sacra cara ao seu recoñecemento como patrimonio da humanidade avanzou moito. E é certo que nestes últimos meses todos os axentes implicados deron pasos nesa dirección, pero aínda queda moito por facer. Tanto que parece claro que o 2017 tampouco será o ano en que termine un proceso que xa vai camiño de sumar dous decenios vivo nos despachos. A xerente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra admite que a candidatura está aínda sen empezar. No Consorcio pensan que, pola experiencia doutros proxectos similares, farán falta un mínimo de dous anos para tela lista. A iso haberá que sumarlle despois o tempo que se tome

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

a Unesco para avaliála. Pero é que antes de pensar sequera en todo iso é preciso que a Xunta aprobe a declaración da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural, xa se comentou aquí. Efectivamente, a Ribeira Sacra comprende un espazo xeográfico natural formado en torno aos canóns do Río Sil, cuxo paso sinuoso deixa unha paisaxe espectacular. O valor patrimonial é enorme, porque inclúe máis de medio millar de bens catalogados, entre eles nove mosteiros, 203 igrexas, 121 capelas, 16 pazos, 25 torres, 5 pontes, 10 ermidas, 5 prioratos e 3 santuarios. Levamos 17 anos de promesas incumpridas, trámites que se inician pero non se rematan. Todo queda sempre en anuncios, xuntanzas e promesas por parte de cargos institucionais do Partido Popular, mais a candidatura continúa a ser unha entelequia que non pasa do limiar das palabras. É importantísimo, dende o noso punto de vista, que a Ribeira Sacra acade este recoñecemento para, entre outras cousas, preservar, promover e incentivar este entorno de importante valor paisaxístico, cultural e medioambiental. Até onde temos coñecemento, na sesión do Consello de Patrimonio Histórico que se celebrou a finais de 2014 en Lanzarote, o representante da Xunta dixo que se estaban a facer os traballos de preparación da candidatura pero esa proposta aínda non fora presentada ante o Consello de Patrimonio Histórico para a súa elección como candidatura á Lista de Patrimonio. A Ribeira Sacra merece unha distinción especial por ser un lugar inigualable en toda Europa; constitúe, ademais, un xeodestino excepcional cheo de cultura e historia. É, por tanto, a candidatura debe servir para pór de manifesto valores deste enclave singular, así como as súas especificidades patrimoniais, culturais, históricas, etnográficas, paisaxísticas, gastronómicas e tamén demográficas. Nós, desde logo como non pode ser doutra maneira, e agardando que de aprobarse esta iniciativa sirva de feito para avanzar neste proceso, imos votar a favor. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: muchas gracias. Decirle antes a la persona del Partido Popular que nos recriminaba y nos decía “les animo a que hagan mociones interesantes”, oiga, me parece una falta de respeto que nos diga lo que tengamos que hacer, cuando nosotros ya estamos a un nivel que usted yo creo que no puede ni soñar. Mire lo que ya nosotros hemos comprado, amigo: *Por todo lo que importa*, el libro de José Manuel Baltar, el libro que escribieron sobre él (*o Sr. Pérez Jácome exhibe un exemplar do dito libro*) ¿a qué usted no lo compró? Nin o ten. Nós xa o temos e xa o lemos. Esto é unha joya, amigo. Esto cada día nos acerca máis a Corea del Norte. Esto es una

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

maravilla. Sale aquí, también pagado con dinero público, una revista para todo Galicia, aquí o noso líder ideolóxico, Baltar, “soy el único presidente de la Diputación que quería ser presidente de la Diputación”. Los demás querían ser bedeles. Este é o único que quería ser presidente. Le hacen unas preguntas, un test todo pagado claro, un test de estos rápidos: “¿Un político? Adolfo Suárez, ¿Una creencia? En la familia, en mi mujer. ¿Un hobby? Viajar. ¿Un lugar especial? La Ribeira Sacra”. Sólo faltó que le dijeran, ¿un hotel?, el Francisco II, seguramente eres capaz de decir eso. Luego dice: “¿qué le hace llorar? Temas personales y familiares”. Aquí mintió, porque ¿qué le hace llorar? Los psicópatas no tienen emociones. Los psicópatas no lloran. Bueno, pues del tema este de la Ribeira Sacra precisamente quién tenía que hablar, no sé si hablará él, porque verdaderamente aquí creo que sólo somos tres de la Ribeira Sacra. O alcalde da Teixeira que será nativo de alí, supño, J.M. Baltar que también será de alí de la Ribeira Sacra, no sé si va a hablar él pero debería hablar; y que sepa yo. No hay nadie más que sea nativo de la Ribeira Sacra. O único que ten oito bisavós de alí son eu, creo. De este tema que puedo decir. Yo nací en Ourense pero íbamos todos los fines de semana. Recuerdo que una vez mi madre me dejó allí en el verano y fíjate hasta que punto yo soy de una aldea remota de alí de la zona aquella, que ya casi era una aldea abandonada en los años 70, bueno, en concreto cuando me dejó allí en el verano fue en el 82. Non é como di a xente agora que están as aldeas abandonadas, non, xa á finais dos 70 xa estaba abandonada. Deixoume alí, estábamos a miña *abuela*, eu, a miña irmá e había outro señor no pueblo, bueno non había case ninguén no *pueblo*. Yo recuerdo que me aburría tanto, tenía 12, 13 años, aquel verano que me dejó allí que dormía la siesta. La siesta se deja de dormir cuando tienes ya 3, 4 años, hasta despois que tes vinte e pico non a volves durmir; pero os rapaces e os adolescentes non dormen a sesta. Como me aburría tanto tiña que durmir a sesta, entón díxome o veciño de alí ao lado: “Gonzalo, quieres vir mañá á Ribeira?” (nosotros estamos en la zona de la montaña, arriba, y él se refería a donde estaban las viñas, abajo que mi padre es más de aquella zona y teníamos viñas). Me dice: “quieres vir á Ribeira mañá?” Y digo, si, ostras a ver si deixo de aburrirme!. E cando fomos á Ribeira e cando pasamos a montaña, pasamos todas aquelas zonas escarpadas, recuerdo que baixando por alí é onde se ve unha paraxe moi bonita, hai unha vista moi bonita e díxenlle eu: “Oh, mira, mira que bonita esta vista!” E dime o señor: “que bonito, o que é é empinado!” O tipo non miraba nada, daquela a xente non apreciaba nada diso. De hecho los Balcones de Madrid, está entre las treinta mejores vistas de España que es

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

el Cañón del Sil, hasta finales de los 80 nadie los conocía de aquella zona, el mirador. Lo que quiero decir es que, efectivamente, aquella zona es curioso que la mayoría de los nativos no sabían que es una de las mayores joyas que puede haber en España. Respecto a si puede ser Patrimonio de la Humanidad, pues hombre, quizá pueda ser un poquito pretencioso, pero desde luego no vamos a ser nosotros los que dejemos de intentarlo. Por eso vamos a apoyar esto de aquí. Decir que - ya no recuerdo lo que votó el PP, pero estaba Rosendo de testigo- nosotros llevamos una moción en el Concello de Orense en la que se pedía aquella animalada que se quería hacer los de Iberdrola, querían coger el agua del Cañón del Sil, llevarla arriba hacer allí un lago y luego soltarla por la noche, una auténtica bestialidad. Nosotros hicimos una moción en el Concello de Ourense para que eso no se hiciera. Creo que el Partido Popular votó a favor, no estoy seguro. Aquello eran realmente animaladas. Si se consiguiera esto de Patrimonio de la Humanidad, eso ya no tendría ningún sentido; a lo mejor si no lo conseguimos viene una empresa especuladora de estas y lo llegaría a hacer. Nada más en la primera intervención.

D.^a Ana María Villarino Pardo, do Grupo do Partido Popular, moitas grazas señor presidente e bos día a todos. Anuncio que o sentido do voto do noso grupo vai a ser a favor desta moción; porque non atoparán entre os membros desta bancada un voto en contra a unha declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade, cando este foi un asunto impulsado por esta Deputación Provincial e no que o noso presidente estivo e está a traballar. Dende o grupo provincial do Partido Popular somos plenamente conscientes dos importantes beneficios que levaría esta Declaración; non só na conservación dos valores xeográficos e históricos, senón tamén para aumentar a calidade de vida dos veciños dos concellos rurais da provincia de Ourense e Lugo. Non debería ser necesario recordalo, pero por si algún de vostedes non o coñece, a reactivación desta candidatura foi a proposta desta Deputación Provincial, cando o noso presidente, unha vez escoitados os respectivos alcaldes afectados, fixo unha declaración e a raíz deste impulso convidouse naquel momento ao presidente da Deputación Provincial de Lugo, o señor Besteiro, para que aprobasen un texto idéntico ao que se aprobou nesta casa. Constituíuse una comisión de seguimento que foi asinada no mosteiro ourensán de San Pedro de Rocas e, a través do Valedor do Pobo, encargouse o correspondente estudo. A realidade é que, neste momento, o expediente está na Consellería de Cultura e antes de remitilo a Madrid, ten que ser declarado Ben de Interese Cultural. Polo que respecta ás

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

propostas de acordo da moción presentada polo PSOE, quero facer as seguintes matizacións. Con respecto ao primeiro punto, de *esixirlle a Xunta de Galicia o inmediato remate dos trámites pendentes para a declaración da Ribeira Sacra como BIC*, dicir que por esta razón o noso presidente provincial incluíu nos temas a tratar na recente entrevista que tivo co presidente da Xunta de Galicia este asunto: a candidatura da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade. Froito disto, o próximo luns día 3 de abril o conselleiro de cultura vai vir a Ourense e, entre outros temas a tratar co noso presidente, un deles será este: o impulso da candidatura da Ribeira Sacra. En calquera caso, a Xunta está comprometida coa Ribeira Sacra tanto na adaptación do expediente técnico para que teña o formato administrativo esixido, como a promoción turística desta zona. Con respecto ao punto número dous, *instar ao Goberno de España para a axilización dos trámites da súa competencia*, entendo que queren dicir instar cando proceda, porque de momento non procede; pois como xa dixemos, primeiro ten que ser declarado Ben de Interese Cultural. Con respecto ao punto número tres, *reclamarlle ao Valedor do Pobo un informe sobre os atrasos que está a sufrir o documento que se usará como base para a candidatura da Ribeira Sacra*, xa dixeron aquí, e enténdese, que esta institución coordinou os equipos que realizaron os informes técnicos ata que, en xullo de 2015, o documento foi entregado á Xunta de Galicia. Polo tanto o Valedor, neste caso a Valedora do Pobo, fixo o seu traballo. Para rematar quería facer unhas breves consideracións. Unha delas é que no programa electoral do Partido Popular ás eleccións da Xunta de Galicia ía de xeito explícito a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade. Non teño coñecemento que ningún dos outros grupos políticos que se presentaron a estas eleccións levaran un asunto parecido. Por outra banda, a Deputación Provincial de Ourense estivo impulsando e estase traballando para conseguir que a Ribeira Sacra primeiro sexa declarada BIC e despois Patrimonio da Humanidade. Dicirlle ao señor Rodríguez Suárez, recordarlle máis ben, que o BNG nada fixo ao respecto cando nos anos 2005 - 2009 estivo co-gobernando a Xunta de Galicia e tiñan vostedes responsabilidades nas áreas de cultura e medio rural. Dicirlle ao señor Fraga Civeira que, primeiro, o presidente da Deputación de Lugo en ningún momento no ano 2016 fixo ningunha invitación ao presidente provincial para ningunha reunión, fíxose un convite ao xerente do INORDE e esta reunión non se chegou a realizar porque non acudiu ningunha das partes implicadas, nin Xunta, nin concellos, nin Consorcio. Dicirlle tamén, que efectivamente estes días o señor presidente recibiu unha misiva do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

presidente da Deputación Provincial de Lugo, que evidentemente lle vai a contestar e despois farase público porque o inverso non sería de recibo. Dicirlles tamén que falen cos seus homólogos da provincia de Lugo, que neste momento están gobernando alí, que non fagan partidismo deste tema, que sexan serios, porque non é de recibo que, ás portas da Semana Santa, os catamaráns dependentes da Deputación Provincial de Lugo non estean en funcionamento, e iso realmente é ben triste. A pesar das consideracións reflectidas, como dixen ao principio, o voto do Grupo Popular vai ser a favor da moción presentada. Nada máis e moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas de novo señor presidente. Agradecerlle aos tres grupos políticos o sentido do voto manifestado a favor desta moción, e alegrarme polo comentado pola voceira do Partido Popular no sentido de que se lle vai dar outro impulso. Nós o que non queremos con esta moción é que pasados tres anos se volva a caer outra vez no mesmo, e en vez de dezaioito, dentro duns anos volvamos estar coa mesma historia. Entón, recoñecendo o impulso dado hai tres anos polo Presidente desta Deputación, a nós parécenos que o expediente está paralizado e hai que movelo. Con respecto ao da carta do presidente da Deputación de Lugo, iso terán que aclaralo entre vostedes. Eu teño copia da carta. *Creo que é imprescindible, di o presidente da Deputación de Lugo, poñer en común e estudar o traballo que xuntos levamos a cabo ata o momento para poder proseguir coa candidatura da Ribeira Sacra; pois manteño o comentado en xullo de 2016 cando vos propuxen a celebración dunha reunión que finalmente non se produciu.* Que non sexa por reunións, o que nos importa é chegar a ese recoñecemento final. Temos visto aquí como en plenos anteriores, vostedes o grupo de goberno, nos teñen traído propostas de varios museos. Eu pídolles que mentres non se recoñeza isto, non nos traian máis porque temos aquí museos por onde queiramos, na Ribeira Sacra; museos da natureza, museos da paisaxe, da auga, dun estilo de vida, da arquitectura relixiosa e civil; é dicir, a Ribeira Sacra é un museo en si mesma. Ata podemos falar tamén do museo da emigración porque foi algo que lle afectou moito a esta zona. Precisamos máis museos? Creo que non. O que precisamos é recoñecer o que temos, engadirlle valor, soprarlle vida, esperanza e futuro. Precisamos darlle o recoñecemento que se merece, difundilo, preservalo, atraer á xente de fóra que veña a empaparse do que somos e que o vaia espallando polo mundo adiante. Nós o que queremos con isto é que nos poñamos mans á obra, que esixamos a quen hai que esixir, que petemos nas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

portas dos que teñen que tomar decisións e que se comprometan con esta parte da provincia que tan ben nos define e que tanto nos necesita. Moitas grazas.

D.^a Ana María Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Unha breve puntualización ao señor Fraga Civeira. Como xa dixen, reactivación coa entrevista que mantivo o presidente da Deputación co presidente da Xunta de Galicia; luns 3 de abril visita do conselleiro de cultura a Ourense, na que entre temas falará co noso presidente do tema da reactivación da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade, e non quero entrar en conflito pero no ano 2016, teño aquí a copia da carta, a Deputación Provincial de Lugo dirixiuse ao señor xerente do INORDE, non ao presidente da Deputación Provincial que, como tamén dixen, si o fixo nestes días e o noso presidente, como non pode ser doutro xeito, así lle responderá. Nada máis e moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, para agradecer de novo. Non se vai perder o tema por cartas e nós a todas as baterías de reunións, que anuncia vostede, faremoslle un seguimento. E dígolle que si dentro dun ano non avanzamos nada, volveremos aquí outra vez con esta mesma moción. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcrictas anteriormente recóllese no punto décimo terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Esixirlle a Xunta de Galicia o inmediato remate dos trámites pendentes para a declaración da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural e o inicio das xestións ante o Ministerio de Cultura para a declaración como Patrimonio da Humanidade.

2º.- Instar ao Goberno de España para a axilización dos trámites da súa competencia.

3º.- Reclamarlle ao Valedor do Pobo un informe sobre os atrasos que está a sufrir o documento que se usará como base para a candidatura da Ribeira Sacra.

14º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA RPT 2017.-

O Sr. secretario dá lectura a ditame favorable da sesión extraordinaria da comisión

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Moi brevemente, simplemente dicir que nos imos manter o noso voto en contra como xa o fixemos no pleno da aprobación inicial e polos mesmos motivos que xa especificamos no seu momento. Acrecentar que estamos en contra do mecanismo de entrar a valorar a casuística individual, e entendemos que o normal é que todas estas cuestións se abordaran na propia RPT, cousa que non se fixo. Nada máis. Moitas grazas.

D. Jorge Pumar Tesouro, portavoz do Grupo Popular: bos días a todos. En primeiro lugar estamos ante un expediente meramente administrativo, estamos ante a aprobación definitiva dunhas alegacións. Presentáronse 95 alegacións as cales foron tratadas individualizadamente en diferentes mesas xerais de negociación que tivemos nesta institución, os pasados días 6, 17 e 22 de febreiro. Do resultado desa negociación, por parte das seccións sindicais e por parte da patronal, estimáronse o 60% das alegacións presentadas. Tras finalizar ese proceso de negociación, durante todo o mes de febreiro, ditaminouse favorablemente na Comisión de Transparencia do pasado 27 de marzo. Traemos hoxe ao Pleno a aprobación definitiva e esperemos que os grupos apoiem este expediente. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Resolver as alegacións formuladas contra a aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017 no sentido seguinte:

a) Desestimar integramente as reclamacións n.º 1, 4, 5, 6, 7, 9, 11, 12, 20, 22, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 38, 39, 43, 46, 51, 52, 60, 61, 62, 65, 78, 79, 82, 83, 85, 93, 94.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

b) Estimar parcialmente as reclamacións n.º 3, 10, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 21, 23, 35, 36, 37, 40, 41, 42, 44, 45, 47, 48, 49, 50, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 63, 64, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 80, 84, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 95.

Con respecto á reclamación n.º 14, os efectos da súa estimación esténdese aos postos de xefe de negociado dos subgrupos A1 e A2 e aos celadores do Servizo de Vías e Obras.

A reclamación n.º 3 estímase unicamente no relativo ao incremento dun grao do factor de penosidade, derivado do tipo de servizo de atención ao público prestado no punto de información catastral.

A reclamación n.º 36 estímase incrementando o nivel de responsabilidade ata o grao 3 e a dedicación ata o grao 3.

Nas reclamacións números 53, 56, 59, 66, 67, 68, 69, 71 e 72 estímense parcialmente, asignándolles o grao 1 no factor de dedicación e o grao 1 no factor de autonomía e iniciativa, desestimándose en todo o demais.

c) Estimar integramente as reclamacións n.º 2, 8, 81.

A resolución das reclamacións fundaméntase nos motivos e se concretan nos termos que constan na proposta da Presidencia do 8 de febreiro de 2017 (agás no especificado no apartado b) anterior) , uníndose o extracto correspondente desta proposta á notificación aos interesados, para os efectos da motivación da resolución.

2º) Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017, conforme co documento aprobado inicialmente no Pleno de 30 de setembro de 2016, coas modificacións recollidas no apartado anterior, ordenando a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial, e a súa remisión á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

15º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

15ª.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A SANIDADE PÚBLICA DA COMARCA DE VERÍN.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que xustifique a urxencia da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: nós tiñamos rexistrada

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

unha moción de urxencia, do día 24 de marzo de 2017, ao respecto dunha moción que nos traslada a Plataforma en defensa da sanidade pública da comarca de Verín - un manifesto é máis ben - onde hai unha exposición de motivos, unhas esixencias, unhas peticións por parte de Plataforma. Nós xustificamos a urxencia en que o pasado 18 de marzo houbo unha grande manifestación que percorreu as principais rúas de Verín baixo o lema *Cento por cento sanidade pública digna e de calidade*. Esa mobilización foi convocada pola Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Comarca de Verín onde xorde a inquedanza dun bo número de persoas e entidades preocupadas pola situación na que se atopa a sanidade nesa área sanitaria. Entendemos que dende o goberno provincial non nos podemos poñer de perfil e é unha cuestión que debe ser abordada polo Pleno desta deputación ao tratarse dunhas demandas que entendemos xustas e que afectan a un importante número de poboación da provincia. Por estas razóns e dado que esta iniciativa, que se nos achega dende a Plataforma, ten lugar días despois da mobilización - xa estando convocadas as Comisións informativas - é polo que pedimos que se inclúa na orde do día deste Pleno, neste caso, polo trámite de urxencia para poder ser debatida. Nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular: grazas outra vez presidente. Din que todo o que se esaxera tende á súa desaparición. Eu non lle vexo urxencia por ningún lado, o que pasou foi un deixamento por parte dos proponentes. Mire, a manifestación foi o 18 de marzo, e ese mesmo 18 de marzo a Plataforma asina - asina daquela maneira porque vén sen asinar - pero vén a data, o mesmo día da manifestación. Comisións informativas, señor Rodríguez Suárez, o 22 e o 23; vostedes deberon quedarse durmidos ou alguén se quedou durmido. A manifestación foi o 18, Comisións informativas o 22 e o 23; e vostedes rexistran o papel asinado do 18 da Plataforma o día 24. Colleunos o *carrito* dos xeados. E agora veñen con urxencia. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo quinto A da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 15.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a urxencia da moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), Democracia Ourensana (1) e do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

Grupo Socialista (8), e o voto en contra do Grupo Popular (14). En consecuencia, non se procede ao debate e votación da moción.

15ºB.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA O MANTEMENTO ACTUAL DOS REXISTROS CIVÍS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que defenda a urxencia da moción.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas. Hai unha moción que nós presentamos tamén fóra do prazo para ditaminar, pero non á vamos a someter á urxencia, ímola deixar para o mes que vén porque estase nun proceso de negociación cos sindicatos e probablemente esta moción, segundo do que se derive, do que teñamos coñecemento, igual a temos que mudar ou ampliar. Refírese, como ben saben, a que remata o tempo da *vacatio legis* contemplado con respecto aos Rexistros Civís e a moción ía no sentido de que se mantivesen como estaban hoxe en día. Esperaremos para o próximo Pleno a ver que vai dando de si esa negociación e ao coñecemento que vaiamos tendo.

16º.- DACIÓN DE CONTA DAS RELACIÓNS DE DECRETOS DE PRESIDENCIA:

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de febreiro de 2017 e dos seguintes adicionais: 3º de novembro, 2º de decembro de 2016 e 1º de xaneiro de 2017.
- Deputado delegado de Facenda: mes de febreiro de 2017 e dos seguintes adicionais: 4º de setembro e 2º de decembro de 2016 e 1º de xaneiro de 2017.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de febreiro de 2017.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de febreiro de 2017.

Os membros da Corporación quedan informados.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

17º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Sr. Presidente: existe un documento presentado polo BNG, con número de rexistro de entrada 9.456, que debe tratarse en primeiro lugar porque o presenta para resposta oran en Pleno a seguinte pregunta en relación cos traballos de mellora do trazado Viduedo - Mandrás. Pregunta o BNG cales son as razóns polas cales, a diferenza doutros procesos xa aprobados en Xunta de Goberno, esta expropiación está parada. Segundo a información que me elevan os servizos técnicos, as expropiacións están en fase de información pública. Recibíronse tres alegacións con datas 23 de febreiro, 10 de marzo e 16 de marzo, e os servizos técnicos están a elaborar respostas a estas alegacións. O procedemento iniciado non está parado, está pois en fase de resposta das alegacións. A segunda pregunta é se vai continuar a Deputación co proceso expropiatorio nas condicións fixadas no proxecto que obra en poder dos servizos técnicos desta Deputación, ou vai quedar este sen efecto? A resposta que me elevan é que primeiro hai que resolver as alegacións. A terceira pregunta é: ¿ten pensado revisar a Deputación o proxecto de mellora da estrada e acometer, como piden os veciños, que se faga unha mellora integral da estrada? Terá que resolver esta Administración con base na resolución das alegacións o que facer: manter o previsto, actuar en toda a estrada ou facer máis reparacións puntuais. A maiores dinme que se dará traslado, como debe ser, á Xunta de Galicia, por se existise algún condicionante por razóns patrimoniais.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Á parte da pregunta que acaba de responder teño un par de cuestións máis. En primeiro lugar aclararlle ao Sr. Vicepresidente, que, aínda que se presentase a moción o día 18, como el di, as datas que el explica impedían que fose incluída, porque xa estaban as comisións informativas convocadas. En todo caso nós presentamos a moción en canto se nos fixo chegar por parte da Plataforma, co cal de deixamento absolutamente nada. Indo ás preguntas que ía formular, unha é en relación co parque infantil da Almuzara, onde Carreteras non autoriza o parque infantil, ten que ser autorización expresa, non cabe silencio administrativo, os contedores alí están a menos distancia da que especifica Carreteras, e a Lei de estradas fala de que os cubrecontedores, como as paradas de autobuses, se situarán a máis de tres metros da aresta exterior de explanación da Nacional - 541 e calquera outro tipo de obras que se precise realizar dentro da zona de afección da estrada, aínda que sexan complementarias da solicitada,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

como pasos de cunetas, cercas, accesos, desaugadoiros, saneamentos, conducións, etcétera, non figuradas explicitamente neste condicionado, requirirán autorización a parte, sen que esta autorización implique en ningún caso concesión de acceso nin da modificación do uso existente. Eu teño aquí unha foto que lles ensino (*amosa a fotografía*) de como está actualmente a situación do parque infantil, a escasos metros dunha estrada pola que hai circulación de tráfico pesado. Eu creo que é bastante notorio e evidente a situación, e nós o que preguntamos neste caso é: ¿qué medidas se pensan tomar ao respecto desde esta casa?

Sr. presidente: pedirei o informe correspondente e llo farei chegar por escrito.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas. Teño outra última cuestión. Con data 26 de marzo de 2016 publicouse no BOP de Ourense o decreto asinado polo presidente da Deputación de Ourense polo que se autorizaba a declaración como tramo urbano do tramo inicial da estrada provincial OU-0414 no núcleo rural da Almuzara. Na citada publicación dise que tal declaración foi solicitada polo Concello de Boborás. En relación a este tema preguntamos: ¿cando tivo entrada no Rexistro da Deputación de Ourense a solicitude do Concello de Boborás? ¿Cal é a xustificación ou as razóns de interese público que alegou o Concello para solicitar este cambio, que se tiveron en consideración para acordalo? ¿É coñecedor o Sr. Presidente de que o tramo a que se refire o decreto correspóndese coa zona onde está localizada a parcela propiedade do alcalde de Boborás no núcleo rural da Almuzara, cuxa delimitación urbanística no PXOM foi anulada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e ratificada por sentenza do Tribunal Supremo, que por sorprendente coincidencia foi notificada ao concello o mesmo día 26 de marzo de 2016, e que como consecuencia da dita anulación a parcela do alcalde de Boborás está agora localizada en solo rústico? Á vista da citada sentenza e cambio no planeamento urbanístico da Almuzara ¿vaise revogar ou anular ou decreto publicado? Igualmente ¿é coñecedor o Sr. Presidente de que un veciño da Almuzara presentou recurso contra o decreto en data 26 de abril de 2016, poñendo en coñecemento da Deputación todas estas circunstancias expostas e solicitando a anulación do decreto? ¿Cal é o motivo para que a administración máis transparente do mundo, transcorrido un ano non contestase aínda a este cidadán?

Sr. Presidente: pedirei un informe sobre todas estas cuestións e llo trasladarei por escrito. ¿Algunha outra cuestión?

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista: Boas tardes. Cada vez que saio da provincia teño que andar explicando sempre que son o alcalde de Petín, e que A Rúa e Petín son dous concellos. Ata agora non me pasaba isto en Ourense, pero hoxe teño aquí: relación de inmobles de titularidade da Excma. Deputación de Ourense, punto limpo da Rúa, Concello da Rúa de Petín; n.º 67, Centros de recollida de animais abandonados de Valdeorras Concello da Rúa de Petín. O da Rúa de Petín a min dáme titularidade, pero igual os da Rúa se enfadan. Digo isto para que corrixan este informe que me pasaron, non sei quen o pediu, do inventario. A outra é onte, o PP da provincia de Ourense puxo un twit que di: *adjudicada la redacción del proyecto tramo* eu persoalmente *retuitei* e felicitando que a A-76 parece que por fin empeza, iso. Pero non vou falar da A-76, porque a A-76 igual eu non a vexo, vou falar da 120. Na 120, o último que nos acaban de facer é que en dirección Ourense, desde o alto da Guítara ata o límite do Concello de Ourense (son 22 quilómetros) quitaron todos os lugares de adiantamento, e que collemos un camiión e xa non é que leve unha hora, pode levar ata dúas. Eu sei que non é cuestión súa, Sr. presidente, pero dígalle a Fomento a ver se hai algunha posibilidade nalgún *tramiño* de facer algo para poder adiantar, senón imos como tolos detrás dun camiión. Está mañá levoume case hora e corenta e cinco minutos, collín un camiión arriba, na Guítara, e ata onde pon Concello de Ourense non hai ningún sitio de adiantar, entón, presidente, a ver se pode facer algo. Grazas.

Sr. Presidente: tomo nota dos seus rogos. Algunha cuestión máis?

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: bos días a todos. Vou facer unha pregunta, Sr. Presidente, e con iso remato, tampouco hai que falar moito máis, creo que hoxe xa foi dabondo. Mire unha cousa, isto é unha Deputación, se vostede quere gravar ou quere incluso dirixir a segunda parte de *Bitelchus* (creo que os que coñecen de cine saben do que falo), pois a min non me importa que o faga, pero sempre e cando sexa cos seus cartos, non cos cartos de todos os cidadáns. Digo isto porque despois da xira que se marcou vostede, alardeando da súa transparencia real con cartos de todos, todos estes días e todas estas semanas, onde dicía que a transparencia desta casa é só equiparable co estado de Nova York, pois onte algúns que estamos nesta casa xa nos encargamos de desmontarlle a súa transparencia real, ou sexa que non era ningunha, porque na propia páxina da transparencia pois xa, como hoxe é público e notorio, xa se deu conta de todos aqueles erros que ten vostede, que son moitos e variados, por non dicir que se obviou poñer moitas cousas. Eu agradézolle

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

que entre un deses erros retiraran - porque minutos despois vostede contestou dicindo que iso que non era así, pero de alí a uns minutos ou de alí a pouco tempo empezaron a corrixir esas cousas - e agradézolle que corrixira, entre outras, que eu seguía tendo a dedicación exclusiva nesta casa, cando tamén é público e notorio que eu non a teño, polo tanto eu iso agradézollo. Vostede tomou nota de que non fai falta contratar unha empresa, ao mellor eu fágollo gratis ese seguimento, e así xa verá como mellora a páxina de transparencia e como mellora a súa transparencia. Iso si, eu non o vou acompañar de viaxe, porque eu se vou de viaxe vou cos cartos meus, non das institucións. Pero o que si lle pido e o que si lle pregunto é que o que si non corrixiu é algo que tamén se puxo de manifesto, e que como sei que non me vai contestar, pois xa lle emprazo o seguinte: a declaración de bens e propiedades que temos que facer todos os deputados, que por certo xa dixen para que fora unha cousa obxectiva que o Sr. Pumar si que a ten, pois espero que a semana que vén vostede a declare e a poña na páxina de transparencia, ou lle pido que o faga, ou lle pregunto cando o vai facer. Porque lle aseguro que eu a semana que vén eu presento a miña, porque a miña e practicamente a mesma que a declaración de Facenda, senón a mesma seguramente aínda inferior, pero a de vostede atrévase e publíquea xa a semana que vén. Eu desde logo pasareilles aos servizos de transparencia que correspondan ao Sr. Pumar para que a publique igual que a del. Vostede espero que faga o mesmo, porque se non de transparencia ten o que xa lle dixen, o de *Bitelchus*: nada, *fantasmadas*. Moitas grazas.

Sr. presidente: algunha outra pregunta máis?

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, Sr. presidente. Non é unha pregunta, é un rogo moi breve, moi sinxelo. Hai dous meses que aprobamos aquí por unanimidade unha moción referida ao amianto, pois ben, pasando por este segundo andar se miramos para arriba, para o teito da Deputación, vemos que está cuberto con uralita. Non sei se ten amianto ou non. Aproveitando que se están facendo obras na casa continuamente, que se teña en conta iso e que cando se poida, e se ten amianto, que se proceda a *desamiantar* este edificio. Moitas grazas.

Sr. presidente: grazas, tomamos nota dese rogo e actuaremos así en consecuencia. Algunha cuestión máis? Non hai. Levántase a sesión. Moitas grazas pola súa asistencia e participación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de marzo de 2017

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17](#)

E, ás 15.00 horas do día trinta e un de marzo do ano dous mil dezasete, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,